



Dende 1495 marcando o camiño a seguir

Memoria de responsabilidade social 2013

Universidade de Santiago de Compostela



Fotografía da portada: Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia da USC

Carta do Reitor	1
Carta do Presidente do Consello Social	3
Acerca desta memoria	5
1. INTEGRACIÓN ESTRATÉXICA DA RESPONSABILIDADE SOCIAL	9
2. BO GOBERNO E TRANSPARENCIA	19
2.1. Campus Terra	21
2.2. Estrutura de goberno e organizativa	21
<i>2.2.1. Biblioteca e Arquivo Histórico Universitario</i>	<i>25</i>
<i>2.2.2. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico</i>	<i>27</i>
<i>2.2.3. TIC e tecnoloxías para aprendizaxe</i>	<i>28</i>
<i>2.2.4. Servizo de Normalización Lingüística</i>	<i>30</i>
<i>2.2.5. Servizos de apoio á investigación</i>	<i>31</i>
2.3. Xestión de calidade	32
<i>2.3.1. Calidade dos servizos</i>	<i>32</i>
<i>2.3.2. Administración electrónica</i>	<i>33</i>
<i>2.3.3. Xestión da información</i>	<i>34</i>
<i>2.3.4. Xestión económica</i>	<i>34</i>
3. XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO	45
3.1. Perfil do persoal	47
3.2. Formación	52
3.3. Igualdade e conciliación	53
3.4. Selección e promoción, compensación e beneficios sociais	55
3.5. Seguridade e saúde	58
4. XESTIÓN SOCIAL DO COÑECEMENTO	65
4.1. Xestión social do coñecemento a través da docencia	65
<i>4.1.1. Perfil do noso estudiantado</i>	<i>66</i>
<i>4.1.2. Oferta académica</i>	<i>70</i>
<i>4.1.3. Calidade da docencia</i>	<i>73</i>

<i>4.1.4. Integración e igualdade de oportunidades</i>	80
<i>4.1.5. Inserción laboral</i>	84
4.2. Xestión social do coñecemento a través da investigación e transferencia	87
<i>4.2.1. Capacidade investigadora</i>	87
<i>4.2.2. Campus de Excelencia Internacional</i>	92
<i>4.2.3. Transferencia, valorización e emprendemento</i>	96
<i>4.2.4. Divulgación do coñecemento</i>	101
<i>4.2.5. Producción científica</i>	104
5. RELACIÓNS CON ORGANIZACIÓNS	113
5.1. Internacionalización	114
5.2. Relación cos nosos provedores	122
5.3. Programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”	124
6. EXTENSIÓN E VOLUNTARIADO	129
6.1. Voluntariado	129
6.2. Cultura	133
6.3. Deporte	136
7. ECOLOXÍA INTERNA	141
7.1. Xestión enerxética	141
7.2. Xestión da auga	143
7.3. Xestión de residuos	143
7.4. Mobilidade sostible	145
7.5. Xestión e avaliación ambiental	147
8. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	151
8.1. Xeración de coñecemento e educación ambiental e Divulgación, participación e sensibilización. USC en transición	151
8.2. Cooperación ao desenvolvemento	157
9. ANÁLISE DE RESULTADOS NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO	161
10. PERSPECTIVAS	180

Carta do Reitor



Nun contexto complexo para a educación superior, con desenvolvementos normativos que reduciron tanto o financiamento como a autonomía universitaria, o equipo de goberno que tiveron a honra de dirixir nestes anos traballou con empeño e ilusión para facer fronte ás limitacións, e poñer en valor a USC como institución que crea e transmite coñecemento e forma cidadáns responsables, impulsa a innovación social, difunde cultura e valores, favorece a mobilidade social, a equidade e a solidariedade e contribúe ao desenvolvemento económico e á internacionalización, ao tempo que apela ao bo goberno e á calidade da democracia na súa xestión.

A xestión da USC e, sobre todo, o compromiso e entrega do seu persoal, conseguiron mellorar no período 2010–2014 os nosos resultados académicos, de investigación e transferencia, e manter a nosa achega de valor social á cidadanía. Deste xeito, ao igual que o resto das universidades públicas, podemos presumir de ser un dos vectores de cohesión social máis importantes e de contribuír a mellorar a calidade de vida da sociedade.

Pese a redución do apoio estatal á investigación, na USC temos logrado manter o seu nivel grazas aos esforzos despregados para acadar outros ingresos, coa captación de máis de douscentos millóns de euros no período 2010–2013, destacando a obtención de 3 Starting Grants (2011), e unha Advanced Grant (2013) que supuxeron unha achega de máis de 6,5 millóns de euros, coma doutras fontes, sirvan de exemplo os dous proxectos do Fondo tecnolóxico da UE: Innopharma (10,2M euros), e Laserpet (5,2M euros) ou o proxecto CampUSCulturae da Axencia de Cultura da UE de 4,5M euros. No ámbito internacional se desenvolveu unha intensa actividade para establecer alianzas con universidades e centros de investigación estranxeiros e fomentar o liderado e participación activa da USC en redes de cooperación internacional no eido da I+D.

É tamén salientable o impulso imprimido á transferencia dos resultados de investigación, que nunca avanzou tanto nesta universidade como nestes últimos catro anos, materializándose na concesión de patentes (somos a cuarta universidade española con maior carteira de patentes), no incremento dos ingresos por licenzas (que en 2012 duplicaron á media dos anos anteriores), na creación de *spin-offs* (sete en 2012–2013) e a calificación de EBTs (15 en 2012–2013).

Ao mesmo tempo, no ámbito da docencia a USC adaptouse a Bolonia, configurando tras as revisións destes últimos anos unha competitiva oferta de graos e másteres oficiais. Así mesmo, déuselle a volta a todos os programas de doutoramento para ser máis eficaces, destacando neste sentido a creación da Escola de Doutoramento Internacional, á que se adscribiron todos os programas de doutoramento da nosa Universidade, e que se ten consolidado como centro único de xestión da súa crecente demanda, conseguindo incrementar o número estudantes nun 32% e o de teses lidas nun 46% respecto do curso 2008-09 (o primeiro con datos comparables).

No tocante ao persoal docente e investigador, nos dous primeiros anos de xestión o equipo de goberno foi quen de levar a cabo as medidas axeitadas para eliminar as bolsas de acreditados aos corpos de Titular e Catedrático de Universidade existentes na USC. No cómputo global do período 2010-2013 conseguiuase manter o cadro de PDI da USC, cun retroceso debido a imposibilidade de convocar prazas de funcionario pola limitación da taxa de reposición ao 10% recollida na Lei de Orzamentos estatal e 0% para o persoal laboral.

E todo isto conseguiuase coa herdanza dunha situación patrimonial moi delicada polo elevado endebedamento e nun marco extremadamente restritivo pola caída dos ingresos e o carácter estrutural de boa parte do gasto. Pese a todo isto a xestión da USC garantiu o funcionamento normal da institución sen necesidade de recorrer a nova débeda e mesmo mellorando, de xeito significativo, a relación de endebedamento desde o 2011.

Esta é, en definitiva, a esencia da USC. A de facerse forte ante as dificultades e non resignarse e permanecer pasiva ante os desafíos que se nos presentaron nestes anos. A de asumir o compromiso de traballar ao servizo da sociedade sen aceptar presións externas, dos mercados ou de calquera tipo de crenza ou ideoloxía. A de asumir a nosa responsabilidade moral e aplicar os valores éticos do mundo académico no desempeño da nosa actividade. E a de ser transparentes e render contas das nosas actuacións para someternos ao escrutinio da sociedade e construír, deste xeito, confianza e recoñecemento.

Con este obxectivo se presenta a memoria de responsabilidade social 2013 da USC, coa que espero que se transmita a imaxe fiel do noso desempeño neste exercicio e quede patente o esforzo realizado pola institución e cada un dos seus membros para facer unha Universidade eficiente, eficaz, dinámica e comprometida.

Juan José Casares Long

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Carta do Presidente do Consello Social



No ano 2013 o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela celebrou o 25 aniversario da súa creación, conmemorando unha longa traxectoria de colaboración coa institución non só avaliando o cumprimento dos seus fins e participando da toma de decisións senón tamén contribuíndo a transmitir á sociedade a realidade da USC.

Inmersos na actualidade en profundos cambios sociais e económicos, o Consello Social da USC debe reforzar, se cabe, a colaboración coa USC en cumprimento da súa misión, poñendo en valor as relacións da Institución coas entidades públicas e privadas da súa contorna para mellorar a calidade do servizo prestado e facilitar a obtención dos recursos precisos para acadar a súa suficiencia económica e financeira, tan comprometida nestes momentos.

Pero máis aló do debate sobre a necesidade dun maior apoio económico das administracións públicas, é imprescindible recoñecer que a universidade precisa do apoio, no seu máis amplo sentido, do conxunto da sociedade, apoio que, sobre todo, debe materializarse en recoñecemento e confianza, sobre os que construír relacións de colaboración e reciprocidade que faciliten a constante adaptación e axuste da actividade universitaria ás demandas sociais.

A publicación desta oitava memoria de responsabilidade social da USC non é soamente un exercicio de rendición de contas á sociedade, senón tamén un intento por fortalecer os lazos que unen á Universidade coa sociedade. A través deste documento, a USC sométese ao escrutinio da comunidade universitaria e a sociedade, dando conta dos seus logros, e tamén das súas limitacións, e axudando a coñecer e comprender mellor o funcionamento da institución e os valores sobre os cales se sustenta.

Desde o Consello Social que presido, animamos á USC a dar continuidade a este esforzo de rendición de contas e reafirmámonos no noso compromiso de seguir tendendo pontes entre a sociedade e a universidade para facer xuntos fronte aos desafíos do futuro.

José María Arias Mosquera

Presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Acerca desta memoria

O ano 2013 trouxo importantes novidades no eido da rendición de contas en materia de responsabilidade social, coa publicación en maio da versión G4 da Guía para a elaboración de memorias de sostibilidade da [Global Reporting Initiative \(GRI\)](#) e a publicación en decembro das directrices para a elaboración de informes integrados do [International Integrated Reporting Council \(IIRC\)](#). Estes documentos constitúen unha referencia para a USC no seu compromiso coa rendición de contas e a transparencia, aínda que a súa aplicación na elaboración desta memoria de responsabilidade social vese condicionada, entre outros factores, pola especificidade da actividade universitaria, aínda non abordada en ningún deles.

A presente Memoria de responsabilidade social 2013 da USC mantivo na súa elaboración as pautas empregadas na do ano anterior, adscribíndose á versión G3 das directrices do [GRI](#) (aínda vixentes ata o 2015) e co propósito de xerar un informe integrado que ofrezca unha visión completa da nosa actividade baixo o marco da nosa responsabilidade social.

A aplicación das pautas do marco G4 do [GRI](#), deberá ir acompañada no futuro próximo dunha reflexión profunda sobre qué asuntos son realmente relevantes para os nosos grupos de interese, o que requirirá establecer un diálogo aberto con eles e un proceso de colaboración tanto na planificación e implantación da estratexia de responsabilidade social da institución coma na elaboración da memoria. Menos importante resulta a proposta de novos indicadores que incorpora a versión G4, na medida en que a USC ten identificado un amplo abano de indicadores específicos para a actividade universitaria que reflicten a súa realidade nos ámbitos económico, ambiental e social tradicionalmente contemplados nos indicadores [GRI](#).

En canto á consideración das directrices do [IIRC](#), recordemos que xa na memoria 2010–2011 iniciouse un proceso de transformación cara un informe integrado, co obxectivo de explicar como a responsabilidade social se incardina na planificación e xestión estratéxica da institución e está presente en todos os ámbitos da nosa actividade. Na memoria 2012 demos un paso máis nesta dirección, procurando mellorar o seu valor informativo e acadar unha presentación máis eficiente da información, recuperando a periodicidade anual da memoria, resaltando os vínculos entre o comportamento socialmente responsable da USC e o [Plan estratéxico 2011–2020](#) e apoiando o seu contido na nova web [USC Responsable](#). Adaptamos ademais a estrutura da memoria á do noso modelo de responsabilidade social, que definimos neste mesmo ano.

A memoria 2013 mantén esta orientación e segue inspirada polo marco de información integrada do [IIRC](#), salvando as distancias derivadas do enfoque predominante deste cara os provedores de financiamento, pois a memoria de responsabilidade social da USC aspira a ser un documento valioso para todos os seus grupos de interese por igual.

A Memoria 2013 de Responsabilidade Social da USC recolle os principais acontecementos e resultados que definiron o exercicio 2013 e o curso académico 2012-13, procurando resaltar os seus vínculos co cumprimento do Plan estratéxico 2011-2020 da USC, a modo de informe de seguimento do Plan. O contido desta memoria apoiase nos contidos da web [USC Responsable](#) para clarificar os aspectos xerais do noso funcionamento e do noso modelo de responsabilidade social.

A estrutura da Memoria 2013 de Responsabilidade Social da USC divídese en 10 apartados: unha introdución que aclara cal é o noso [modelo de responsabilidade social](#) e ofrece unha visión xeral do exercicio 2013, sete apartados que describen os nosos esforzos e logros en cada un dos sete ámbitos do noso [modelo de responsabilidade social](#), un apartado específico de análise dos nosos resultados no marco do Plan estratéxico 2011-2020 e un apartado final sobre as nosas perspectivas cara o futuro.

O esforzo para mellorar a eficiencia e efectividade da nosa rendición de contas, por suposto, seguirá a rexer as nosas actuacións nos próximos anos, pero o seu impacto sempre será limitado se non contamos coa axuda de todos os membros da comunidade universitaria e mesmo do conxunto da sociedade. Invitámoslles a todos a participar neste proceso de mellora continua a través das seccións “Todos facemos unha USC Responsable” e “A túa opinión conta” da web [USC Responsable](#).



Integración estratéxica da
responsabilidade social

1 INTEGRACIÓN ESTRATÉGICA DA RESPONSABILIDADE SOCIAL

A integración estratéxica da responsabilidade social na USC seguiu a vir marcada no 2013 polo traballo da vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade, tendo en conta que o Plan estratéxico da USC 2011–2020 integra a responsabilidade social na estratexia global da institución, articulándoa como un eixe esencial que, ademais do seu peso específico, impregna e contaxia ao resto dos eixes contemplados nel.

Cabe destacar tamén que en 2013 se produciu a aprobación definitiva dos novos Estatutos da USC, que introducen novas garantías de conciliación, de igualdade de oportunidades e de xénero, de integración de persoas con discapacidade e de sustentabilidade.



Deste xeito, tanto o Plan estratéxico 2011–2020 coma os novos Estatutos da USC integran os principios da xestión socialmente responsable e consideran as expectativas de todos o nosos grupos de interese, permitíndonos avanzar nas dimensións interna, intermedia e externa do noso modelo de responsabilidade social,

nas que distinguimos sete ámbitos concretos de actuación: Bo goberno e transparencia; Xestión do capital humano; Xestión social do coñecemento; Relacións con organizacións; Extensión e voluntariado; Ecoloxía interna; e Desenvolvemento sostible.

No marco deste [modelo de responsabilidade social](#) e do noso [Plan estratéxico](#), o noso obxectivo primordial é o de crear valor para o conxunto da sociedade. Pero o valor que creamos coa nosa actividade está moi lonxe de poder ser medido en termos económico–financeiros ou verse reflectido nas nosas contas e os nosos orzamentos. Trátase en gran medida dun valor intanxible, difícil ou mesmo imposible de medir en termos cuantitativos.


Aínda así, nun esforzo por tratar de cuantificar o valor económico xerado pola nosa actividade, á marxe dos nosos resultados orzamentarios e patrimoniais, temos estimado nun indicador o noso impacto sobre a economía galega. Tendo en conta os impactos económicos directos e indirectos da nosa institución nas cidades en que están situados os seus campus, e que derivan do investimento realizado e do gasto en consumo dos membros da comunidade universitaria (persoal e estudantes) no resto de sectores da economía, o *output* medio xerado pola USC en 2013 situouse en torno ao 0,53% do *output* xerado pola economía galega, valor inferior ao dos anos pasados, acusando a redución da masa salarial imposta polas normativas estatal e autonómica. Esta porcentaxe podería verse incrementada engadíndolle o efecto multiplicador da demanda no resto dos sectores da economía.

Mais está claro que a información recollida nun único indicador dificilmente pode dar conta da dimensión e alcance da nosa actividade e dos diversos factores que a condicionan e afectan.

En 2013 a nosa xestión veu de novo marcada pola necesidade de acatar un contexto normativo moi limitador da nosa autonomía e financiamento, e competir nunha contorna moi esixente e globalizada. A xestión da institución houbo de orientarse por iso á reestruturación de procesos e servizos na procura dunha maior eficiencia e dunha maior contribución a unha docencia e investigación de calidade. Destacamos nesta liña os avances na administración electrónica, a reorganización dalgúns servizos (Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico, Servizo de Axuda e servizos ao alumnado, Unidades de apoio a xestión de centros e departamentos), a mellora das ferramentas de xestión da información (implantacións de DataWarehouse) e a mellora dos procedementos de contratación administrativa e o avance na implantación da contabilidade analítica.

A USC conta con dous campus universitarios situados en dúas cidades galegas, patrimonio da humanidade, Santiago de Compostela e Lugo, nos cales no curso 2012–13 estudaron un total de 30.159 alumnos/as en todos os tipos de ensinanza ofertada; puideron escoller entre 63 titulacións oficiais de primeiro e segundo ciclo, en proceso de extinción, 48 titulacións de grao, 78 másteres oficiais e 25 propios e 32 cursos de especialización, ao que se suman 3 titulacións propias, e o doutoramento e cuarto ciclo. Rexistrouse un descenso da matrícula en todas as titulacións a excepción dos

másteres oficiais, pese ao cal o número de estudantado matriculado sitúa a USC entre as maiores universidades públicas españolas.



Arredor do 63% do estudantado da USC son mulleres, o que nos converte nunha universidade cunha porcentaxe de presenza feminina nos distintos grupos da comunidade universitaria superior á do resto do Estado.

En 2013 a proxección exterior da USC recibiu un especial impulso, intensificando as accións de captación noutros países e acadando novos convenios con universidades estranxeiras. Dentro dos programas de mobilidade no curso 2012-13 preto de 900 estudantes da USC desenvolveron os seus estudos en universidades da UE,

Latinoamérica ou noutras universidades españolas, mentres que a USC recibiu case mil estudantes estranxeiros e máis dun cento de nacionais. No curso 2012-13 recibíuse a máis de 90 alumnos/as brasileiros/as e outros/as tantos/as chineses/as que acudiron á USC para cursar estudos na EPS e na Facultade de Ciencias no campus de Lugo ou na Facultade de Filoxía no de Santiago, e ao inicio do 2013-14 a 40 mexicanos no campus de Lugo. Ademais, obtivéronse dous novos proxectos ERASMUS Mundus-External Cooperation Window (EM-ECW) e un novo proxecto TEMPUS.

As labores docentes desenvolvéronse xa plenamente no contexto das novas titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), o que ten esixido un gran esforzo tanto ao profesorado coma ao alumnado. Os resultados académicos amosan unha tendencia de mellora tanto nas taxas de éxito e rendemento do alumnado coma na satisfacción coa docencia. Seguíuse a apostar pola calidade da docencia e dos servizos de apoio, coa renovación da certificación ISO 9001 dos servizos de xestión académica e a obtención desta certificación polo Servizo de Publicacións ao comezo do 2014, a revisión do Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) da USC e o desenvolvemento dunha aplicación informática de soporte para os sistemas de calidade ou a mellora da información *on-line* sobre as titulacións. E completouse o proceso de migración do Campus Virtual da USC á software libre, avanzando tamén noutras aplicacións e aproveitamentos das TIC na docencia.

Fíxose en 2013 un esforzo por manter os diversos programas de apoio académico e económico ao estudiantado (apoio titorial, melloras nos servizos de bibliotecas e TIC, 981 prazas subvencionadas no SUR por máis de 1,5 millóns de euros, 21 estudantes con necesidades especiais atendidos no SEPIU), e por promover a súa inserción laboral mediante a firma de novos convenios de prácticas con entidades e o desenvolvemento de accións de orientación laboral (1.421 entrevistas de orientación, prácticas a través do Consello Social, Feuga e outros convenios).

En canto ao noso capital humano, a finais do ano 2013 a USC contaba con 2.094 efectivos de persoal docente e investigador (PDI), mentres que os efectivos de persoal de administración e servizos (PAS) eran 1.235 persoas, e a presenza de mulleres no conxunto do persoal situouse no 46,3%. Os procesos de estabilización e promoción e as condicións retributivas do persoal víronse gravemente afectados pola nova normativa estatal e autonómica, ante a que a USC tentou explotar todas as vías de negociación oportunas. Pese as restricións orzamentarias, a USC seguiu a promover entre o seu persoal a igualdade de oportunidades e a procurar ofrecer as mellores condicións de traballo, mellorando a súa formación (54 cursos para o PAS e 84 para o PDI desenvolvéronse en 2012-13 nos seus respectivos programas de formación), garantindo a súa seguridade e saúde no traballo (a través do Servizo de Prevención de Riscos, o Servizo de Vixilancia da Saúde e o mantemento do sistema OHSAS 18001 en diversos centros) e coa achega de diversos beneficios sociais (88 prazas na Escola Infantil Breogán, e 43.938 euros para as axudas á escolarización de nenas e nenos menores de 3 anos en Lugo).

No que respecta á investigación, os recursos externos captados para I+D están a verse reducidos como consecuencia dos recortes nos orzamentos públicos destinados a investigación e da crise económica, a pesar do cal, a USC continua a estar situada entre as 500 universidades do mundo con maior capacidade de xeración de coñecemento, tal e como poñen de manifesto diversos *rankings* internacionais (Leiden Ranking, URAP, HEEACT, entre outros).

En 2013, e como consecuencia dos recortes e das maiores esixencias do EEES, reduciuse a porcentaxe de PDI implicado en actividades de I+D e o número de PDI doutor, pero segue a melloría no recoñecemento de sexenios de catedráticos/as, titulares e contratados/as doutores/as. Léronse 293 teses doutorais, pero reduciuse o persoal contratado con cargo a actividades de I+D e programas de recursos humanos de I+D pola cancelación de moitas convocatorias internacionais, estatais e autonómicas. A pesar de todo, acadáronse case 23 millóns de euros en convocatorias competitivas e o persoal investigador da USC obtivo pola vía de contratos, ditames, servizos ou informes algo máis de 12 millóns de euros (un 31% máis que en 2012).

O Campus de Excelencia Internacional de referencia global [Campus Vida](#) seguiu a desenvolver o seu plan estratéxico, progresando na consolidación da [Escola de Doutoramento Internacional](#), a integración e pleno funcionamento do [CITIUS](#) e o avance na construción do [CEBEGA](#) que quedou case rematada a finais de 2013. A estrutura de investigación da USC reforzouse tamén en 2013 coa creación de tres novos centros: o Centro propio de carácter mixto de estudos de seguridade (CESEG), o Centro Interdisciplinar de Biostatística (ICBUSC) e o Centro integral de análise e resolución de conflitos da USC (CIARCUS).

Baixo o marco de [Campus Vida](#) en 2013 obtívose un contrato Advanced Grant, conseguíronse 26 proxectos a desenvolver con empresas de Galicia dentro do Programa Innterconecta, puxéronse en marcha tamén as plataformas de I+D [InnoPharma](#) e Laser-PET, consolidouse a colaboración coa agrupación KICGallaecia e o proxecto de cooperación transnacional [TRANSBIO SUDOE](#) e canalizouse a participación da USC na creación do [Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial \(ITMATI\)](#).

No ámbito da transferencia e valorización do coñecemento, celebrouse a segunda convocatoria do [Acelerador de Transferencia](#), na que se decidiu dar apoio a 4 proxectos. Obtivéronse ademais os primeiros resultados do programa, destacando as 2 licencias de tecnoloxías derivadas dos proxectos financiados e as 3 novas *spin-off* en proceso de constitución. Destaca tamén a obtención de financiamento para dous proxectos no “Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia”. Ademais, asináronse 3 novos acordos de explotación comercial de patentes, licenciouse un software de aplicación no sector médico, e negociáronse acordos de transferencia de coñecemento con dúas novas *spin-off*.

En canto á xestión dos resultados, avanzouse na racionalización do proceso de presentación de solicitudes de patentes, coa solicitude de 19 na OPEM e 12 internacionais, e a obtención de 26 na OPEM e 5 internacionais. A USC é a cuarta

universidade española con maior carteira de patentes e a quinta segundo o número de solicitudes prioritarias, e ocupa a segunda praza do ranking de universidades con máis solicitudes de patentes internacionais. Obtivéronse ademais 3 novas licenzas que supoñen 94 mil euros de ingresos.

No eido do emprendemento púxose en marcha o programa “ARGOS” para a creación de equipos de emprendedores integrados por alumnado de últimos anos, posgrao ou titulados recentes capaces de desenvolver un proxecto de negocio innovador, e seguiuase a prestar especial atención ao fomento do emprendemento feminino a través do programa [Woman Emprende](#).

Pero a universidade actual non só debe lexitimarse na sociedade moderna en termos de calidade do servizo prestado e os resultados académicos e de investigación alcanzados, senón que ademais ten que manter a confianza de quen se relaciona con ela e reclama novos posicionamentos económicos, sociais e medioambientais. A universidade, como elemento fundamental do desenvolvemento económico e social, debe orientar a súa actividade baixo criterios de sostibilidade social, medioambiental e económica, e como entidade que forma parte dun sistema de relacións humanas, debe incorporar a responsabilidade social tanto na xestión das relacións coa sociedade como na xestión das relacións coa comunidade universitaria.

A USC fomenta os valores de cidadanía como a solidariedade, a convivencia, a tolerancia e o respecto á diversidade, coa finalidade de contribuír á construción dunha sociedade máis xusta, unha cultura de paz e unha ética baseada na cooperación e na corresponsabilidade. Así, entende as actividades de voluntariado (92 no curso 2012–13, que implicaron a 338 voluntarios/as) como parte fundamental da formación das persoas, xa que permiten á comunidade universitaria integrarse na realidade social mediante a súa colaboración nos diferentes programas propostos polas entidades de acción social. Por outra banda, a USC ofrece á sociedade a posibilidade de coñecer o seu rico patrimonio histórico e natural, traballando a prol da súa preservación e da difusión da cultura e do coñecemento, e promove todo o tipo de actividades culturais (173 iniciativas en 2013) e deportivas, dirixidas a toda a sociedade.

E é tamén importante destacar o compromiso da USC co desenvolvemento sostible. A través do seu [Plan de desenvolvemento sostible](#), coordinado dende a [Oficina de Desenvolvemento Sostible](#), e o programa [USC en Transición](#), realízanse múltiples actividades de investigación, formación, sensibilización e divulgación ambiental, e xestiónase o impacto ambiental da USC (que mostra no ano 2013 unha redución do 26,6% no consumo de gasóleo e do 12,6% no consumo de gas natural, do 5,2% no volume de residuos non perigosos xerados, ou dun 7,8% nas emisións de CO₂ asociadas ao consumo enerxético).

No marco do programa [USC en Transición](#) realizáronse catro actividades de formación e leváronse a cabo accións de sensibilización e participación relacionadas coa xestión de residuos, mobilidade, hortos comunitarios (a finais de 2012 púxose en marcha o Proxecto de hortos urbanos na USC, con 5 hortos comunitarios e 15 hortos urbanos non comunitarios ao remate de 2013), alimentación saudable ou recuperación de

saberes tradicionais, nas cales participaron un alto número de persoas do estudiantado, PDI e PAS, coa colaboración de 27 bolseiros/as SPIU e 9 bolseiros/as USC en Transición.

Deste xeito, debuxamos unha realidade da USC moito máis rica e completa que a limitada a avaliar as súas contas económicas e os resultados da súa actividade docente e investigadora. Sendo estes excelentes, o que de verdade nos achega á excelencia é o ser capaces de devolver á sociedade máis do que recibimos dela, obxectivo no cal temos posto todo o noso empeño.

Nos seguintes apartados desta memoria describiremos con maior detalle o noso avance no cumprimento dos nosos obxectivos estratéxicos a través do noso modelo de responsabilidade social durante o exercicio 2013 e o curso académico 2012-13.



Bo governo e transparencia

2 BO GOBERNO E TRANSPARENCIA

O ámbito do bo goberno e transparencia do noso modelo de responsabilidade social seguiu marcado en 2013 polas tensións que os novos desenvolvementos normativos relacionados coa educación superior provocaron sobre a suficiencia financeira e autonomía da institución, que fixeron de novo que os asuntos prioritarios da xestión xirasen en torno ao persoal e ao financiamento.

Ás normas que xa no 2012 obrigaron ás universidades a realizar importantes axustes no seu funcionamento (*Lei de orzamentos do Estado, Real Decreto–Lei 14/2012 e Real Decreto Lei 20/2012*), sumouse en 2013 a *Lei de orzamentos da Xunta de Galicia*, que contempla un novo recorte, rexeitado publicamente polos tres reitores galegos, do 5% sobre a masa salarial, e o traslado de parte dos recursos do financiamento estrutural ao financiamento por resultados. No mes de abril o reitor da USC desenvolveu unha rolda de charlas nas facultades convocando aos/ás traballadores/as para explicar persoalmente os seus efectos.

Estes desenvolvementos normativos teñen creado un contexto legal extremadamente ríxido para o normal desenvolvemento da actividade universitaria e situado o financiamento achegado ás universidades nun nivel insostiblemente baixo. No caso da USC, esta situación agrávase porque a capacidade financeira da nosa universidade atópase lastrada ata 2020 polos compromisos da débeda, polo que a xestión da institución orientouse nos últimos anos cara a mellora dos resultados académicos e de investigación e transferencia procurando non aventurarse en empresas que, por ambiciosas, puideran supor un quebranto económico para a USC.

Tamén no 2013 aprobáronse dúas novas normas no ámbito autonómico e estatal de grande relevancia para a actividade universitaria e non exentas de polémica: a *Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia* e a *Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)*.

En relación á primeira, que aposta pola especialización dos sete campus da comunidade, a internacionalización, o fomento da investigación e a racionalización da oferta docente para evitar duplicidades, durante o 2013 a principal preocupación seguiu a xirar en torno ao número mínimo de estudantes que condicionará a viabilidade das titulacións a partir do curso 2015–16, tal e como esixe o *decreto de titulacións* (*Decreto 222/2011*) aprobado pola Xunta a finais de 2011. No curso 2012–13 nove titulacións da USC non alcanzaron ese número mínimo, sete no Campus de Lugo. O equipo de goberno traballou para definir mecanismos apropiados para facer fronte a esta realidade, tanto en termos de realizar cambios nos plans de estudos coma en termos de mellorar a atracción de alumnado. En todo caso, a USC defendeu a súa negativa á retirada de titulacións singulares no Sistema Universitario Galego como o grao en Filoloxía Clásica e o grao en Lingua e Literatura Galegas, cuxa viabilidade veuse refrendada coa modificación do decreto de titulacións en 2013 para permitir que

aquelas titulacións con ao menos 90 créditos coincidentes e que comparten organización docente poidan sumar o seu alumnado de novo ingreso. Outro caso é o das titulacións que, por limitacións de espazo, equipamentos ou do mercado laboral, teñen fixado un límite de prazas por debaixo do mínimo esixido, como Odontoloxía, Comunicación Audiovisual ou Ciencias da Cultura.

A finais de 2013 a Secretaría Xeral de Universidades remitiu ás tres universidades galegas unha proposta para a reordenación do mapa de titulacións do SUG, á que o Claustro da USC decidiu non dar resposta por considerala unha intromisión na súa autonomía universitaria. E, en particular, a Xunta de Facultade de Medicina e Odontoloxía acordou **manifestar a súa postura** en defensa dunha Facultade de Medicina única en Galicia

En relación coa LOMCE, un dos seus aspectos máis polémicos no que atinxe ás universidades foi a definición dun novo modelo de becas, desenvolvido polo chamado **decreto de becas** (Real Decreto 609/2013) e polas ordes que modifican o réxime das becas Erasmus (**Orde ECD/1997/2013** modificada pola **Orde ECD/2327/2013**), ante os que a USC amosou a súa desconformidade ao entender que este novo modelo carece de equidade e de transparencia e xera incerteza nuns momentos tan difíciles no ámbito socioeconómico.

Neste difícil contexto debuxado polas medidas lexislativas impostas e a longa crise socio-económica, de xeito inevitable xurdiron numerosas mostras de malestar e decepción entre os membros da comunidade universitaria e do conxunto da cidadanía. O equipo de goberno da USC tivo que acatar os preceptos da nova normativa e tomar moitas decisións complicadas, para as que non sempre foi posible acadar o consenso da comunidade universitaria, pese aos esforzos por establecer vías efectivas de negociación cos seus membros.

A xestión da USC no 2013 volveu a desenvolverse baixo o marco duns orzamentos prorrogados e sen unha programación plurianual aprobada para articular a implantación do **Plan estratéxico**. Pero isto non impediu que se avanzase en moitas das actuacións contempladas nel. O ano 2013 foi, tamén, un período de preparación e maduración dalgúns proxectos estratéxicos, entre os que destaca o deseño dun novo modelo de desenvolvemento para o campus de Lugo baixo a denominación Campus Terra.

Como actividade de grande relevancia non directamente relacionada coa execución do **Plan estratéxico** pero determinante para a súa implantación, convén salientar que en 2013 se produciu a aprobación definitiva dos novos **Estatutos da USC**, que volveron ao Claustro logo de que a Xunta de Galicia fixese algunhas modificacións necesarias para superar o control de legalidade.

Tamén no 2013 concreouse a elaboración e aprobación do **II Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes** (II PEIOMH). Con este plan, a USC reafirma a súa aposta pola igualdade como un dos compromisos fundamentais para acadar os seus obxectivos como institución.

2.1. Campus Terra

No 2013 elaborouse o Plan Estratéxico Campus Terra, que significa unha aposta pola especialización do Campus de Lugo para orientar o seu futuro e convertelo nun referente en ámbitos vinculados á sostibilidade económica, social e ambiental do uso do territorio. A través deste proxecto preténdese dotar ao Campus de Lugo dunha identidade científica propia, que incremente a súa visibilidade e permita aproveitar todo o seu potencial para actuar como motor no desenvolvemento da súa contorna a nivel social, económico e territorial.



Unha Comisión, constituída polo Vicerreitor de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo e os Decanos e Directores dos Centros propios que integran o Campus, definiu sete áreas de especialización: A ordenación do territorio e a planificación de infraestruturas para a mellora da vida comunitaria, A xestión empresarial e emprendemento sostible, A conservación, valorización e innovación no aproveitamento dos recursos naturais para o desenvolvemento dos medios rural e urbano, A relación das persoas cos animais nos ámbitos sanitarios, produtivos e medio ambientais, A suficiencia, seguridade e calidade alimentaria, A educación formal e non formal en contextos rurais e A posta en valor do Patrimonio Cultural da Terra.

Para a elaboración da proposta deseñouse unha metodoloxía eminentemente participativa, que asegurase a recollida de achegas tanto da comunidade universitaria como dos grupos de interese da contorna social e económica, a fin de acadar o maior valor e aproveitamento do coñecemento e experiencia de cada un dos mesmos.

O documento resultante fíxose público a través do espazo específico para [Campus Terra](#) creado na web da USC para aumentar a oportunidade de participar aos membros da comunidade universitaria e recibir as súas achegas antes da redacción final do Plan Estratéxico do Campus Terra, que quedou rematada a finais do 2013.

2.2. Estrutura de goberno e organizativa

Para cumprir coa súa misión, a USC, como calquera outra organización, precisa dunha [estrutura de goberno](#) eficaz e dunha [estrutura organizativa](#) ben definida e coordinada.

No ano 2013 a Xerencia, no exercicio das súas funcións económicas e administrativas, ditou 16 instrucións, relativas a recursos humanos, xestión orzamentaria, etc., destacando a necesidade de aplicar a minoración retributiva establecida na Lei de orzamentos da Xunta de Galicia, o que incidiu aínda máis no clima de desánimo, sen esquecer que parte da minoración se aplicou a complementos autonómicos que indican a excelencia docente e investigadora, co carácter desincentivador que iso supuxo. No ámbito da xestión orzamentaria, para facilitar a dispoñibilidade de créditos nos orzamentos prorrogados, foi preciso ditar varias instrucións co obxecto de atender as obrigas derivadas de gastos inaprazables para o correcto funcionamento dos servizos universitarios.

Neste ano celebráronse eleccións de representantes nas Xuntas de Centro, aínda que ben porque non existían candidaturas ou ben porque o número de persoas elixibles era menor que os postos existentes, só cinco centros celebraron a xornada de eleccións (Ciencias Políticas, Dereito, Ciencias Económicas e Empresariais, Veterinaria e Óptica e Optometría).

Na estrutura de goberno da USC destaca especialmente o papel do Consello Social, que, ademais das competencias legalmente establecidas, seguiu a desenvolver outras actividades a prol da nosa Universidade, como son o Programa nacional de prácticas en empresas e institucións, o proxecto Europracticum ou o Convenio co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para proporcionar asesoramento xurídico ao alumnado da USC. Cabe sinalar tamén que neste ano conmemorouse o 25 aniversario da súa creación coa publicación dun libro que recolle os principais acontecementos rexistrados neste período de tempo e as testemuñas dos seus protagonistas.


No ano 2013 seguimos a promover distintas iniciativas de participación da comunidade universitaria e a sociedade en aspectos importantes da xestión da institución. Destacamos dous:

- O concurso de ideas para deseñar a imaxe da campaña de matrícula da USC. No ano 2013 desenvolveuse a súa cuarta edición. Presentáronse máis de noventa deseños de alumnado universitario e de bacharelato e Formación Profesional.



- O programa de titores para estudantes dos últimos anos de grao, no cal se formou a máis de 70 estudantes para tutelar aos que se incorporaron no curso 2013–14 para iniciar estudos, informando sobre a organización e servizos que presta a USC, os programas de mobilidade, o funcionamento da administración, as particularidades do seu centro, o voluntariado ou as actividades culturais e deportivas da USC.

O labor da USC a prol da implicación dos distintos axentes participantes na vida universitaria, científica e na sociedade no seu conxuntoponse de manifesto tamén nas distincións que a propia institución, outorga para recoñecer o esforzo dos/as docentes, investigadores/as, persoal, empresas, institucións e persoas do noso contorno máis próximo así como con personalidades e institucións de renome no mundo da ciencia e da sociedade, no ámbito nacional e internacional. Ademais, a USC ten subscritos diversos pactos e iniciativas e tense integrado en numerosas redes de traballo. Pódese obter máis información no apartado [premios, pactos, iniciativas e redes da web USC Responsable](#).



No tocante a nosa [estrutura organizativa](#), a USC estaba formada ao remate de 2013 por 23 facultades, 2 escolas (Técnica Superior de Enxeñaría no campus de Santiago e Politécnica Superior no campus de Lugo), unha escola de especialización profesional (a Escola de Práctica Xurídica), 3 hospitais universitarios (Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Hospital Universitario Lucus Augusti e Hospital Veterinario Universitario Rof Codina), 5 centros docentes adscritos ou vinculados (como centros adscritos a Escola Universitaria de Traballo Social en Santiago, e a Escola Universitaria de Enfermaría e Escola Universitaria de Relacións Laborais en Lugo, e como vinculados o Centro Superior de Hostalería de Galicia en Santiago e a Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia), 16 institutos de investigación (coa supresión en 2012 do Instituto

de Informática, ao entender que o seu ámbito de actividade enmárcase no do CITIUS), 8 centros propios de investigación e tres centros singulares de investigación (CIQUS, CIMUS, CITIUS), estando outros dous aprobados (Investigacións Físicas) ou en proceso de construción (CEBEGA). Ademais, o persoal docente e investigador (PDI) agrúpase en torno a 75 departamentos e 355 grupos de investigación.

En 2013 aprobouse a creación de tres novos Centros Propios de Investigación: o Centro propio de carácter mixto de estudos de seguridade (CESEG), o Centro Interdisciplinar de Biostatística (ICBUSC) e o Centro integral de análise e resolución de conflitos da USC (CIARCUS).

O CESEG constitúese como un Centro de carácter mixto dedicado á investigación, formación e estudo na área da seguridade de cara a execución de proxectos, programas e accións de investigación, desenvolvemento e formación dentro do campo da seguridade. O ICBUSC constitúese como centro mixto da USC nas condicións establecidas no acordo marco entre a USC e os representantes da Hasselt University e a Katholieke University Leuven, de Bélxica e a Universidade de Minho en Portugal, que participan como socios. O CIARCUS ten como principal obxectivo a investigación e a formación en xestión de conflitos, aplicadas ámbalas dúas á resolución dos mesmos, tanto os que se produzan a nivel interno, no marco da Comunidade Universitaria, como os externos, da cidadanía en xeral, e os orixinados entre a Universidade e outras instancias.

Por outra banda, realizouse a tramitación inicial doutros tres novos centros propios: a Aula de Produtos Lácteos, o Centro de Estudos do Sahara Occidental e o Centro de Investigación sobre a Empresa Sostible (CIES).

Na súa **estrutura organizativa**, a USC ten establecidos tamén diversos **servizos** de apoio á docencia e á investigación e de apoio e asistencia á comunidade universitaria. Algúns deles son recollidos nos propios estatutos, mentres que outros son creados especificamente para o cumprimento das funcións propias da Universidade, sumando un total de 65: 24 servizos de apoio á docencia e á investigación (biblioteca, arquivos, laboratorios e estacións científicas, idiomas,...), 29 servizos á comunidade universitaria (residencias, cultura, deporte, TIC, relacións exteriores ou orientación laboral) e 12 servizos administrativos.

Destacamos de entre os servizos de apoio á comunidade universitaria algúns intimamente vinculados ao noso compromiso coa responsabilidade social, como o Observatorio do Código Ético, a Oficina de Desenvolvemento Sostible, a Oficina de Igualdade de Xénero, os Servizos de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego, o Servizo de Participación e Integración Universitaria ou o Servizo de Prevención de Riscos, cuxa actividade será descrita nos seguintes apartados desta memoria nos diferentes ámbitos do noso modelo de responsabilidade social.

En relación coa xestión académica, cuxa reforma administrativa iniciouse no ano 2002 e tivo un avance importante no ano 2006 coa creación das Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, no ano 2013 leváronse a cabo diversas

actuacións para dar resposta ao incremento do volume de traballo dos seus responsables (novas titulacións de grao e máster, mobilidade de estudantes, prácticas en empresas e estancias, competencias en materia de calidade, administración electrónica, etc.), entre as que destacan:

- Redefiníronse as funcións dos distintos postos que conforman as Unidades, delimitando claramente o cometido de cada un, e establecendo unha boa definición das dependencias do persoal.
- Modificáronse os manuais de funcións dos distintos postos que conforman as Unidades de apoio á xestión de centros e departamentos actualizándoos e adaptándoos ás necesidades reais de prestacións, para garantir o apoio ás actividades dos centros docentes.
- Creáronse tres postos de Responsable de Unidade naqueles centros docentes que carecían del: Facultades de Filosofía, Óptica e Relacións Laborais.
- Cambiouse a adscrición e denominación dun posto de xefe de negociado da Escola de Práctica Xurídica, debido a impartición do novo Máster en Avogacía que asume a Unidade da Facultade de Dereito, é a finalización do Máster propio que xestionaba a Escola.

Ademais, durante o ano 2013 o Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado iniciou con Xerencia unha racionalización da estrutura do persoal do servizo, centralizando os servizos administrativos das residencias universitarias para poder manter e mellorar a xestión encomendada e mesmo asumir novas competencias e xestións mantendo o nivel de eficiencia e eficacia.

Pola súa relevancia para o desenvolvemento da nosa actividade universitaria, detallamos a continuación algunhas das actuacións e feitos concernentes aos servizos de biblioteca e arquivo, publicacións e intercambio científico, TIC e tecnoloxías para a aprendizaxe, normalización lingüística e recursos de investigación e apoio á transferencia.

2.2.1. Biblioteca e Arquivo Histórico Universitario

No marco da implantación do seu [Plan estratéxico 2011-14](#), a biblioteca da USC (BUSC) seguiu a operar en 2013 como centro de apoio á docencia que ten recoñecida a competencia para impartir formación en competencias informacionais, e como recurso de apoio á investigación co [Repositorio Institucional MINERVA](#), que ofrece acceso aberto á produción documental resultante da actividade académica, investigadora e de xestión corporativa da comunidade universitaria, (no cal xa están aloxadas case catro mil obras pertencentes ao fondo histórico da BUSC e parte das revistas do [Servizo de Publicacións e Intercambio Científico](#) da USC). En 2013 avanzouse no desenvolvemento da súa plataforma tecnolóxica e desenvolvéronse accións para dalo a coñecer e promover o seu uso entre o PDI.


Cabe destacar tamén que en 2013 elaborouse unha nova paxina web da BUSC e incluíuse a súa presenza nas redes sociais.

Como se vén facendo dende anos atrás, para atender as necesidades do alumnado a BUSC abriu catro das súas bibliotecas (Concepción Arenal e as das Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e Filosofía en Santiago e a Intercentros en Lugo) en horario extraordinario nos dous períodos de exame de 2013 (xaneiro–febreiro e maio–xullo), cun incremento das prazas de estudo dispoñibles froito da negociación cos representantes do alumnado, e coa particularidade de ter 240 prazas dispoñibles 24 horas. Podemos dicir que esta universidade é, así, unha das mellor posicionadas no Estado Español no que atinxe á oferta de prazas de estudo. Poden consultarse na web as [estadísticas de uso das bibliotecas en horario extraordinario](#).

Sinalar que se instalaron tornos de acceso na biblioteca Concepción Arenal, dando prioridade á comunidade universitaria


No 2013 produciuse un descenso nos ingresos de monografías e revistas a pesar do mantemento orzamentario. É unha consecuencia máis da crise económica que se nota especialmente no apartado das doazóns e os intercambios de publicacións. Pola contra, seguiu a mellorar e ampliar a infraestrutura da BUSC (metros totais de andeis de libre acceso) e mantívose o nivel de actividade medido polo número de préstamos a terceiros e o número de accesos ao texto completo de artigos.

Datos representativos da evolución da BUSC (2011–2013)



A biblioteca desenvolve tamén un programa de formación de usuarios/as, que contou no ano 2013 con 4.078 participantes nos 127 cursos organizados.

O fondo do [Arquivo Histórico Universitario](#) componse de 9.000 metros lineais de documentos, sendo o universitario o máis voluminoso e ao que lle seguen os protocolos notariais de distintos distritos. En 2013 incrementáronse os fondos ata alcanzar as 3.111.072 unidades (entre mazos de papeis, libros, pergameos, mapas, DVD...), e duplicáronse as consultas realizadas, chegando a 568.280.




2.2.2. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico

O [Servizo de Publicacións e Intercambio Científico](#) da USC está a centrarse nos últimos anos na publicación e difusión de obras en formato dixital, en aras dunha maior visibilización da produción bibliográfica da USC e para incrementar as súas posibilidades de comercialización. En outubro de 2013 editou e aloxou no [repositorio Minerva](#) a tese de doutoramento número 1.000, que se sumaba ao aloxamento de 90 libros dixitais e 5.516 artigos de revistas e ás revistas editadas en acceso aberto (sen embargo comercial) no portal dixital da USC [Rev{USC}](#), inaugurado en 2012.

Ademais desta actividade no eido da edición dixital, o ano 2013 rexistrou datos históricos na publicación de teses de doutoramento, con 239 teses, dato nun 61% superior á media do período 2006–2012. Publicáronse, ademais, 27 revistas e 36 monografías.

Evolución do número de teses publicadas polo Servizo de Publicacións



No 2013 destaca o desenvolvemento da plataforma [Open Monograph Press \(OMP\)](#), plataforma integral de xestión editorial, avaliación por pares, edición técnica, difusión

e comercialización de libros que automatiza procedementos e arquiva enormes históricos. Isto contribuíu á captación de revistas e de varias coleccións de monografías:

- Revistas: Gallaecia; Elos. Revista de literatura infantil e xuvenil; e Revista Internacional de Comunicación y Desarrollo.
- Monografías: Verba. Anexos.
- Publicacións do Departamento de Xeometría e Topoloxía.
- Publicacións do Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes (CIPPCE).

Baixo este software implantouse tamén o Portal Dixital de Libros da USC, [Lib{USC}](#), que por unha banda permite ás partes a realización en liña das tarefas e roles que lles correspondan aos autores ou coordinadores e, por outra, rexistra e arquiva a historia editorial completa de cada orixinal. Ademais, o portal actúa como un sitio web promocional, informativo e comercial (e-commerce) convencional.

Destaca igualmente a creación da Serie CLAVE do selo USC Editora, destinada a obras compilatorias colectivas de todas as disciplinas que sexan, ao mesmo tempo, prontuarios para a adquisición de competencias nunha materia e rigorosas actualizacións das últimas tendencias ou estados da cuestión para o estudo e máis completa comprensión da mesma.

Ademais, mantívose a participación activa e a presenza editorial na Feria del libro de Madrid; Buchmesse de Frankfurt; Feria del libro de Buenos Aires; Feria Internacional del libro de Guadalajara (México) e LIBER (Feria Internacional del libro Español). E co gallo do Día do Libro, durante unha semana ofreceuse un desconto especial do 30% á comunidade universitaria na adquisición de todos os títulos do fondo vivo.


2.2.3. TIC e tecnoloxías para aprendizaxe

O papel das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (TIC) segue a gañar importancia tanto no desenvolvemento das tarefas docente e investigadora coma nas de administración e xestión. A Área TIC e o [Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe \(CeTA\)](#) son as dúas unidades que lideran a mellora deste eido na nosa institución, baixo o [III Plan estratéxico das TIC](#).

Deixando a un lado a aplicación das TIC na docencia e na investigación, que será abordada no apartado de Xestión social do coñecemento, destacamos aquí o seu uso nas tarefas de xestión, aínda que a importancia do impacto dos avances na implantación da administración electrónica na organización fan que este proxecto mereza unha análise específica incluída no epígrafe 2.3 sobre a calidade da xestión institucional.

Dende esta perspectiva, caben destacar tres aspectos esenciais dos que se ocupa a **Área TIC**: por unha banda, o mantemento da web institucional, que é a nosa principal vía de coñecemento e difusión cara a sociedade; en segundo lugar, o emprego das TIC nas tarefas de xestión académica; e, en terceiro lugar, o mantemento das infraestruturas a disposición de toda a comunidade, especialmente da rede de datos, das aulas de informática e da rede sen fíos.

Neste ámbito, mantívose a dotación de aulas de informática (94 repartidas en 27 centros, nas que se atopan 2.178 ordenadores), mentres que se mellorou a infraestrutura da rede sen fíos, tanto en capacidade como en áreas de cobertura, confirmándose a tendencia á alza iniciada xa en anos pasados respecto ao número de usuarios/as rexistrados/as.




No ámbito da xestión académica, no curso 2012–13 formalizáronse 25.188 matrículas a través de internet, e enviáronse 236.676 mensaxes SMS personalizadas coas súas cualificacións ao estudiantado.

En relación coa evolución dos accesos ás páxinas web da USC, rexistrouse en 2013 un incremento significativo. Continuáronse durante este ano os traballos dirixidos a reorganizar os contidos da web, eliminando contidos obsoletos, e facilitando a navegación e facilidade de uso da web aos/ás usuarios/as.

Destacamos tamén aquí o labor da Oficina de Software Libre (OSL) que, co obxectivo de familiarizar á comunidade universitaria co modelo do software Libre, en 2013 colaborou de novo coa ETSE na celebración do V Fiadeiro de localización de software libre (no cal participa tamén o SNL), para a promoción da lingua galega ligada ao impulso na utilización do software libre na USC.

Evolución das visitas ás páxinas da USC (2011–2013)



A USC figura entre as universidades españolas máis comprometidas co uso e a difusión de software libre, concretamente a sexta de toda España, por detrás de Granada, La Laguna, Las Palmas de Gran Canaria, A Coruña e Sevilla, segundo o Ranking Universitario do Software Libre (RuSL).

No que respecta á optimización no uso dos recursos, no 2013 documentouse, deuse a coñecer entre o PDI e iniciouse o primeiro procedemento de adquisición centralizada de equipamento TIC, no que finalmente o 45% dos equipos responderon a solicitudes dos centros e departamentos soportados co seu financiamento. Desta forma obtivéronse uns mellores prezos e mellores condicións de soporte e garantía dos equipos.

Tamén no 2013 púxose en marcha un sistema colaborativo de carácter institucional que permite dispoñer dunha nube privada da USC que facilita compartir e traballar sobre documentos de traballo (proxecto Moega).

En liña co obxectivo institucional de aforro, no ámbito das TIC revisáronse sistematicamente os principais contratos de soporte, mantemento e licenzas corporativas que vencían durante o ano 2013, de cara a axustar custos mediante a revisión de prezos e de acordos de niveis de servizo, acadándose unha rebaixa media próxima ao 10%.

2.2.4. Servizo de Normalización Lingüística

O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) potenciou durante o 2013 a implicación da comunidade universitaria no uso do galego con iniciativas xa consolidadas, como os Premios á calidade lingüística dos traballos académicos de curso e de fin de

carreira, grao e máster (a do curso 2012–13 foi a novena edición), a terceira edición do certame “Somos a curta”, na busca da mellor peza audiovisual curta de comedia en galego, ou a segunda edición do foro Proxéctate en galego, que “pretende mostrar o galego como unha oportunidade, unha lingua viva e dinámica”.



En 2013, ademais, celebrouse o I Concurso de Microrrelatos en galego, e colaborouse coa campaña “Gústame o galego”, unha iniciativa da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua coa que se pretende dar visibilidade ao apoio individual de persoas ao proceso de normalización lingüística a través de fotografías con frases suxestivas sobre o uso do galego en diversos ámbitos e situacións cotiás.

E por terceiro ano consecutivo A USC celebrou o Día da Ciencia en Galego cun orixinal programa de actividades, que incluíu unha xincana bibliográfica centrada na vida e no legado das tres persoas ás que se rendía homenaxe este ano, conferencias divulgativas sobre cada unha das temáticas do Día da Ciencia en Galego 2013, ou visitas guiadas aos laboratorios da USC.

Por outra banda, en 2013 os 24 repertorios editados polo SNL dende 1993 ata a actualidade pasaron de estar acollidos á fórmula do copyright a difundirse baixo a licenza Creative Commons Recoñecemento–CompartirIguale (CC–BY–SA 3.0). Este conxunto de glosarios e vocabularios técnicos supoñen a colección terminolóxica máis ampla dispoñible para o idioma galego.

2.2.5. Servizos de apoio á investigación

En 2013 leváronse a cabo actuacións de mellora e optimización de recursos nos servizos de apoio á investigación, máis concretamente da RIAIDT (Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico):

- O estudo, clasificación e, de ser o caso, revisión do persoal que desenvolve o seu traballo nos animalarios, xa que a normativa vixente obriga a que teña uns requisitos

formativos específicos que garden relación directa coas funcións que deben realizar. Actualmente os postos de traballo dos animalarios dependentes directamente da RIAIDT, teñen xa todos esta clasificación. Trátase pois agora de acometer o estudo e clasificación do resto do persoal que ven prestando servizos en centros ou departamentos, e mesmo de revisar, en aras de lograr unha maior polivalencia, se as clasificacións actuais son as adecuadas.

- Continuouse coa reestruturación orgánica e funcional de unidades técnicas da RIAIDT nos campus de Lugo e de Santiago, co fin de integralas nunha única Unidade Técnica, co obxectivo de prestar mellor atención ás persoas a través dunha maior interrelación e interoperatividade dende o punto de vista do persoal técnico e da instrumentación analítica necesaria.
- Seguiuuse a desenvolver o proxecto da nova web propia da RIAIDT, co fin de difundir e dar a coñecer as súas actividades e proxectos tanto cara ao exterior coma dentro da propia USC. Para iso estase a elaborar unha web específica para os servizos xerais de investigación, totalmente dinámica con acceso a base de datos, actualizable dende unha zona privada de xestión e elaborada en idiomas castelán, galego e inglés..
- Procedeuse á reclasificación da categoría de oficial de laboratorio en técnico de investigación.

2.3. Xestión de calidade

O compromiso da USC cunha **xestión de calidade** tradúcese en actuacións concretas na mellora da calidade dos servizos, nos avances na implantación da administración electrónica, na mellora da transparencia e na procura da eficiencia na xestión económica da institución.

2.3.1. Calidade dos servizos


A aposta pola **calidade dos servizos** administrativos e de apoio á docencia e á investigación materializouse en 2013 en diversas actuacións:

- Continuouse co proceso de certificación ISO 9001 do Selo Editorial USC Editora, que se acadou en xaneiro de 2014, e o obtivo tamén a Estación de bioloxía mariña de A Graña.
- O Laboratorio de Hixiene, Inspección e Control de Alimentos (Lhica) da facultade de Veterinaria da USC renovou a acreditación por parte da Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) para a realización de análises de beta-agonistas en orina, retina e fígado de vacún. Esta acreditación non só actúa como garantía dos traballos e das análises feitas por este laboratorio do campus lugués, senón que tamén valida a pertinencia dos procedementos internos desenvolvidos e testados polos investigadores que o integran.

- O Laboratorio de Radiofísica obtivo tamén a acreditación oficial ENAC para a calibración en radioterapia, de xeito que a institución compostelá alberga o primeiro laboratorio secundario de España para calibrar os instrumentos de medida da dose dos servizos de radioterapia hospitalarios. A dispoñibilidade dun centro así permitirá un mellor cumprimento dos programas de garantía de calidade nos hospitais, que anteriormente tiñan que calibrar o seu instrumental fóra de España, e a exactitude na dose impartida dos tratamentos oncolóxicos de radioterapia.

Sinalar que os servizos de xestión académica, que contan coa certificación ISO 9001 de xestión de calidade, seguen a facer enquisas que amosan que segue a medrar a satisfacción dos/as usuarios/as.

Valoración media global dos/as usuarios/as dos servizos de xestión académica (2007-2013)



2.3.2. Administración electrónica

No ano 2013 aprobouse unha estratexia específica de implantación da **administración electrónica**, acompañada dun Plan de Implantación para o período 2013-2015, que produciu xa, entre outros resultados, a posta en marcha da **Sede Electrónica da USC** en xuño de 2013, sumándose a outras iniciativas xa plenamente instauradas como a matrícula por internet, as actas asinadas electronicamente ou a emisión de certificacións automatizadas.

Coincidindo coa posta en marcha da sede, desenvóléronse e puxéronse a disposición da comunidade universitaria novos procedementos accesibles de forma electrónica, coma por exemplo varias solicitudes de certificacións automatizadas para investigadores no ámbito da Área de Xestión de I+D+i. Neste proxecto será vital manter o esforzo de execución e de seguimento do Plan aprobado, que compromete á USC a que setembro de 2015 a cidadanía poida iniciar calquera procedemento administrativo coa USC por medios electrónicos.

Tamén hai que destacar no 2013 o traballo orientado a mellorar os diferentes sistemas de xestión corporativos, completando as súas funcionalidades, co obxectivo final de optimizar os procesos de xestión universitaria.

2.3.3. Xestión da información

A **xestión da información** é outro dos aspectos centrais dunha xestión de calidade, e refírese tanto a como se xestiona a información no seo da institución coma ao xeito no cal esa información é difundida e posta á disposición dos nosos diversos **grupos de interese**.

En relación coa mellora na xestión da información, en 2013:

- Seguiuuse a implantar a ferramenta DataWarehouse en distintas áreas de xestión.
- Continuáronse os traballos para configurar o sistema institucional de datos e estatísticas, relacionado co **Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)** e os sistemas de información da **CRUE**, bases do sistema estatístico do ensino superior.
- Iniciouse a revisión e mellora da xestión dos datos resultantes das actividades da USC para axustarse ás esixencias dos esquemas estatais (SIIU) e autonómicos (**Plan de financiamento do SUG**) e atendendo tamén as necesidades propias e, moi especialmente, procurando mellorar a captura dos datos destinados a elaborar a **memoria de responsabilidade social**.

En relación co compromiso da USC coa transparencia e a rendición de contas, e a preocupación por coñecer os intereses da comunidade universitaria, en 2013 redeseñáronse algúns dos contidos da *web* institucional, reformulouse a estrutura da **memoria de responsabilidade social** e presentouse o novo espazo *web* **USC Responsable**.

2.3.4. Xestión económica

A **xestión económica** da USC caracterízase pola procura da eficiencia e do equilibrio orzamentario, e, nun contexto de redución do financiamento público, pola procura dunha maior autonomía de ingresos a través da diversificación das súas fontes de financiamento.

En 2013 leváronse a cabo as seguintes actuacións concretas relacionadas coa xestión económica:

- Co fin de acadar aforros na contratación administrativa, procedeuse a realizar unha revisión dos contratos que estaban vixentes: contratos moi antigos e que foran sucesivamente prorrogados coas correspondentes revisións de prezos e polo tanto, con posibles desactualizacións aos prezos de mercado actuais; contratos que, sobre o mesmo tipo de obxecto, se atopaban fraccionados, e que podían ser obxecto dunha licitación integrada, cunha prestación do servizo mellor e máis económica; contratos de mantementos menores, que se viñan xestionando con follas de pedimento, que ao fin do exercicio supoñían importes significativos, buscando unha mellora na prestación do servizo e un aforro económico. No 2013 licitáronse 20 contratos por un importe de

6,6 millóns de euros, acadando un aforro total na vixencia dos contratos de 0,62 millóns de euros.

- De xeito particular, destaca a negociación coas empresas adxudicatarias do servizo de limpeza en Lugo e Santiago para reducir o custo do contrato. Nesta negociación minoráronse as frecuencias dos traballos de limpeza e incorporáronse, sen custo, novas superficies (15.000m²) tanto en Santiago como en Lugo. Tamén se cambiou o sistema de facturación de xeito que se poda deducir o IVE das facturas dos edificios de investigación e das residencias universitarias. Estas actuacións supoñían un menor gasto de case 1,2 millóns de euros no 2013.

- Asinouse coa Consellería de educación e ordenación universitaria o segundo contrato-programa relativo ao financiamento por resultados do [Plan de financiamento do SUG](#) para o período 2013-2015.

- Por resolución de 18 de xaneiro de 2013 implantouse o primeiro plan anual de control interno, no que se establecen as actividades de control para todos os centros orgánicos e se determina a realización de actividades de fiscalización previa a través de técnicas de mostreo, aplicadas sobre grupos de centros e tipos de gastos. Faise especial fincapé nos expedientes de gasto que requiren licitación previa, nas validacións de gastos de exercizos anteriores, nas adquisicións intracomunitarias e nas conciliacións das contas de anticipos. Coa execución deste plan se acada a revisión dun maior número de centros e tipos de gastos.

- No proceso de implantación da Contabilidade Analítica, modelo CANOA para universidades, no ano 2013 o grupo de traballo da USC continuou coas tarefas de adaptación do modelo en base aos datos do exercicio económico 2011. Unha vez analizados os datos, mellorados os métodos de obtención da información das diferentes fontes da USC (Xescampus, e-sicus, UXXI...), e tendo en conta a definición definitiva da Regra 23 (aprobada pola Intervención General de la Administración del Estado -IGAE-), que é a que determina como se deben imputar os custos de persoal docente e investigador a cada unha das actividades de docencia, investigación e xestión, procedeuse, unha vez pechado o exercicio 2013, a aplicar o modelo aos datos obtidos nese exercicio. Neste senso pode verse a información publicada na quinta parte do Informe de Xestión 2013, así como no enderezo web de [contabilidade analítica](#).

- Como en exercicios anteriores mantéñense os litixios co Estado polo recoñecemento da investigación básica como integrante do sector Investigación aos efectos de poder deducir o 100% do IVE soportado polas actividades. Son numerosas as universidades que están en litixio pero namentres o Tribunal Supremo non dite unha sentenza sobre este particular deberemos seguir reclamando ano a ano.

Froito destas actuacións, e concentrando os esforzos nas prioridades orzamentarias que rexen a xestión económica da USC (persoal, calidade, TIC e extensión), a nosa institución presentaba ao remate de 2013 a seguinte situación económica e patrimonial, reflectida no balance de situación e a conta do resultado económico-

patrimonial. Esta información pode ser ampliada na memoria económica 2013 e informe de xestión 2013.

No balance de situación obsérvase que o patrimonio neto da USC ascende no ano 2013 a 378,9 millóns de euros e que as débedas con entidades financeiras a longo prazo sitúanse nos 25,9 millóns de euros (cunha redución de 4 millóns respecto ao exercicio 2012) e, a curto prazo, nos 4,1 millóns. O activo non corrente ascende a 457,1 millóns de euros e, o activo corrente, a 62,3 millóns, cun activo total xeral de 519,3 millóns.

Balance de situación 2013

A) ACTIVO NON CORRENTE	457.060.739,85
I. Inmobilizado intanxible	1.290.669,13
II. Inmobilizado material	453.961.189,95
IV. Inversións financeiras a longo prazo en entidades do grupo, multigrupo e asociadas	928.649,13
V. Inversións financeiras a longo prazo	880.231,64
B) ACTIVO CORRENTE	62.271.979,60
III. Debedores e outra contas a cobrar	54.976.799,67
V. Inversións financeiras a curto prazo	1.255,13
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	7.293.924,80
TOTAL ACTIVO (A+B)	519.332.719,45
A) PATRIMONIO NETO	378.936.411,20
I. Patrimonio	385.006.031,28
B) PASIVO NON CORRENTE	78.267.150,57
I. Provisións a longo prazo	5.555.425,81
II. Débedas a longo prazo	72.711.724,76
2. Débedas con entidades de crédito	25.903.590,13
4. Outras débedas	46.808.134,63
C) PASIVO CORRENTE	62.129.358,51
II. Débedas a curto prazo	8.980.163,28
2. Débedas con entidades de crédito	4.099.390,72
4. Outras débedas	4.880.772,56
IV. Acredores por operacións de xestión	17.856.775,45
1. Acredores por operacións de xestión	9.964.373,85
2. Outras contas a pagar	4.412.211,67
3. Administracións Públicas	3.480.189,93
V. Axustes por periodificación	35.292.419,78
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	519.332.920,28

Na conta do resultado económico patrimonial do exercicio 2013 pódese observar un resultado negativo derivado das operacións non financeiras de -10,03 millóns de euros, que se debe fundamentalmente ao resultado negativo (desaforro) de xestión ordinaria de -9,01 millóns de euros, ao ser os gastos totais de xestión ordinaria superiores aos ingresos nesa cantidade. Este resultado negativo da xestión ordinaria é inferior en


máis de 5 millóns de euros ao do exercicio 2012. Tendo en conta que o resultado das operacións financeiras é tamén negativo en 1,1 millóns de euros, obtense finalmente un resultado neto do exercicio (desaforro) de -11,2 millóns de euros (7,68 millóns de euros por debaixo do obtido en 2012).

Conta do resultado económico-patrimonial 2013

1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	91.718,28
2. Tranferencias e subvencións recibidas	186.348.683,07
3. Ventas netas e prestación de servizos	34.335.119,29
a) Ventas netas	111.729,46
b) Prestacións de servizos	34.223.389,83
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	1.542.771,96
7. Exceso de provisións	0
A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+5+6+7)	222.318.292,60
8. Gastos de persoal	-164.868.287,73
9. Transferencias e subvencións concedidas	-6.719.340,18
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-43.431.172,98
a) Suministros e servizos exteriores	-42.926.951,18
b) Tributos	-504.221,80
12. Amortización do inmovilizado	-16.310.879,02
B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (8+9+10+11+12)	-231.329.679,91
I Resultado (Aforro ou desaforro) da xestión ordinaria (A+B)	-9.011.387,31
13. Deterioro de valor e resultados por enaxenación do inmovilizado non financeiro e activos	-198.073,02
14. Outras partidas non ordinarias	-820.934,39
II Resultado das operacións non financeiras (I+13+14)	-10.030.394,72
15. Ingresos financeiros	64.622,16
16. Gastos financeiros	-582.610,00
20. Deterioro de valor, baixas e enaxenacións de activos e pasivos financeiros	-648.372,54
III Resultado das operacións financeiras (15+16+17+18+19+20+21)	-1.166.360,38
IV Resultado (Aforro ou desaforro) neto do exercicio (II+III)	-11.196.755,10

Se analizamos algúns dos ratios representativos da situación económico-patrimonial da USC, atopámonos ao peche de 2013 coas mesmas tensións sobre a liquidez inmediata que en 2012, debido á forte redución do efectivo dispoñible, ao tempo que a liquidez xeral perde boa parte da folgura adquirida nos últimos anos, debido ao aumento do pasivo a curto prazo e a diminución do activo a curto prazo, o que empeora a relación de endebedamento a curto prazo, pero manténdoa moi por debaixo do seu elevado valor en 2011. Pola contra, mellora a relación de endebedamento total (débeda total sobre patrimonio neto) grazas a importante redución do endebedamento a longo prazo.


Ratios de liquidez e endebedamento (2011-2013)



No tocante á liquidación orzamentaria, dado que o importe das obrigas recoñecidas netas ascende a 248,99 millóns de euros (un 1,4% menos que en 2012) e o importe de dereitos recoñecidos netos a 228,31 millóns (acusando unha redución do 6,3% respecto do 2012), o resultado orzamentario do exercicio, previo aos axustes, foi negativo en 20,67 millóns de euros. Unha vez feitos os axustes tanto por desviacións de financiamento, positivas e negativas, como polo importe dos créditos financiados co remanente de tesourería non afectado, o resultado orzamentario do ano 2013 foi negativo en 8,73 millóns de euros.

Atendendo á composición dos dereitos recoñecidos, redúcense nun 9% as transferencias de capital, nun 3,4% as transferencias correntes, e nun 7,7% os correspondentes aos prezos públicos e outros ingresos.


Evolución dos dereitos recoñecidos (2011-2013) e composición en 2013



Dentro do capítulo de prezos públicos e outros ingresos, o 56% corresponde aos dereitos recoñecidos por prezos públicos de servizos académicos. A súa desagregación reflicte unha mellora do 60,8% nos estudos de máster e doutoramento,


pero no cómputo global rexístrase unha leve caída da recadación no conxunto dos estudos oficiais, non só pola baixada da matrícula, senón a causa tamén do descenso nos ingresos por matrícula no 1º e 2º ciclo das titulacións en extinción, agravado polo feito de que os novos graos teñen só 4 cursos fronte aos 5 das antigas licenciaturas e que as materias sen docencia de ditas titulacións teñen un prezo de matrícula reducido. Prodúcese, pola contra, un aumento do 15,6% no resto dos estudos, apenas palpable nos cursos de posgrao propio e formación continua, que experimentaron un forte retroceso en 2012, e destacando o incremento do 34,7% nos ingresos do Centro de Linguas Modernas.

Desagregación de dereitos recoñecidos por prezos públicos por servizos académicos (2011–2013)



No tocante ás transferencias, as correntes experimentan unha diminución de 4,7 millóns de euros respecto ao 2012 e, en particular, as procedentes da Xunta de Galicia redúcense en máis de tres millóns, mentres que as proporcionadas polo Estado, as empresas privadas e outras institucións o fan en 1,7 millóns de euros. As transferencias de capital sofren tamén unha forte redución, de 4,4 millóns de euros, polas menores achegas da administración do Estado e a Comunidade Autónoma, que se viron en parte compensadas polos fondos procedentes do exterior.



Evolución dos dereitos recoñecidos por transferencias (2011–2013)



No lado das obrigas, a necesaria contención do gasto levounos a acadar, segundo unha clasificación por capítulos, unha redución de algo máis de 4,6 millóns nos gastos correntes e preto de 7,6 millóns nos investimentos reais, o que supón unha redución total de Gastos Non Financeiros de 12,2 millóns de euros. Sen embargo aumentan en 8,6 millóns os Gastos Financeiros, por mor da obtención de anticipos reembolsables que se transformarán en subvencións de capital no momento da súa xustificación (principalmente InnoPharma e LaserPET). Na clasificación por funciónsponse de manifesto que, aínda que o maior recorte en valores absolutos corresponde á produción de infraestruturas e os servizos de apoio á docencia e á investigación (cun descenso de 6,3 millóns de euros), en termos relativos o esforzo de contención do gasto máis grande fíxose en relación coa asistencia, extensión e promoción da comunidade universitaria, que experimenta unha redución do 20,1% respecto do 2012.

Nesta última clasificación funcional, convén aclarar que o grupo de “Producción de infraestruturas e servizos á docencia e á investigación”, concentra a maior parte do gasto porque nel está incluído integramente o capítulo de gastos de persoal. No grupo de “Docencia universitaria” só están incluídos os créditos dos estudos propios e de posgraos oficiais (másteres, cursos de especialización, etc.) con financiamento afectado e, no grupo de “Investigación” inclúense os proxectos, contratos, convenios, infraestruturas e outras actividades de investigación.

Evolución de obrigas contraídas (2011–2013) e composición de gastos correntes 2013



É de salientar o esforzo da comunidade universitaria para adaptarse á situación actual de contracción do orzamento universitario que por cuarto ano estamos a vivir. Como se reflectirá nos seguintes apartados desta memoria, a pesar destas restricións, que nalgúns ámbitos, como o da extensión, teñen obrigado a reducir a intensidade da actividade desenvolvida, a USC mantén o seu compromiso coa súa tripla misión universitaria (docencia, investigación e transferencia e responsabilidade social) co mesmo e incluso maior empeño e eficacia que no pasado.



Xestión do capital humano

3 XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO

O ámbito da **xestión do capital humano** abrangue as diversas actuacións que se desenvolven na USC para satisfacer as expectativas e necesidades do seu persoal.

Por unha banda, na USC tratamos de garantir a xustiza e equidade nos procesos de selección e promoción do persoal e facer efectivo o seu dereito á información e á participación nas decisións de goberno, mantendo un diálogo permanente coas súas representacións sindicais.

Preocupámonos do mesmo xeito por ofrecer diversos beneficios sociais aos nosos traballadores/as, así como un axeitado medio de traballo en que atopen á súa disposición todos os medios e recursos necesarios para desenvolver as súas tarefas baixo criterios de calidade, eficiencia e eficacia e con garantías de seguridade e saúde.

Ademais, na USC mantemos un claro compromiso coa formación e capacitación do noso persoal, que non só persegue a mellora das competencias e aptitudes para o desempeño do seu traballo senón tamén o seu propio enriquecemento e desenvolvemento persoal.

Todas estas premisas estiveron presentes na USC na definición e aplicación das políticas de recursos humanos durante o ano 2013. Con todo, os esforzos neste ámbito víronse en grande medida condicionados pola contracción do financiamento e polas restricións normativas impostas dende os gobernos autonómico e central.

O exercicio 2013 estivo novamente marcado polas limitacións á contratación e estabilización do persoal e pola rebaixa dos dereitos económicos dos/as traballadores/as públicos. Ao igual que en anos anteriores, fíxose fincapé en manter os postos do cadro de persoal, evitando que a aplicación destas normas básicas de obrigado cumprimento puidera supoñer ter que adoptar medidas de choque como os despedimentos. A contención noutros ámbitos permitiu á USC non só asumir estas obrigas, senón pechar o capítulo I sen déficit.

En particular, a xestión do cadro de persoal nos ámbitos da docencia e a investigación veuse enormemente limitada polo **RDL 14/2012** e as Leis de orzamentos do estado (**Lei 2/2012**) e da Comunidade Autónoma (**Lei 2/2013**), que supeditaron as autorizacións de prazas permanentes ou temporais unicamente ás necesidades docentes. Este feito impuxo a necesidade de manter negociacións tanto coa Secretaría Xeral de Universidades como coa Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para conseguir levar a cabo convocatorias de prazas de Contratado Doutor como continuidade da carreira profesional do Profesorado Axudante Doutor que remataba o seu contrato ou para a estabilización de investigadores/as dos programas Ramón y Cajal e Parga Pondal das convocatorias dos anos 2007 e 2008. Finalmente, so se logrou que se puidese levar a cabo a cobertura interina das mesmas.

Tamén seguise a buscar solución para as prazas de PDI funcionario da convocatoria anulada no 2012, sendo soamente posible realizar a finais de ano a convocatoria de catro prazas respectando á taxa de reposición do ano 2013, correspondentes a tres persoas beneficiarias das axudas Starting Grant da ERC e unha da convocatoria que fora anulada no 2012.

A USC participou activamente nas negociacións que por parte da CRUE se fixeron cos Ministerios de Educación e de Facenda para intentar conseguir a taxa de reposición dinámica, que finalmente non foi aceptada polos responsables ministeriais.

A pesares destas circunstancias moi adversas, conseguiuase manter a plantilla de PDI da USC, aínda que cun pequeno retroceso debido principalmente a imposibilidade de convocar prazas de funcionario pola limitación da taxa de reposición ao 10% recollida na Lei de Orzamentos estatal.

Por outra banda, durante o ano 2013 estívoase traballando no borrador da Normativa de Dedicación Académica Anual do Persoal Docente e Investigador que supoñía a adaptación á modificación do artigo 68 sobre réxime do profesorado da [Lei Orgánica 6/2001 de Universidades](#) incluída no [RDL 14/2012](#). A súa aplicación permitiría definir a dedicación académica do profesorado nas vertentes docente, investigadora e de xestión dun xeito equitativo entre as distintas áreas de coñecemento, introducindo novos indicadores e parámetros que mellorasen substancialmente a calidade dos servizos e da oferta da USC. De feito, o antedito borrador recollía o recoñecemento de todas as actividades académicas que realiza o PDI, co fin de acadar un equilibrio entre as súas actividades lectivas, investigadoras e de xestión do PDI. Lamentablemente, o rexeitamento suscitado por diferentes colectivos así como a situación de desencontro coa representación sindical de PDI nos últimos meses do ano, non permitiron levar a cabo un debate axeitado do mesmo previo a súa aprobación en Consello de Goberno e, polo tanto, a aplicación da normativa no curso académico 2014–15.

A aplicación dos Reais decretos–leis [14/2012](#) e [20/2012](#) ocasionou a necesidade de efectuar recortes nas condicións laborais e salariais, co conseguinte descontento por parte do persoal. De xeito concreto, en relación co persoal de administración e servizos foi preciso abordar diversas actuacións relacionadas co horario de traballo, permisos e vacacións. Esta situación agravouse ante a Lei de orzamentos da Xunta de Galicia ([Lei 2/2013](#)), pola que se minora nun 5% a masa salarial das universidades, obrigando a aplicar recortes nas retribucións de todo o persoal. Aínda que o goberno da USC procurou facilitar as negociacións cos colectivos afectados e acadar o maior grado de consenso, non foi posible chegar a un acordo cos representantes do persoal, ante o tipo de medidas a aplicar.

Así, xa na nómina do mes de marzo aplicouse unha redución dos complementos autonómicos de docencia, investigación, xestión e excelencia curricular, que perderon todas as subidas que acumularan ata o 2010 (ano no que se conxelaron) para axustalos aos límites estipulados pola Xunta, e no mes de xuño, e lamentablemente sen acordo da mesa de negociación, decidiuse aplicar o recorte imposto pola [Lei de orzamentos da Xunta](#) na paga adicional do complemento específico que se abona nas

extras de xuño e decembro (no caso do PAS laboral en xuño, setembro e decembro) e, se fose necesario, o resto se reduciría nas mensualidades dos últimos seis meses do ano de maneira prorrateada. Nestes recortes entraron tamén as persoas contratadas en proxectos de investigación, e exceptuouse a aquelas cun salario inferior ao 1,5 do salario mínimo interprofesional.

Un dos logros máis satisfactorios desta etapa foi a consecución do [acordo](#) de xubilación parcial anticipada para o persoal laboral que acade os requisitos previstos pola norma. Era esta unha vella reclamación das organizacións sindicais, que foi difícil fraguar polas dificultades da súa xestión e pola necesidade de non distorsionar o funcionamento normal dos servizos.


Deste xeito, en marzo do 2013 firmouse co Comité Intercentros do PAS laboral o acordo para acceder á xubilación parcial anticipada do PAS laboral fixo, ao que xa se acolleron 30 persoas e ao que se poderán acoller, ata 2018, un total de 115. Este acordo está permitindo facer unha renovación do cadro de persoal e a súa adaptación ás novas necesidades que as continuas reordenacións normativas están a provocar na xestión. E dentro das marxes establecidas pola Lei, este acordo favorece tamén ao persoal que estaba contratado, porque o estabiliza por un certo tempo e pode ter unhas expectativas laborais máis de futuro.

Tendo moi presente esta complexa realidade, revisamos a continuación as principais actuacións e resultados relacionados coa xestión do noso capital humano.

3.1. Perfil do persoal

Cómpre caracterizar en primeiro lugar o [persoal](#) da USC en base ao seu volume total e a súa distribución por sexos e por idades, para pór de manifesto a situación en materia de igualdade entre mulleres e homes e en materia de rotación do cadro de persoal.


Con respecto á presenza de mulleres, en 2013 estas constituían a maioría do PAS (56%), mentres que no PDI, aínda que a súa presenza está aumentando de xeito progresivo, tan só representaban o 40,5%.




A idade media do PDI e do PAS segue a mostrar unha tendencia crecente, o que resulta, especialmente no caso do PDI, unha chamada de atención para que as autoridades educativas faciliten a posta en práctica de políticas axeitadas que permitan a promoción da carreira docente e investigadora e así garantir o relevo do persoal.

No caso do PAS tamén é preocupante esta tendencia, que non favorece a renovación da plantilla, coas repercusións que iso vai a ter na estrutura administrativa directiva.

Persoal da USC en 2013



Evolución da composición do PDI por categoría e xénero (2011-2013)




Centrándonos no PDI, este ten que facer fronte a unha longa carreira docente e investigadora na cal os resultados acadados no eido académico e científico determinan a súa consolidación nas diferentes categorías previstas pola normativa. A composición do cadro de PDI da USC reflicte a súa gran cualificación e o esforzo por consolidar postos de traballo nas máis altas categorías da carreira docente.

Ao remate de 2013 aproximadamente o 65,6% do PDI era funcionario (porcentaxe que experimenta un leve retroceso respecto o do exercicio anterior) e o 84,6% posuía o título de doutor, un dos porcentaxes máis altos das universidades españolas.


As porcentaxes de mulleres doutoras e funcionarias seguen a mostrar unha progresión positiva e, igualmente, aumentou a presenza das mulleres no persoal laboral, aínda que en todos os casos seguen a estar en minoría con respecto aos homes.

Distribución de PDI por áreas de coñecemento, categorías e xénero (2013)


Distribución do PDI en 2013 por áreas de coñecemento (e % de mulleres na área)



Distribución do PDI en 2013 por categorías (e % de mulleres na categoría)



Distribución do PDI funcionario en 2013 por categorías e áreas de coñecemento (e % de mulleres na categoría e área)




Con respecto á distribución do PDI por grandes áreas de coñecemento, a área de Ensinanzas Técnicas é a que conta con menos profesorado (o 6% do total do PDI) e cunha menor porcentaxe de profesoras e investigadoras (27% en 2013), debido a que o número de mulleres que cursan titulacións de carácter técnico segue a ser baixo. A área de Ciencias da Saúde aglutina a maior parte do PDI (o 28%), e as de Humanidades

e Ciencias Xurídicas e Sociais son as que contan con maior representación feminina (46,6% e 45,9% respectivamente).

Segundo a distribución do PDI por categorías e xénero, pode observarse que case a metade do noso PDI é titular de Universidade ou Escola, e que, aínda que a presenza de mulleres é inferior á masculina nas categorías máis altas, de xeito progresivo está a incrementarse nas categorías de catedráticas e titulares de universidade e de contratadas doutoras, onde xa superan a presenza masculina.

Atendendo á distribución das categorías de PDI funcionario por áreas de coñecemento, compróbase que as áreas de Ensinanzas Técnicas e Ciencias Xurídicas e Sociais concentran maiores porcentaxes de titulares de escola e, en consecuencia, menores porcentaxes de catedráticos e titulares de universidade. Obsérvase certa estabilización ou incluso incremento nas porcentaxes de mulleres nas diversas categorías en case todas as áreas, aínda que isto podería vir motivado polas xubilacións de persoal masculino máis que pola promoción das mulleres ás categorías de catedrática ou titular de universidade, especialmente tendo en conta que esta última posibilidade estivo fortemente limitada no 2012 e 2013. A área de Ensinanzas Técnicas continúa a ser a de menor representación feminina en todas as categorías de PDI funcionario.

Distribución do PAS por categorías (2011-2013)




No ámbito do PAS, pese aos compromisos de estabilización diminúe lixeiramente o peso do persoal funcionario, que representaban un 53,3% do PAS en 2012 e cae a un 51,8% en 2013. Compre recordar que no caso do PAS non hai taxa de reposición, ao

que se engade que as coberturas con persoal interino teñen carácter excepcional, por normativa básica. A diferenza do que acontece co PDI, a representación feminina é superior á masculina no PAS (excepto no persoal laboral fixo), destacando a alta porcentaxe de mulleres no cadro do persoal funcionario.


Na distribución do PAS laboral por categorías, obsérvase que os grupos III e IV concentran a maior parte do cadro de PAS laboral, mentres que os grupos I e II, que inclúen os perfís profesionais de máis cualificación, representan unha proporción menor.

Distribución do PAS laboral por categorías en 2013



Ademais do PDI e o PAS, para o desenvolvemento da actividade investigadora na USC contamos con persoas contratadas con cargo a actividades de I+D e de bolseiros/as. Pese as dificultades que atravesamos a investigación pola redución do financiamento e as convocatorias de captación de persoal investigador, a aposta da USC pola investigación e a promoción da carreira investigadora reflíctese no incremento experimentado nos últimos anos no número de persoas contratadas con cargo a actividades de I+D, reducíndose, pola contra, o de bolseiros/as, cunha brusca caída en 2012 e 2013 que afectou negativamente, ademais, á presenza feminina neste colectivo. O 14% dos/as contratados/as desenvolveron en 2013 a súa actividade no campus de Lugo.

Evolución do persoal con cargo a actividades de I+D (2006-2013)



3.2. Formación


Continuouse cos programas de formación e capacitación do noso persoal: o Programa de formación e innovación docente para o PDI (PFID) e o Programa de accións formativas para o PAS.

No ano 2013 foron numerosas as actividades de formación do PDI desenvolvidas polo PFID (84 cursos, dos que 7 desenvolvéronse nos dous campus) baixo diferentes modalidades: Tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á docencia; Estratexias de ensino-aprendizaxe; Avaliación; Tutoría e orientación; e Desenvolvemento profesional: investigación, xestión, linguas. Nestes cursos participaron un total de 1.796 membros do profesorado e 69 investigador/es dos programas Ramón y Cajal, Parga Pondal, Ángeles Alvariño e beneficiarios de bolsas-contratos predoutorais (FPI, FPU, María Barbeito, PREU). En colaboración con outros servizos, como o Servizo de Prevención de Riscos, realizáronse varios cursos sobre prevención das alteracións da voz ou o Curso básico de prevención de riscos laborais en postos de laboratorio, este último solicitado por centros experimentais.

Hai que salientar as diversas iniciativas de formación no ámbito das Tecnoloxías da Información e Comunicións (TIC), que se concretaron no ano 2013 respecto do uso do Xestor de Contidos corporativo, os cursos de ofimática, os cursos en materia de Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal, e o inicio dos cursos de formación en materia de Administración Electrónica promovidos polo plan de implantación da Administración Electrónica na USC. Especial relevancia tiveron durante este ano os cursos dirixidos ao PDI de formación na nova plataforma de Campus Virtual Moodle 2.5 que se implantou para dar soporte a docencia no curso académico 2013-14.

Baixo o Programa de accións formativas para o PAS, desenvolvéronse 54 cursos e obtiveron diploma 919 persoas, dos cales 488 foron de asistencia e 431 de aptitude. Continuouse afondando na formación en idiomas e na telepresencial en informática e prevención de riscos, e renovouse o acordo de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública para facilitar a formación.

Nº de asistentes no Plan de formación do PAS 2013



Ante as dificultades de incorporación de novo persoal derivadas das restricións legais, a USC puxo en marcha en 2013 un plan de formación para o PAS que se considera estratéxico para a adquisición de capacidades e de novos coñecementos esixidos por procesos como a internacionalización, a implantación da administración electrónica, a prevención de riscos laborais ou as directrices de calidade, entre outros. Así, leváronse a cabo diversos cursos específicos pero de aplicación transversal para distintos colectivos, entre os que cabe salientar:

- Formación de formadores en administración electrónica. Para avanzar cara consecución dos obxectivos establecidos no Plan de implantación da administración electrónica na USC 2013–2015, impartíuse este curso para dar a formación necesaria en administración electrónica a un grupo de formadores que serán os responsables de apoiar o desenvolvemento dos grupos de traballo en diferentes servizos da Universidade.
- Seguridade nas TIC. O obxectivo deste curso foi mellorar as capacidades do persoal da ATIC no uso avanzado do *logger* e a configuración e uso da solución de correlación Arcsight, cun contido personalizado de acordo coas necesidades da USC.
- XII Curso de Réxime Xurídico das Universidades. Nel analizáronse os cambios nos que está inmersa a Universidade española; a nova normativa ditada nos últimos anos en materia de investigación e os seus efectos sobre o réxime xurídico da propiedade intelectual; os efectos e incidencias da lexislación laboral estatal sobre as universidades; a incidencia da normativa estatal sobre a autonomía universitaria; os axustes orzamentarios, etc. Participaron 115 persoas de distintas universidades españolas.
- Formación telepresencial, fundamentalmente encamiñada á prevención de riscos e as tecnoloxías informáticas.
- USC cardiosaudable. A adquisición de desfibriladores e material complementario para conseguir unha Universidade cardioprotexida, fixo necesario que se impartiran os cursos de adestramento para o uso destes equipos polo PAS.

3.3. Igualdade e conciliación

No relativo ás políticas de [igualdade](#) o fito máis relevante no ano 2013 foi a aprobación do [II Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes](#) da USC (II PEIOMH). A finais do 2012 constituírase a Comisión redactora formada pola Comisión de implantación e seguimento do PEIOMH máis unha comisión asesora na que estaban representados todos os colectivos universitarios. Neste sentido, o proceso de elaboración do Plan foi eminentemente participativo coa vontade de establecer un consenso e un compromiso inclusivo da comunidade universitaria. Finalmente despois do longo proceso de redacción coordinado dende a [OIX](#), o Consello de Goberno na sesión do 16 de decembro de 2013 deu a súa aprobación por unanimidade ao [II PEIOMH](#).

Este Plan contén 6 áreas, 9 obxectivos xerais, 24 obxectivos específicos e 75 accións. Entre as principais novidades con respecto ao primeiro, destacan: a creación dunha área específica para formación, docencia e investigación, dada a importancia da formación en materia de xénero para avanzar na consecución da igualdade; a implicación dos centros docentes para o cumprimento do Plan, a través de accións específicas, e o compromiso coa elaboración e implantación dun protocolo de acoso sexual e por razón de sexo que garanta plenamente un espazo de protección e seguridade para calquera membro da comunidade universitaria.


Ademais da elaboración do II PEIOMH, a OIX organizou ou promoveu diversas actividades:

- En xuño a USC acolleu a I Xornada Universitaria Galega en Xénero: roles de xénero en tempos de crise, organizada polas unidades de igualdade das tres universidades galegas, como un punto de encontro e reflexión do PDI dedicado e preocupado pola investigación en xénero.
- Este ano recoñeceu o labor a prol da igualdade do [Servizo de Vixilancia da Saúde](#) no acto conmemorativo do día Internacional das Mulleres. Con motivo da conmemoración do Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres na USC presentouse o libro “Sete relatos curtos contra a violencia de xénero” e púxose en marcha a iniciativa de difundir un manifesto –redactado polo CIFEX– para facer explícito o rexeitamento desta lacra social.
- Convocouse a IV edición dos premios a introdución da perspectiva de xénero na docencia e na investigación, que incentivan as iniciativas nesta liña do PDI, e o III Certame fotográfico Ruth Matilda Anderson, que promove a visibilización do traballo das mulleres e a ruptura dos estereotipos de xénero.
- Promovéronse actividades formativas en xénero como o curso “Así falan eles, así falan elas. A interacción de xénero e a docencia universitaria”, dirixido ao PDI, o curso “A introdución dos informes de impacto de xénero na institución universitaria”, dirixido ao PAS, e o “Obradoiro de liderado feminino no ámbito universitario”, conxunto para PAS e PDI.

Na defensa da igualdade entre mulleres e homes destaca tamén a actividade do programa [Woman Emprende](#), que será comentada no capítulo 4 ao falar do fomento do emprendemento na USC.

No marco da [conciliación](#) da vida laboral coa persoal e familiar, a USC facilita ao seu persoal varias posibilidades: a [Escola Infantil Breogán](#) no campus de Santiago, as axudas para a escolarización de nenos de 0 a 3 anos no campus de Lugo (“cheque-bebé”, ao que se destinaron 43.938 euros no curso 2012–13 materializados en 30 axudas), ou o programa Verán CampUSC, xestionado pola [Fundación USC Deportiva](#), que desenvolveu en 2013 a súa quinta edición en Santiago, cunha oferta de cinco quendas de xuño a setembro e horarios ampliados respecto das edicións anteriores, e con prezos que se mantiveron fixos dende a edición do 2011.

Evolución da oferta de Escola Infantil Breogán (curso 2005-06 a 2012-13)



Cabe destacar que o programa Verán CampUSC tense consolidado como unha das actividades de conciliación máis importantes de Compostela e cunha alta valoración de satisfacción por parte das familias usuarias do programa.



3.4. Selección e promoción, compensación e beneficios sociais

Como xa indicabamos na introdución deste capítulo, as nosas políticas de **selección, promoción, compensación e beneficios sociais** víronse comprometidas en 2013 pola redución do financiamento e polas normas estatais e autonómicas que limitaron a nosa autonomía en materia de convocatoria de prazas e afectaron ás retribucións dos/nos/as traballadores/as.

No que respecta ao Personal Docente e Investigador, no curso 2012/13, os maiores esforzos no primeiro semestre do curso centráronse na xestión da convocatoria de

prazas de PDI laboral efectuada por resolución reitoral do 21 de setembro de 2012 e parcialmente anulada por resolución do 16 de novembro de 2013. A xestión centrouse, polo tanto, nos concursos que tiveron continuidade (8 prazas de profesor contratado doutor – 2 ERC–Starting Grant, 4 RyC e 2 interinos de longa duración – e 1 praza de profesor axudante doutor). En virtude do acordado polo Consello de Goberno o 23 de marzo de 2012, nesa mesma data convocáronse 16 prazas de profesor contratado doutor, 15 vinculadas á estabilización de investigadores do programa I. Parga Pondal 2006–2011, creadas no mes de setembro tras obter os investigadores a avaliación favorable do seu curriculum pola ANEP, e 1 praza vinculada á estabilización dun investigador do programa RyC que remataba o contrato en febreiro de 2013. No mes de outubro xestionouse tamén a creación de 6 prazas de profesor contratado doutor para facilitar a estabilización de investigadores do programa IPP 2007–2012, tras obter os investigadores a avaliación favorable da ANEP.

Xa no segundo semestre, a toma de decisións e a xestión centráronse na programación dos recursos de PDI para o curso académico 2013–14: prórrogas de contratos de profesorado asociado, PACS e lectores; reposición de vacantes... As actuacións de carácter estrutural sobre prazas de PDI quedaron á espera de obter a preceptiva autorización da Xunta, que xa fora solicitada pola Universidade no mes de novembro de 2012 e reiterada por petición daquela nos meses de xaneiro e abril de 2013, esta última con posterioridade á aprobación da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. A resposta a estas solicitudes produciuse nos meses de agosto e setembro polo que ata ese momento non puideron ser adoptadas as correspondentes decisións estruturais.

Unha vez recibida a non autorización para convocar prazas de Contratado Doutor, pero si a súa cobertura interina, procedeuse a nomear 12 profesores interinos de Contratado Doutor correspondentes a Profesores Axudantes Doutores que remataban contrato. Ademais, iniciáronse os trámites para a saída a concurso e posterior contratación na mesma figura de profesor interino de Contratado Doutor, das prazas correspondentes á estabilización de investigadores dos programas Ramón y Cajal e Parga Pondal.

No curso 2013/14, tras fracasar os intentos de conseguir a taxa de reposición dinámica, e co fin de dar saída á convocatoria anulada de prazas de Profesor Titular de Universidade e facilitar a estabilización de persoal con ERC–Starting Grant, convocáronse 4 prazas de esta categoría correspondentes á taxa de reposición do ano 2013. O Consello de Goberno aprobou a creación de catro prazas de profesor titular de Universidade, tres delas vinculadas á estabilización e promoción de investigadores con axuda Starting Grant e unha para a área de Música do Departamento de Historia da Arte correspondente á convocatoria anulada en 2012. Por outra banda, acordouse convocar os concursos para a cobertura interina das prazas de contratado doutor creadas para dar estabilidade aos investigadores Parga Pondal e Ramón y Cajal. En concreto, convócanse 2 concursos para Parga Pondal da convocatoria de 2007 e 4 para a de 2008 así como catro máis para os Ramón y Cajal de 2008.

En relación cos xuízos abertos con sete profesores contratados como asociados LRU cuxas prazas non foran renovadas e resultaran amortizadas tras ter esgotado as sucesivas prórrogas para adaptarse ás figuras establecidas na LOU e na LOCTI, no ano 2013 recibíronse dúas sentencias declarando nulos os despedimentos e obrigando a readmitir aos traballadores coa condición de persoal indefinido e recoñecéndolles a súa antigüidade. Sen embargo, en novembro o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia admitiu o primeiro recurso presentado pola USC, considerando que o contrato de interinidade suscrito co docente era lícito e válido, así como o cese, «pois finalizadas as necesidades docentes alegadas e acreditadas, produciuse a amortización da praza e desapareceu a causa do contrato», polo que «non se pode apreciar a existencia dun despedimento, senón dun cese axustado a dereito». Así, o tribunal ordenou revocar a resolución xudicial, desestimar a demanda e absolver á Universidade.

No que se refire ao PAS, debemos recordar que nos anos 2010 e 2011 publicáronse as Ofertas de Emprego Público nas que se recompiláronse OPEs anteriores por non estar publicadas dende 2008. Isto permitiunos poder publicar convocatorias de concurso-oposición e lograr unha elevada diminución da temporalidade. No ano 2013 remataron 3 procesos selectivos de funcionarios, polo procedemento de concurso-oposición, cun total de 59 prazas ofertadas, e 5 de persoal laboral cunha oferta de 10 prazas. Así mesmo convocáronse 21 procesos selectivos de persoal laboral, pendentes de resolver, cunha oferta de 35 prazas, e 114 postos por concurso de méritos en 3 convocatorias. Deste xeito, puxéronse en marcha todos os procesos previstos na OPE 2010, agás aqueles que caducaron a 31 de decembro de 2013 por petición formulada pola Xunta de Persoal, que foi aceptada pola xerencia. Respecto aos procesos da OPE 2011, a maioría están convocados e nos restantes xa se iniciou o proceso de cara a súa convocatoria.

Tamén, co obxecto de cubrir necesidades detectadas e continuar coa promoción do PAS, creáronse 5 postos de funcionarios e 2 de laborais.


Cabe tamén destacar que en 2013 traballouse nunha proposta de normativa para a contratación de persoal con cargo a actividades de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i), no que atinxa a categorías, funcións e abano de retribucións, aprobada polo Consello de Goberno en marzo de 2014.

Por outra banda, a finais de marzo de 2013 firmouse co Comité Intercentros do PAS laboral o acordo para acceder á xubilación parcial anticipada para o PAS laboral fixo, ao que se poderán acoller ata 2018, un total de 115 efectivos. Máis de 30 xa se acolleron a este acordo, que está permitindo facer unha renovación do cadro de persoal e unha reestruturación pola contratación dos de remuda en áreas e servizos nos que se detectan máis deficiencias de persoal ou necesidades non cubertas por mor das restricións implantadas polas normativas que nos son de aplicación. Tamén nos permite acadar un aforro de case 200.000 euros/ano, polo rexuvenecemento do cadro de persoal.

A nova normativa e a contracción do financiamento afectaron tamén a algúns dos beneficios sociais postos pola USC a disposición do seu persoal. Así, por imperativo legal nos anos 2012 e 2013 non houbo achegas ao plan de pensións.

Finalmente, o programa de intercambio de vacacións do PAS goza dunha ampla acollida entre o noso persoal, e no 2013 incrementouse a participación do PAS da USC (no 2012, ocupáranse 495 das 520 prazas ofertadas) e reduciuse a do PAS doutras universidades que cubriu unha praza na USC (500 no 2012).

Programa de intercambio de vacacións do PAS 2013



3.5. Seguridade e saúde

A preocupación pola **seguridade e saúde** do noso persoal materialízase nun conxunto de actuacións plenamente instauradas e sistematizadas na nosa estrutura organizativa, esencialmente a través do **Servizo de Prevención de Riscos** e o **Servizo de Vixilancia da Saúde**.


En relación coa **seguridade no traballo**, en 2013, e baixo o **Plan de prevención de riscos laborais** aprobado en 2012, leváronse a cabo as seguintes accións:

- Definiuse o protocolo de actuación para xestionar os comunicados de riscos. Calquera traballador/a pode emitir un comunicado, que o **Servizo de Prevención de Riscos** ten que valorar e levar a cabo as actuacións que procedan. No ano 2013 xestionáronse 97 comunicados.
- Todos os accidentes de traballo son investigados polo **Servizo de Prevención de Riscos** para detectar as súas causas e propoñer medidas correctoras. Durante o ano 2013 foron notificados e investigados 106 accidentes de traballo.
- Procedeuse á adquisición de desfibriladores e material complementario de xeito que, unha vez instalados, todos os centros da USC, tanto en Santiago como en Lugo, pasarán a estar baixo o seu radio de protección, ben por estar situados no propio

centro ou na súa proximidade. Xa se ten procedido a impartir a formación habilitante para o uso destes equipos ao PAS. En febreiro de 2013 déronse de alta os desfibriladores do campus de Santiago de Compostela na base de datos do 112/061 e proximamente farase o mesmo cos do campus de Lugo. Unha vez rematado este feito procederase a facer entrega dos desfibriladores aos responsables dos centros nos que se ubican e colgarase na WEB do [Servizo de Prevención de Riscos](#) un mapa indicativo das ubicacións dos desfibriladores da USC. Vaise dotar a cada responsable dun teléfono localizador.

En 2013 desenvolvéronse 3 novas avaliacións iniciais de risco, 19 actualizacións de avaliacións iniciais e un total de 18 avaliacións específicas nas áreas de Hixiene, Ergonomía e Psicosocioloxía. Realizouse a posta en conformidade de 11 equipos de traballo situados en diferentes centros e servizos, implantáronse novos plans de autoprotección en 6 centros e actualizáronse os de 13 centros.

Actividade preventiva en 2013



Formación en equipos de emerxencia 2013

Tipo de curso	PA	D	C
Curso de primeiros auxilios para equipos de emerxencia	44	8	9
Curso de situacións de emerxencia para equipos de emerxencia: actuacións en caso de emerxencia	251	34	14
Curso de situacións de emerxencia para equipos de emerxencia: comportamento humano en caso de emerxencia	251	34	14


PA: Persoal Asistente
D: Duración total (horas)
C: Número de centros

Ademais, a USC trata de consolidar unha cultura de prevención desenvolvendo diversas accións formativas en prevención de riscos e equipos de emerxencia. En 2013 impartíronse 219 horas de formación en prevención de riscos a 617 asistentes, e 1.024 horas de formación en equipos de emerxencia a 546 asistentes.

En relación coa **vixilancia da saúde**, no **Servizo de Vixilancia da Saúde** realízanse recoñecementos preventivos a todo o persoal da Universidade, de carácter periódico e personalizado, previo á contratación, a petición da persoa interesada ou a petición de terceiros.

Tras o notable incremento da actividade no período 2010–2012, en 2013 reduciuse o número de recoñecementos periódicos ordinarios, os recoñecementos iniciais por incorporación de novos/as traballadores/as, e o número de vacinacións.

Actividade preventiva: evolución 2011–2013 e recoñecementos médicos en 2013




No marco desta cultura de prevención, leváronse tamén a cabo varias campañas de diagnóstico precoz de enfermidades, destacando a realización dunha campaña divulgativa para a prevención de trastornos músculo–esqueléticos.

Campañas de detección 2013

Obxecto da campaña	Nº de probas ou revisións
Cancro de colon: determinación de sangue en feces	185
Glaucoma: probas de tensión ocular	814
Riscos cardiovasculares	842
Cancro de mama (en mulleres)*	365
Lesións neoplásticas e preneoplásticas de boca	842
Cancro de próstata	131
Prevención de lesións músculo–esqueléticas	4.433

As prácticas preventivas realizadas tradúcense nun número reducido de accidentes laborais. Pese a todo, no ano 2013 aumentou a sinistralidade laboral na USC, pois producíronse 14 accidentes “in itinere” (11 máis que no ano anterior) e 11 no centro de traballo, cun total de 1.486 días de baixa por sinistralidade, sendo a duración media das baixas de 59 días.

Sinistralidade laboral 2011–2013





Xestión social do coñecemento

4 XESTIÓN SOCIAL DO COÑECEMENTO

O ámbito da **xestión social do coñecemento** do noso modelo de responsabilidade social integra todas as actuacións orientadas a garantir a calidade e a pertinencia da formación que impartimos e da investigación que levamos a cabo, e a procurar a transferencia de coñecemento cara a sociedade para contribuír á mellora do seu benestar.

Neste ámbito, o noso estudiantado adquire un papel protagonista, xa que a súa formación como futuros/as traballadores/as non só require desenvolver de forma axeitada o proceso de ensino–aprendizaxe, senón tamén favorecer o seu crecemento persoal e facilitar a súa integración tanto na vida universitaria coma no mundo profesional.

É preciso recoñecer tamén a importancia que o noso persoal, en particular o persoal docente e investigador, posúe neste ámbito, pois do seu ben facer, a súa entrega e o seu esforzo depende o éxito do noso compromiso de xestión social do coñecemento.

En 2013 a nosa actividade docente e investigadora viu marcada polo avance na adaptación aos requirimentos dun contexto cada vez máis competitivo, esixente e globalizado, polo debate en torno a reordenación de titulacións no SUG, e polos drásticos recortes no eido da I+D+i. Revisamos nos seguintes epígrafes os principais feitos e actuacións deste período.

4.1. Xestión social do coñecemento a través da docencia

Na USC, a **xestión social do coñecemento a través da docencia** baséase na mellora continua da nosa oferta formativa, co obxectivo de servir mellor ás necesidades do alumnado, dos/as empregadores/as e da sociedade, garantindo a pertinencia e calidade da oferta oficial, potenciando os estudos de carácter profesional (posgrao e formación continua) e traballando para favorecer a inserción laboral dos/as titulados/as. Isto require, ademais, traballar para mellorar o rendemento académico dos/as estudantes e recoñecer e valorar o esforzo daqueles/as que acadan os mellores resultados.

Temos tamén a responsabilidade de articular ou colaborar con outros organismos na creación de mecanismos que posibiliten que as familias con menos recursos e as persoas de maior talento poidan acceder aos estudos universitarios, así como brindar apoio no proceso de ensino–aprendizaxe ao estudiantado que o precisa, tanto a través de titorías como proporcionando orientación, especialmente necesaria ante os cambios que ten suposto a adaptación ao EEES.

Neste proceso de ensino–aprendizaxe, ademais, temos, xunto co noso profesorado, o compromiso de aplicar as mellores técnicas e metodoloxías para acadar os mellores

resultados, fomentando de xeito especial a innovación na docencia a través das novas tecnoloxías, e de promover unha maior participación do alumnado na formación.


Resulta tamén esencial garantir a integración e igualdade de oportunidades de toda persoa que queira formarse na USC. O papel do **Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU)** é clave neste eido.

E, finalmente, na USC tentamos proporcionar ao noso estudiantado coñecementos, competencias e capacidades complementarios para competir no mercado de traballo, fomentando tamén os valores de cidadanía e responsabilidade para que os apliquen tanto no plano profesional coma no eido vital.

4.1.1. Perfil do noso estudiantado

O **estudiantado** é sen dúbida un dos nosos principais **grupos de interese**, e debemos coñecer cal é o seu perfil para adaptar a nosa oferta formativa ás súas necesidades.

Alumnado matriculado en titulacións oficiais e propias (2011–2013) e desglose por tipo de estudio (nº de matriculados e % de mulleres)



No curso 2012–13 cursaron estudos na USC 28.652 estudantes (arredor do 18% no campus de Lugo), sen incluír o posgrao propio e a formación continua, rompendo coa tendencia de crecemento no número de alumnos/as rexistrada nos cursos 2009–10 e 2010–11 e continuando co descenso iniciado no 2011–12. O maior descenso produciuse nos estudos de doutoramento (un 15%), mentres que nas titulacións de 1º


e 2º ciclo e graos foi dun 3,1% e dun 14% no IV Ciclo. Pola contra, a matrícula nos másteres oficiais incrementouse nun 4,9%.

Segue a ser maioritaria a presenza de mulleres (máis do 60% no conxunto das titulacións). O 63,7% do estudiantado de 1º e 2º ciclo e graos da USC foron mulleres, aínda que persisten estereotipos sexistas na escolla de carreiras: as alumnas son ampla maioría nas vinculadas ao coidado das persoas (por exemplo, en Enfermaría ou mestre en Educación Infantil representan máis do 80%), mentres que nas titulacións relacionadas coa informática, as enxeñarías técnicas ou a Física as mulleres son minoría.

A evolución da matrícula nas titulacións de 1º e 2º ciclo e graos debe ser analizada tendo en conta o proceso de extinción das titulacións de 1º e 2º ciclo, no cal progresivamente están a desaparecer os distintos cursos que conformaban cada ciclo, e o paralelo proceso de implantación dos graos, en relación ca maior parte dos cales no curso 2012-13 estíbese a implantar o 3º (en 20 dos 48 impartidos) ou o 4º curso (en 26 dos 48 impartidos).

Por campus, nas titulacións de 1º e 2º ciclo e graos, o 17,9% do alumnado matriculado optou por titulacións impartidas no campus de Lugo, no cal a matrícula dos graos experimentou un crecemento do 46,6%, mentres que no campus do Santiago o incremento foi do 28,4%. Con todo, a caída da matrícula para o conxunto das titulacións de 1º e 2º ciclo e graos foi maior no campus lucense que no campus compostelán (un 6,7% fronte ao 2,5%). A matrícula no posgrao oficial aumentou un 4,8% no campus de Santiago e reduciuse nun 3,5% no de Lugo.

Evolución da matrícula en 1º e 2º ciclo e graos e másteres oficiais por campus (2011-2013)




Segundo a procedencia, no curso 2012-13 arredor do 8% do alumnado foi de fóra de Galicia. A presenza de alumnado doutras autonomías españolas non superou o 5% nas titulacións de 1º e 2º ciclo e graos e nos estudos de doutoramento e mostra a súa


mellor evolución nos másteres oficiais, nos cales alcanzou o 9,1%. Pola súa banda, o alumnado estranxeiro na USC apenas ten presenza nos graos e concéntrase fundamentalmente nos programas de doutoramento (17,4%), cunha recuperación moi significativa respecto ao curso anterior (representou case un 23% do alumnado dos estudos de doutoramento en 2010–11, e só un 8,3% en 2011–12). Aínda que a súa procedencia é moi variada, de máis de 80 países arredor de todo o mundo (maioritariamente de Europa), os países con maior número de estudantes na USC no curso 2012–13 foron Italia, Francia, Portugal, Brasil, México e Alemaña.

Distribución do alumnado matriculado segundo a súa procedencia xeográfica e por tipo de estudo (curso 2012–13)


Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo




Graos



Másteres oficiais




Doutoramento



Cabe destacar tamén que o 50% dos mellores expedientes de Galicia nas probas de acceso á universidade en 2012 cursaron estudos na USC no curso 2012–13 (195 dos 391 que obtiveron unha nota igual ou superior a 9).


Estudiantado matriculado en titulacións de 1º e 2º ciclo e graos por áreas de coñecemento no curso 2012–13



En relación coa distribución do estudiantado matriculado por áreas de coñecemento nas titulacións de 1º e 2º ciclo e graos e másteres oficiais, obsérvase que a área de Ciencias Xurídicas e Sociais segue a ser a que recibe o maior número do alumnado, seguida da de Ciencias da Saúde.


Nos estudos de posgraao propio e formación continua, encamiñados á formación de especialistas, sobre todo en ramas interdisciplinarias e de interese social, cultural, científico-técnico ou profesional, prodúcese tamén unha caída da matrícula que consolida o importante retroceso do curso 2011-12, aínda que no 2012-13 prodúcese unha mellora do 17,3% nos másteres propios. A presenza de mulleres sitúase por riba do 65% tanto nos másteres propios e nos cursos de especialización.

Alumnado matriculado en cursos de posgraao propio e formación continua (2011-2013)



Finalmente, analizamos a evolución do estudantado titulado no curso 2012-13 nas titulacións oficiais da USC. Neste curso remataron os seus estudos as segundas promocións dos graos implantados no curso 2008-09 e as primeiras dos implantados no 2009-10, cun total de 1.317 graduados/as. Redúcese o número de titulados/as no 1º e 2º ciclo nun 15,2%, polo efecto da progresiva extinción das titulacións. Pola contra, aumentan nun 12,5% os/as titulados/as nos másteres oficiais. Destaca especialmente o incremento no número de teses lidas, case dun 40% respecto do curso 2011-12, así como o feito de que por fin parece terse alcanzado a paridade na obtención do título de doutor/a. Convén aclarar que na evolución do número de estudantes que obtiveron o DEA hai que ter en conta que este diploma acreditativo da suficiencia investigadora tras a etapa de formación xa non existe nos novos programas de doutoramento.

Alumnado titulado en titulaci3ns oficiais e propias (2011–2013)



4.1.2. Oferta acad3mica

O an3lise da nosa oferta acad3mica permite avaliar a medida en que na USC orientamos a nosa labor docente a dar resposta 3s demandas e necesidades da sociedade actual, sen esquecer a contribuci3n de moitas titulaci3ns cl3sicas de car3cter b3sico que atesouran una gran traxectoria hist3rica na nosa instituci3n e que pos3en un elevado valor formativo.

A USC impartiu no curso 2012–13 nos seus campus de Santiago e Lugo 63 titulaci3ns de 1º e 2º ciclo (en extinci3n), 48 graos (33 en Santiago e 15 en Lugo, todos con l3mite de prazas), 78 m3steres universitarios (64 en Santiago e 14 en Lugo), tres t3tulos propios (nos eidos da Criminolox3a e a Xesti3n Hostaleira) e 74 programas de doutoramento.

Dos 78 m3steres, 21 foron interuniversitarios e seis de nova implantaci3n, con docencia en ingl3s nalg3n deles: Qu3mica te3rica e modelizaci3n computacional; Estudos avanzados sobre a linguaxe, a comunicaci3n e as s3as patolox3as; Marketing, consultor3a e comunicaci3n pol3tica; Avogac3a; Procurador3a e Planificaci3n e xesti3n do desenvolvemento territorial.

A oferta oficial da USC engloba todas as grandes ramas de coñecemento. Centr3ndonos nos graos e os m3steres oficiais, a oferta na 3rea de Ciencias Xur3dicas e Sociais representou no curso 2012–13 as maiores porcentaxes, en concreto o 35,4% da oferta de graos e o 28,8% da de m3steres oficiais, como corresponde 3 s3a capacidade

de captación de alumnado. Nos graos, a seguinte porcentaxe máis elevada corresponde á área de Humanidades, mentres que nos másteres oficiais corresponde ás Ciencias que, pola contra, posúen a menor porcentaxe da oferta de graos. No caso dos programas de doutoramento, o 25,7% da oferta concentrouse na área de Humanidades, seguida moi de cerca pola de Ciencias Xurídicas e Sociais, mentres que a menor porcentaxe correspondeu ás Ensinanzas Técnicas.

Oferta oficial da USC no curso 2012-13 (nº de titulacións por campus e tipo de estudo)

	1º e 2º ciclo	Graos	Másteres oficiais		1º e 2º ciclo	Graos	Másteres oficiais	
CC. da Saúde	4	6	11		2	3	3	CC. da Saúde
CC. Experimentais	5	4	17		2	0	0	CC. Experimentais
CC. Xurídicas e Sociais	16	13	22		7	4	4	CC. Xurídicas e Sociais
Ensinanzas Técnicas	2	2	5		10	6	5	Ensinanzas Técnicas
Humanidades	13	8	9		2	2	2	Humanidades
Total	40	33	64		23	15	14	Total

	Programas de doutoramento
CC. da Saúde	17
CC. Experimentais	15
CC. Xurídicas e Sociais	18
Ensinanzas Técnicas	5
Humanidades	19
Total	74

En 2013 puxéronse en marcha os cursos ponte para acadar o título de grao na Facultade de formación do Profesorado de Lugo, e continuouse coa análise das titulacións de grao con dificultades, da que xurdiron algunhas propostas que se enviaron para verificación polas axencias de calidade. Así, presentáronse o grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, resultado da fusión de dúas titulacións xa existentes na EPS de Lugo (o grao en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias e o grao en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural), a modalidade semipresencial do grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural, da Facultade de Humanidades de Lugo e unha modificación do Grao en Enfermaría.

Por outra banda, aprobouse a [Normativa sobre dobres titulacións e simultaneidade de titulacións oficiais](#), necesaria para crear un marco normativo que posibilite a creación de programas de formación integral do estudiantado en dúas titulacións oficiais do mesmo ciclo, tanto dentro da USC como en colaboración con outras universidades nacionais ou estranxeiras, para constituír un deseño curricular único. Neste sentido, a USC traballou no desenvolvemento da dobre titulación de grao en Física e Química.

En relación coa conversión en graos dos títulos propios de Criminoloxía e Xestión Hoteleira, no ano 2013 a Comunidade Autónoma non autorizou a súa tramitación

mentres non se negociara o mapa de titulacións oficiais no SUG. En calquera caso, durante o curso 2013/14 enviouse á verificación o Grao en Criminoloxía.

Pódese destacar tamén a implantación da nova titulación de Grao en IV Ciclo, que ten o carácter de ser un Título Propio da Universidade de Santiago e no que se establecen itinerarios de especialización para que os alumnos/as poidan escoller segundo as súas preferencias. O alumnado que realice algún dos Itinerarios Especializados, expediráselles o seu correspondente Certificado da Oficina do Voluntariado. Durante catro anos, será necesario simultanear, esta nova titulación, cos estudos de Grado Sénior e os de Graduado Sénior, xa que unha implantación total traería importantes problemas organizativos.

En relación coa oferta de posgrao oficial, en 2013 continuouse coa revisión do catálogo de másteres cara reorganizar e racionalizar a oferta en función da demanda e a normativa vixente. Nalgúns centros, como a Facultade de Física ou a de Química, realizouse unha reorganización en función do catálogo de cada centro e cara a establecer sinerxías no SUG, xurdindo así o máster en Física e o máster en Química.

No ano 2013 implantáronse 3 másteres que teñen regulación específica de habilitación profesional: Máster en Enxeñería Agronómica, Máster en Enxeñería de Montes e Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria. Ademais, outras novas propostas presentadas para a súa tramitación foron o máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, e o máster en Xestión da Cooperación Internacional e das ONG da Facultade de Ciencias Políticas.

Con data 27 de novembro de 2013 (DOG de 13 de decembro de 2013) a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou á relación de másteres universitarios que non poderán formar parte da oferta de titulacións oficiais universitarias do SUG para o curso 2014-15, o que supuxo unha diminución do número de másteres en 17 titulacións, e a necesidade para algúns centros de reorganizar a fondo a oferta de posgrao, proceso que está en marcha na actualidade.


Cabe destacar tamén que en 2013, e co obxectivo de incrementar o número de estudantes nos diferentes másteres da USC, leváronse a cabo diferentes accións de promoción dos mesmos, consistentes na celebración dunhas xornadas de presentación das diferentes titulacións de posgrao mediante roldas de prensa e a exhibición de posters en distintos espazos dos Campus de Santiago en Lugo.

En relación cos programas de doutoramento, despois da transformación completa da oferta no ano 2012, durante o 2013 xestionáronse para a súa implantación un total de 33 programas de doutoramento propios da USC e 16 programas de doutoramento interuniversitarios (11 deles coordinados pola USC), todos eles adscritos a [Escola de Doutoramento Internacional \(EDI\)](#). Na actualidade a USC conta con 49 programas verificados, que a converte na universidade española con maior oferta de titulacións de doutoramento reguladas polo RD99/2011, como reflicte o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).

En relación cos cursos de posgrao propio e formación continua, en 2012-13 o número de cursos impartidos aumentou respecto ao do curso 2011-12 nos másteres propios,

e de xeito máis relevante nos cursos de especialización o moi significativo nos cursos de formación continua. Isto explícase polo aumento da oferta de cursos de posgrao conformados por varios cursos derivados (de especialización ou formación continua). O deterioro da rendas do alumando favorece a crecente matrícula nos derivados, alongando así o prazo temporal para acadar a titulación do mestrado.

Cursos de posgrao propio e formación continua impartidos* (2011–2013)



* Para o ano académico 2012–13 ofrécese as cifras dos cursos ofertados, non dos efectivamente impartidos.

4.1.3. Calidade da docencia

O compromiso coa **calidade da docencia** abarca diferentes dimensións. Por unha banda, relaciónase co deseño e implantación de sistemas e procedementos de xestión e garantía da calidade nos centros docentes. Por outra, vincúlase de xeito directo co traballo do persoal docente, sendo responsabilidade da universidade pór a súa disposición todos os medios necesarios para o desempeño da súa función docente. Ademais, a calidade da docencia ten moito que ver co aproveitamento das novas tecnoloxías no proceso de ensino–aprendizaxe e coa necesidade de proporcionar unha formación de calidade, orientada ao desenvolvemento de competencias que garantan a inserción laboral dos/as nosos/as alumnos/as. E todos estes esforzos deben ter un obxectivo claro: lograr a satisfacción do estudiantado e un bo rendemento académico.

Tras a experiencia acadada respecto á posta en funcionamento dos SGIC e ante as dificultades xurdidas, formouse grupo de traballo entre a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade e o Colexio de Decanos que levou a cabo en 2013 unha revisión do Sistema Marco de Garantía de Calidade da USC cos seguintes obxectivos de mellora:

- Revisar e actualizar os procesos, adaptándoos ás novas normativas, e simplificar os procedementos. Incorporáronse algúns procesos que non estaban definidos na versión anterior do SGIC como por exemplo a realización de traballos fin de grao e fin de máster.
- Facer explícita a relación entre o Seguimento dos títulos e o Sistema de Garantía de Calidade dos Centros.
- Facer máis explícita a relación de evidencias requiridas especificamente polo SGIC, diferenciándoas das derivadas dos procesos de xestión incluídos no Sistema.
- Reducir o número de indicadores que pasou de 77 a 54. Foron ademais revisados con vistas a mellorar o seu significado.
- Simplificación da documentación. Con este propósito elaborouse un Manual do SGIC simplificado para os centros que constitúe unha guía que contén as tarefas concretas que o centros teñen que desenvolver para asegurar a calidade dos títulos adscritos a eles.

Esta revisión fíxose de conformidade coa ACSUG, de forma que supuxo unha evolución dos SGIC que xa tiñan verificado o seu deseño, sen necesidade de sometelos a unha nova verificación.

No curso 2012–13 rematouse a aplicación informática que da soporte aos sistemas de xestión da calidade (SGIC e ISO 9001) de maneira que as comisións dos títulos xa puideron empregala para a realización dos autoinformes de seguimento dese curso, o que supuxo unha maior facilidade e axilización do proceso.

Os autoinformes correspondentes ao curso 2012–13 de todos os títulos oficiais da USC foron remitidos á ACSUG en prazo e estanse a agardar os informes provisionais de avaliación externa dos títulos que se seleccionaron nesta convocatoria (23 títulos de grao e 17 de máster).

Por outra banda, logo de se ter posto de manifesto en 2012 nos informes de seguimento dos títulos deficiencias nos mecanismos de información pública, a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade coordinou un traballo de mellora da información *on-line* de graos e másteres, no que participaron o SXOPRA a Oficina Web da área TIC e a propia Área de Calidade, que se implementou en 2013.

A mellora do proceso de ensino–aprendizaxe e do aproveitamento que del fai o estudantado, así como do rendemento académico do mesmo, require con frecuencia actualizar a normativa académica. No ano 2013 adoptáronse novas normas relacionadas con:

- Oportunidade de recuperación para os plans de estudio en proceso de extinción, para facilitar ao estudante matriculado nos plans a extinguir o remate da titulación, ofertándolle unha convocatoria de recuperación que lle permita finalizar os seus estudos sen necesidade de adaptarse as Titulacións do EEES.

- Traballos Fin de Grao e Fin de Máster: directrices relativas á definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa dos TFG e TFM que se establezan nos diferentes plans de estudo de Grao e Máster impartidos pola USC.
- Convocatoria fin de carreira para titulacións de Grao: preténdese que aquel alumnado que teña pendente só unha materia para rematar os seus estudos de grao, poda ser avaliado no primeiro semestre do curso académico, aínda que non plan de estudos dita materia se imparta no segundo semestre, evitando ter que esperar todo un curso académico para finalizar os estudos de grao.
- Recoñecemento de niveis de idiomas e acreditación da lingua estranxeira para a obtención do título de grao: As liñas xerais para a elaboración dos plans de estudio de grao na USC aprobadas polo Claustro, e a Orde Ministerial ECI/3858/2007 pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de Profesor de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación profesional e Ensino de Idiomas, esixen a obtención do B1 de nivel de idiomas. Con este documento preténdese determinar as bases para facer efectivo este recoñecemento, establecendo as formas de acreditar as titulacións.

En relación coa figura do docente, ademais da formación continua ofrecida a través do PFID, en 2013 avanzouse no deseño dun sistema propio de avaliación da calidade docente do profesorado mediante a participación na terceira convocatoria experimental do programa *Docentia* (na cal participaron 53 profesores/as). O remate no 2014 da terceira convocatoria proporciona elementos para considerar que o modelo de avaliación docente está probado na universidade aínda que son necesarios algúns axustes para poder certificalo.

O ratio de estudantes por profesor resulta tamén un indicador axeitado para a avaliación da calidade docente e do esforzo docente por PDI. Tendo en conta o número de estudantes matriculados nas distintas titulacións e a cifra de profesorado equivalente a tempo completo en cada unha delas, no curso 2012–13 rexistrouse un ratio medio do 6,32 nos graos, con diferenzas substanciais por titulacións, mentres que nos másteres o ratio medio foi de 1,4 estudantes por profesor. Pode consultarse *on-line* o detalle por titulacións tanto para os graos coma para os másteres.

No tocante ao avance na implantación das TIC no proceso de ensino–aprendizaxe, no curso 2012–13 comezouse a facer uso do LMS Moodle (na súa versión) 2.2 no *Campus Virtual* da USC. Fíxose a actualización á versión 2.5 por adaptarse mellor as necesidades de certos métodos e melloráronse aspectos relacionados co deseño gráfico e coa conexión coas bases de datos de POD e matrícula, así como coa configuración de permisos e funcionalidades, estando a nova versión dispoñible para o profesorado no mes de xullo.



MENÚ PRINCIPAL
De interese para o profesorado

- Espacio de Asesoramento para a Docencia no Campus Virtual

NAVEGACIÓN

Páxina principal

- Área persoal
- Páxinas do sitio
- Meu perfil
- Os meus cursos

ADMINISTRACIÓN

- Configuración do meu perfil

Benvido/a ao Campus virtual

Durante o curso académico 2013-2014 seguimos facendo uso do software libre para o noso Campus Virtual. A plataforma Moodle, na súa versión 2.5, aporta as ferramentas necesarias para lograr unha boa integración na docencia e favorecer o proceso de aprendizaxe.

Recorda que o servizo do Campus Virtual da atención e asesoramento nas seguintes direccións:

- Apoio á docencia e innovación. ceta@usc.es
- Incidentes de matrícula e de acceso ás aulas virtuais. cau@usc.es

Avisos importantes sobre o Campus Virtual

- Espacio de Asesoramento para a Docencia no Campus Virtual

AVISO PARA O PROFESORADO:

As aulas virtuais están configuradas por defecto como ocultas para os estudantes. Para facelas visibles debes entrar na aula correspondente, acceder ao menú "Administración > Editar configuración" e modificar a opción "Visible". Recorda gardar os cambios para facelos efectivos.

CALENDRARIO

Maio 2014

lun	mar	mér	xov	ven	sáb	dom
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

PRÓXIMOS EVENTOS

- Fin do 2º semestre
Martes, 13 de Maio, 23:55
- Entrega actas
Mércres, 14 de Maio, 00:00
- TRABAJO 4
Luns, 19 de Maio, 23:55

[Ir ao calendario](#)

No 2013 observouse un incremento importante na utilización dalgunhas ferramentas do Campus Virtual, como o Foro (creáronse 4.796 foros), e outras ferramentas de aprendizaxe cooperativa ou colaborativa como son a base de datos, o glosario, a wiki e o taller.

Curso tras curso vaise incrementando a utilización polo profesorado das novas metodoloxías docentes que facilitan a comunicación co estudantado cara darlle o apoio que necesita para un aprendizaxe autónomo. Esta adaptación precisa de medios materiais e de plans de formación do PDI.

Como en anos anteriores, dende o CeTA se desenvolveron actividades de formación específicas, dentro dos cursos á demanda, para varios centros como a EPS ou a Facultade de Humanidades de Lugo, sobre Formación semipresencial no Campus Virtual, ou a Facultade de Filoloxía, a Facultade Ciencias da Comunicación sobre Ferramentas interactivas para a docencia ou Creación e xestión de perfís persoais en Google Scholar Metrics: Índice h e visibilidade da produción académica.

En relación con cómo as novas tecnoloxías están a cambiar o modo de traballo de estudantes e docentes, podemos destacar tamén que en setembro de 2013 modificouse o servizo de reprografía na USC, implantándose o sistema "Campus na nube" no campus de Santiago, que funciona a través dunha plataforma en internet. Apóstase así pola dixitalización dos apuntes, e a substitución de parte dos despachos de atención ao público por unha rede de máquinas de autoservicio. Os usuarios poden encargar os documentos a imprimir, dispoñibles nun repositorio dixital institucional, dende calquera ordenador, e realizar as copias nas 25 máquinas instaladas nas facultades, bibliotecas e residencias coa súa tarxeta universitaria (TUI). Mantense atención persoal en 8 centros de servizos dixitais: a tenda de Unidixital na Casa Gradín; a tenda de Tórculo en Mazarelos; nas facultades de Psicoloxía, Económicas, Medicina, Filoloxía e Dereito, e no aulario Nóvoa Santos do CHUS. Está prevista a extensión do sistema ao campus de Lugo.

En canto á calidade da oferta académica, cabe destacar o recoñecemento oficial destes programas de doutoramento a través das mencións de excelencia, que recoñecen

a súa solvencia científico-técnica e formadora. No curso 2012-13 18 programas mantiñan en vigor a mención de excelencia.


Os mecanismos e actuacións postos en xogo pola USC para garantir a calidade da docencia teñen un claro indicador do seu éxito ou fracaso: a satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

A Vicerreitoría de responsabilidade social e calidade acometeu a tarefa de redactar os procedementos que rexen os diferentes procesos de medición da opinión dos grupos de interese, entendendo os beneficios de ter un procedemento que poda ser consultado. No 2013 redactouse o procedemento asociado á enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que foi aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación.

A satisfacción do estudiantado relativa á mobilidade, prácticas externas, información e xestión administrativa da universidade é necesaria nos procesos de seguimento dos títulos de grao e máster oficial e na súa renovación da acreditación, polo que nestes anos pasados definíronse os cuestionarios e os procedementos asociados á realización destes estudos.

En abril do 2013 concretáronse os cuestionarios de prácticas externas tanto para o estudiantado coma o titor/ra académico/a e profesional que se empregaron para a medición da satisfacción do estudiantado e dos/as titores/as académicos/as do curso 2012-13. No curso 2013-14 estenderase esta medición aos/ás titores/as profesionais e será aprobado o procedemento de realización da enquisa que é de soporte telemático.


No curso 2012-13 realizouse a enquisa de satisfacción do estudiantado de mobilidade entrante nun soporte informático empregando un cuestionario actualizado.



Escala dende 1 (Nada satisfeito/a) ata 5 (Moi satisfeito/a). No curso 2010-11 empregouse unha escala de 1 a 7 nos graos e os másteres oficiais, pero amósanse os valores normalizados en escala 1 a 5 para facilitar a comparación.

Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida amosan unha progresiva melloría nos últimos cursos académicos, especialmente significativa nos másteres oficiais. Tal e como se reflicte no [informe](#) de resultados xeral da universidade do curso 2012–13, a porcentaxe de estudantes que participaron no proceso foi do 31,84%, sendo máis alto no caso dos másteres (39,86%) e nos graos (34,27%) que nas titulacións de 1º e 2º ciclo (20,70%).

Non menos relevante para avaliar a calidade da docencia resulta a satisfacción do profesorado coa docencia desenvolvida, que tamén mellorou lixeiramente, sendo no curso 2012–13 especialmente elevada no caso dos másteres oficiais, nos cales o profesorado soe interactuar dun xeito máis directo co alumnado e mesmo compartir coñecementos directamente vinculados co seu ámbito de investigación.




Outra variable a ter en conta na avaliación da calidade da docencia son os [resultados académicos](#), medidos a través de diversos indicadores.


As taxas de éxito e rendemento no curso 2012–13 amosan certa estabilidade respecto aos cursos anteriores nos graos e os másteres, sendo a variación máis significativa o aumento de case 4 puntos porcentuais na taxa de rendemento nos graos. Por áreas, os mellores resultados corresponden ás Ciencias da Saúde nos graos e ás Ciencias Experimentais nos másteres.

A área de Ciencias da Saúde é tamén a que amosa unha menor taxa global de abandono do título (moitos abandonos son como consecuencia de cambios de título), que no conxunto da USC incrementouse en case 4 puntos porcentuais, sendo o incremento máis significativo o correspondente á área de Ciencias Xurídicas e Sociais (8,6 puntos porcentuais).

Taxas de éxito (2011–2013) e detalle por áreas en 2012–13



Taxas de rendemento (2011–2013) e detalle por áreas en 2012–13



Os resultados académicos reflíctense tamén nos resultados dos exames de Interno Residente (FIR, MIR, PIR, etc.) ou nos premios fin de carreira obtidos polo estudiantado da USC. En relación con estes últimos, en abril de 2013 resolvéronse os Premios Nacionais Fin de Carreira de Educación Universitaria correspondentes ao curso 2009–2010, entre os que figuraban seis titulados e tituladas pola USC. Está aínda pendente de resolución a convocatoria da Xunta de Galicia para os titulados que remataron a carreira no 2013, ano no que se resolveu a convocatoria do curso 2011–12, na que dos 69 premios concedidos, 35 pertenceron á USC (21 á da Coruña e os 13 restantes á de Vigo).

En relación co exame MIR do 2013, a Facultade de Medicina da USC acadou novamente uns excelentes resultados, pois sete dos seus estudantes figuraron entre os cen mellores expedientes (unha delas no posto número 6), o que sitúa á USC, xunto coa Central de Barcelona, a Autónoma de Madrid, a de Navarra e a Autónoma de Barcelona, entre as cinco cos mellores resultados de toda España. No MIR 2014 foron seis os titulados/as da USC entre os cen mellores postos. Tamén no FIR 2013/2014 os licenciados e licenciadas en Farmacia pola USC acadaron uns resultados moi

destacados, pois quince situáronse entre os 100 primeiros postos, e unha delas obtivo o número 1. No PIR 2013/2014, dos cen primeiros, un total de vinte foron ex alumnos da USC, catro deles entre os dez mellores exames cos postos 3, 4, 6 e 8. E na convocatoria de Radiofísico Interno Residente, das 27 prazas ofertadas, graduados/as da USC alcanzaron os postos 6, 7 e 11.

Taxa global de abandono do título en 1º e 2º ciclo e graos (2011–2013) e detalle por áreas en 2012–13




4.1.4. Integración e igualdade de oportunidades

A **integración e igualdade de oportunidades** para o estudiantado baséase, en primeiro lugar, no respecto e atención á diversidade e o desenvolvemento de políticas activas de incorporación e integración de estudantes con necesidades especiais. Con todo, o logro desta integración e igualdade de oportunidades require tamén articular mecanismos de **apoio económico e académico** por parte das autoridades educativas e a propia universidade, procurando garantir que ninguén poida ver limitado o seu acceso á universidade por motivos económicos ou as súas posibilidades de completar a súa titulación por dificultades académicas.

No mes de setembro de 2013 a USC foi galardoada co Premio SOLIDARIOS-ONCE, polos seus traballos organizados dende a Área de Integración do SEPIU a prol da inclusión de estudantes non NEE.


Nº de estudantes atendidos polo SEPIU (2006–2013)



No curso 2012–13 un total de 21 estudantes recibiron apoio por parte do SEPIU, ben a través da contratación de asistentes persoais ou intérpretes de lingua de signos ben a través de apoios técnicos personalizados.

Entre as fórmulas de apoio económico destacan as bolsas ao estudo, sendo as máis importantes as bolsas para estudos de 1º e 2º ciclo do Ministerio de Educación. En termos absolutos, en 2012–13 incrementouse o número de bolsas solicitadas, pero reduciuse o das concedidas nun 3,4%, porcentaxe superado pola caída na contía total das bolsas, dun 4,2%. Por tipo de axuda, cómpre subliñar a redución, sobre o curso 2011–12, do número de axudas en todos os módulos, especialmente no de residencia.


Evolución das bolsas para estudos de 1º e 2º ciclo do Ministerio de Educación (2011–2013) e distribución por módulo en 2012–13



Outros mecanismos de apoio económico ao estudantado relaciónanse cos servizos de aloxamento, restauración e transporte. O SUR e os comedores e cafeterías da USC ofrecen ao alumnado a posibilidade de aproveitar tarifas máis económicas que as doutros establecementos, e anualmente convócanse diversas axudas para moderar o custe de ditos servizos.

No curso 2012–13 ocupáronse 1.136 prazas no SUR, e 981 estiveron subvencionadas (en función da renda dispoñible), por un importe total de máis de 1,5 millóns de euros, o que reflicte un importante incremento respecto do curso 2011.12. Ademais, estiveron aloxados no SUR 27 alumnos/as con necesidades especiais.

Prazas ocupadas e subvencionadas no SUR e importe das subvencións (2011–2013)



Tamén, no curso 2012–13 concedéronse 652 bolsas comedor no SUR por un importe de 738.650 euros, superando de novo o do curso 2011–12.

En relación co SUR leváronse a cabo outras actuacións, entre as que destacan:

- Mantemento dos importes das cotas de residentes do SUR sen variacións dende o curso 2009–2010.
- Simplificación e flexibilización do procedemento de pago de aloxamento dos residentes de convocatoria Xeral mediante a automatización do procedemento de cobro a través de domiciliación bancaria (xa no curso 2011–12).
- Facilitar o pago dos Bolseiros do Ministerio mediante compensación coas bolsas de comedor (curso 2013–14).
- Posta en marcha no curso 2012–13 dun módulo de consulta web para que os solicitantes de praza no SUR poidan coñecer, en cada momento, o estado de tramitación das súas solicitudes.

Entre as accións encamiñadas a apoiar ao estudiantado con talento e escasa disposición de recursos, podemos destacar tamén o mantemento e consolidación (tendo en conta os especiais momentos de crise) das convocatorias de axudas de IV Ciclo, axudas ao alumnado con dificultades económicas por causas sobrevidas (orçamento de 25.000 euros), ou as subvencións de prezos públicos para o persoal da USC (452.230,74 euros en 2013).


No curso 2012–13 destináronse tamén 3.988,02 euros para subvencionar os prezos do transporte urbano (bonobús), un 37% máis que no curso anterior.

E un ano máis, a USC e a Sociedade Cooperativa Galega Mercado de Abastos de Santiago concederon 10 bolsas destinadas a promover o consumo de produtos frescos entre o estudiantado do campus compostelán, cunha dotación por bolsa de 30 euros semanais para un período de 5 meses.



No plano académico, seguiu a desenvolver o programa de apoio tutorial extraordinario nas titulacións de 1º e 2º ciclo en extinción, que contou con 156 estudantes matriculados/as, dos/as que aprobaron 116 nas distintas convocatorias (fin de carreira, ordinaria e setembro). Dende o curso 2012-13 observouse unha diminución no alumnado con posibilidades de solicitar o apoio tutorial debido a extinción das licenciaturas e diplomaturas e a implantación das novas titulacións de grao.


Estudantes no Programa de apoio tutorial extraordinario (2011-2013) e resultados en 2012-13



4.1.5. Inserción laboral

Para contribuír á inserción laboral dos/as titulados/as a USC conta cun servizo de orientación personalizado xestionado a través dos **Servizos de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE)**, e favorece a posta en contacto directo do alumnado co mercado laboral mediante a promoción das prácticas profesionais e reforzando os programas de orientación profesional e inserción laboral.

Actividade da AOL no campus de Santiago (2010–2012)




No 2013 mantívose con plena operatividade o servizo da **Área de orientación laboral**, a pesar da ausencia da convocatoria de prazas de fomento do emprego por parte da Xunta de Galicia, que nutrían en gran parte este servizo. Entre xaneiro e decembro de 2012 no campus de Santiago realizáronse 1.421 entrevistas de orientación (máis que en 2011) e aumentaron tamén as entrevistas informativas (1.100) e o número de asistentes as accións formativas (925 asistentes en 35 sesións).


A USC fomenta os programas de prácticas para os/as estudantes e titulados/as a través do **Consello Social da Universidade**, a **Fundación Empresa–Universidade Galega (Feuga)** e o programa **Europrácticum**. Por outra banda, as titulacións oficiais e os programas oficiais de posgrao e propios ofertan tamén a posibilidade da realización de prácticas ao estudiantado.

Prácticas realizadas a través de Feuga (2011–2013)

A través de **Feuga**, no curso 2012–13 realizaron prácticas profesionais 231 titulados/as (o 59,3% mulleres) e 76 estudantes (o 59,2,6% mulleres).



En canto ás prácticas xestionadas a través de Consello Social da USC, nos últimos anos estase a experimentar unha redución da actividade froito dos tempos de crise que dificultan ao tecido empresarial acoller ao noso estudiantado. Así, o número de prácticas realizadas reduciuse nun 32% en 2013 respecto do ano 2012.



A vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo promoveu dende a súa Area de Orientación e Inserción Laboral e en colaboración co Consello Social a sétima edición do programa Europrácticum de prácticas profesionais remuneradas en empresas e institucións europeas, na que no mes de novembro rematou o prazo de inscrición, con 901 solicitudes rexistradas, das que 661 cumprían todos os requisitos esixidos, iniciándose o proceso de selección dos beneficiarios das 78 bolsas desta convocatoria.

En 2013 tanto os servizos de fomento do emprego como diversos centros docentes desenvolveron outras actuacións relacionadas co fomento da inserción laboral do estudiantado:

- No marco do Programa de formación para a empregabilidade, que consta de diferentes obradoiros prácticos sobre habilidades para a busca de emprego impartidos ciclicamente ao longo do ano e impartidos polo persoal da Área de Orientación Laboral, desenvolvéronse no curso 2012–13 41 actividades con 1.155 participantes.

Programa de formación para a empregabilidade (2011–2013)

PERÍODO	Nº de actividades	Total de participantes
Curso 2010–11	34	868
Curso 2011–12	36	923
Curso 2012–13	41	1.155

- Actualización periódica da páxina web e do perfil facebook da Área de Orientación Laboral, co obxecto de facilitar un soporte con información de recursos adaptados ao colectivo universitario para favorecer o seu inicio profesional e a busca efectiva de emprego. Cabe destacar que na corta traxectoria dende que se creou o perfil en facebook, en decembro de 2012, a AOL conta con 516 persoas que seguen e participan activamente na información e novas que transmite.
- Traballouse na convocatoria de bolsas para prácticas en empresas do Banco de Santander–CRUE–CEPYME, para o que foi necesario establecer unha rede de empresas receptoras dos/as bolseiros/as. O servizo de orientación laboral da USC xestionou as 141 bolsas concedidas no curso 2012–13.

Programa Santander CRUE CEPYME de Prácticas en Empresas (2011–2013)

PERÍODO	ALUMNOS INSCRITOS	ALUMNOS ADMITIDOS	CANDIDATOS PRESELECCIONADOS	EMPRESAS ACOLLEDORAS	TOTAL BOLSAS CONCEDIDAS	DOTACIÓN ECONÓMICA
2011–2012	864	576	385 (5 candidatos por praza)	39	77	138.600
2012–2013	1487	981	423 (3 candidatos por praza)	87	141	253.800

- A Rede de Técnicos de Inserción Laboral de Lugo (TIL), un foro de encontro, traballo e discusión de entidades do terceiro sector do que forma parte a USC a través da Área de Orientación Laboral do campus de Lugo, organizou en xaneiro as xornadas ‘Emprega–T’.
- A ETSE desenvolveu o seu V Foro de Empresas para Enxeñaría Informática (FEI'2'12) para pór en contacto ás empresas participantes no programa de prácticas da ETSE e ao alumnado e detectar intereses mutuos na realización de traballos fin de grao nas empresas colaboradoras.

- A Cátedra Banca de Mozos Emprendedores da USC, desenvolveu o programa de orientación profesional ‘Empléa–T’, unha serie de seminarios gratuítos para o estudantado que veñen cubrir competencias transversais de gran demanda polos empregadores. O obxectivo da iniciativa foi atender o baleiro da formación regrada neste ámbito e completar o currículo formativo dos futuros profesionais, preparándoos para afrontar en mellores condicións a súa entrada no mundo profesional.

EMPLÉA-T
SEMINARIOS DE ORIENTACIÓN PROFESIONAL

Conciencia-	27 Febrero
Conóce-	6 Marzo
Posición-	13 Marzo
Comunica-	20 Marzo
Vénde-	3 Abril
Lánza-	10 Abril
Especializa-	17 Abril

Tu Futuro en 7T₅

• info e inscripciones en www.usc.es/ecoade

- Celebrouse a xornada 'UniversoCoop', de difusión de cooperativismo entre o público universitario, na Facultade de Administración e Dirección de Empresas do campus de Lugo. Esta xornada de carácter formativo e de divulgación das potencialidades das cooperativas como fórmulas de emprendemento estaba incluída no programa de actos promovidos pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, en colaboración coa USC, no marco Semana do Cooperativismo no campus de Lugo.

4.2. Xestión social do coñecemento a través da investigación e transferencia

A **xestión social do coñecemento a través da investigación e a transferencia** desenvólvese na USC de xeito paralelo ás tarefas docentes, as cales incorporan os novos coñecementos e os desenvolvementos científicos garantindo a resposta ás necesidades e esixencias da sociedade.

A capacidade investigadora da USC estase a ver limitada e mesmo reducida polos recortes que en materia de I+D+i se veñen aplicando nos últimos anos, en relación tanto coas convocatorias de financiamento coma coas de captación de persoal investigador. Pero pese ás fortes restricións impostas polo contexto de crise económico–financeira, a USC ten conseguido manter, e incluso mellorar, o ritmo de actividade de I+D+i e de produción científica, e aproveitar o potencial dos dous Campus de Excelencia Internacional: **Campus Vida** e **Campus do Mar**, este último promovido polas tres universidades galegas.

En particular, temos intentando manter a transferencia tecnolóxica ao tecido empresarial e contribuír a dinamización socioeconómica do noso contorno, apoiando as iniciativas emprendedoras e implicándonos cos axentes económicos e sociais, transferindo o coñecemento desenvolvido.


Ano tras ano, a USC presenta un balance da súa actividade investigadora e dos seus resultados en transferencia e valorización do coñecemento que confirman a súa posición líder nas áreas científica e tecnolóxica no contexto autonómico, así como unha posición equiparable á das institucións científicas de referencia nacional e internacional.

4.2.1. Capacidade investigadora

A USC trata de garantir o mantemento da **capacidade investigadora** do seu capital humano mediante a dotación de prazas de formación de investigadores/as, a promoción da carreira investigadora, os programas de mellora da cualificación investigadora do seu PDI e a través dos servizos da universidade que especificamente prestan apoio ás actividades de I+D+i.

En 2013 reduciuse a porcentaxe de PDI implicado en actividades de I+D (proxectos, contratos, convenios, cursos, reunións científicas, servizos técnicos e asesorías), como consecuencia dos menores recursos dispoñibles para o seu desenvolvemento e das

maiores esixencias docentes que impón o EEES. No PDI inclúense os contratos Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal (49 activos en 2013, fronte aos 93, 84 e 60 de 2010, 2011 e 2012, respectivamente).




Nota: os datos de PDI inclúen os contratos Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal.

A forte redución no financiamento da investigación, tanto nos programas nacionais coma nos autonómicos, comporta unha importante contracción no volume do persoal con cargo a actividades de I+D: a excepción da leve melloría no persoal contratado con cargo a actividades de I+D, como xa vimos no apartado sobre o perfil do persoal, en 2013 contouse con 65 bolseiros/as menos que en 2012, e reduciuse tamén a contratación de persoal con cargo a programas de captación de recursos humanos para I+D, tendo en conta que algúns non foron convocados neste ano.

Esta situación paliouse relativamente coas convocatorias de formación de persoal investigador promovidas pola Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia) coa colaboración das tres universidades do SUG. En 2013 a USC formalizou 76 contratos que se beneficiaron das axudas á etapa posdoutoral, xunto coa captación de 8 Ramón y Cajal, 2 Juan de la Cierva e 1 Marie Curie, e 54 contratos que se beneficiaron das axudas de apoio á etapa predoutoral, aos que se sumaron outros 44 contratos predoutorais captados (15 FPI e 29 FPU).

Doutra banda, e financiado pola Consellería de Educación no marco do Plan de Financiamento das Universidades do SUG, iniciouse en 2013 un importante programa dirixido a investigadores posdoutorais que posibilita a súa mobilidade internacional e, así mesmo, abre a porta ao seu retorno a través de un contrato de reincorporación dun ano. Neste programa a USC acadou o financiamento de 41 contratos que prorrogan a carreira investigadora de xoves formados nos nosos grupos de investigación e manteñen a súa vinculación coa nosa institución.

Persoal contratado con cargo a programas de RRHH de I+D (2011-2013)




(1) Programas predoutorais: FPI, FPU, FIS, María Barbeito e contratados predoutorais USC.

(2) Programas posdoutorais: Juan de la Cierva, Ánxeles Alvariño, Marie Curie e contratos posdoutorais USC.


(3) Técnicos: programas de persoal técnico de apoio e de tecnólogos Isabel Barreto e Lucas Labrada.

Contratos pre e posdoutorais captados por grandes áreas en 2013




A cualificación investigadora do PDI condiciona tamén a capacidade investigadora da universidade, e reflíctese, entre outros indicadores, no número de sexenios de investigación acadados. O número de tramos de investigación recoñecidos ao PDI da USC seguiu aumentando no período 2013: o 31,8% dos catedráticos/as de universidade tiñan recoñecidos cinco ou máis sexenios de investigación, e máis do 68% xa tiñan recoñecidos catro ou máis sexenios. Pola súa banda, o 30% dos titulares de universidade contaban con tres ou máis tramos de investigación recoñecidos, mentres que a porcentaxe de profesorado contratado doutor cun tramo recoñecido reduciuse ao 28,8%, tras terse elevado do 27,5% en 2010 ata o 30,9% en 2012.

Porcentaxes de sexenios concedidos en función da categoría do profesorado (2011–2013)



A captación de recursos económicos externos, ben pola vía institucional a través de concursos competitivos, ben polas relacións coa sociedade e o sector económico, é outro elemento fundamental para asegurar a consolidación e o desenvolvemento das áreas e liñas de investigación científicas e tecnolóxicas.

Recursos externos captados para I+D 2011–2013 (contías en miles de euros)




*Non dispoñible o desglose.

Aínda que ata 2010 o volume de recursos externos captados conseguiu manterse a pesar das reducións nos orzamentos públicos dedicados a I+D, no ano 2011 prodúcese un decaemento substancial dos recursos captados tanto a través de convocatorias públicas, que se viron fortemente reducidas a causa das políticas de axuste derivadas das de consolidación fiscal das distintas administracións, como a través de contratos e convenios, mostrando a limitada capacidade do tecido económico para seguir investindo en investigación nas universidades tras unha etapa de crise tan prolongada. En 2012 increméntase levemente a captación en convocatorias competitivas en relación con 2011, pero experimenta de novo un forte descenso en 2013. Pola contra, aumentan de xeito significativo os recursos captados mediante contratos ou convenios con empresas e institucións e en accións institucionais.

Por áreas de coñecemento, comprobamos que a de Ciencias da Saúde é a que consegue a maior contía media de recursos captados mediante convocatorias competitivas, seguida de lonxe polas de Ciencias Experimentais e Humanidades (que rexistrou un incremento do 105% respecto do 2012), mentres que a través de contratos e convenios son as áreas de Ensinanzas Técnicas e Ciencias Experimentais as que acaparan as maiores contías medias, con incrementos do 102% e 109% respectivamente.

Contía media de recursos externos de I+D captados en 2013 por áreas de coñecemento (miles de euros)



Debe destacarse singularmente o esforzo que a USC está a realizar para posicionar as súas capacidades de investigación na contorna internacional, especialmente a europea, capital tanto dende o punto de vista da captación de retornos económicos como de presenza nos ámbitos de decisión científica e tecnolóxica.

Por unha banda, continuando o traballo iniciado no marco da Conferencia de Reitores das Universidades da macrorrexión do Suroeste de Europa (CRUSOE), integrada polas universidades de Galicia, Norte de Portugal e Castela-León, a USC participou activamente durante o ano 2013 na definición dunha matriz de capacidades de I+D+i

do conxunto de membros da rede co fin de deseñar unha estratexia común que permita mellorar tanto o posicionamento estratéxico desta macrorrexión en ámbitos como a saúde, alimentación, xestión forestal e pesca, auga, lingua e patrimonio ou enerxía e medioambiente, nas que existe unha masa crítica importante para competir internacionalmente, así como para a captación de recursos.

Por outra banda, nos derradeiros meses de 2013 traballouse nunha estratexia propia para impulsar a presenza da USC no novo programa Horizonte 2020 (H2020), que rexerá o financiamento da I+D europea nos vindeiros sete anos, así como para posicionar de xeito competitivo á USC no marco da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3) que está a definir a nosa Comunidade Autónoma. Neste proceso, dirixido pola Axencia Galega de Innovación (GAIN), a USC participou activamente nos grupos de traballo creados nos ámbitos de Saúde, Benestar e Vida; Alimentación, Agricultura, Pesca e Biotecnoloxía; Enerxía, Medioambiente e Servizos; Turismo e Cultura; Nanotecnoloxías, Materiais e Tecnoloxías da Produción e TIC cuxas reflexións contribuirán a identificar ás áreas e actividades de especialización onde Galicia pode presentar maiores vantaxes competitivas.

Unha das craves da estratexia de internacionalización da investigación na USC pasa por consolidar a presenza dos grupos de investigación no Programa Marco de I+D. Nese camiño mantívose unha política activa de promoción e apoio na presentación de proxectos nas últimas convocatorias do 7PM da UE, a través da Oficina de Proxectos Europeos da USC (OPE-USC). Como consecuencia da participación da USC neste programa no ano 2013 acadouse un financiamento adicional de 3,067M€. É salientable o progreso da USC na participación no 7PM de xeito que, como balance final, acadouse financiamento para realizar preto de 70 actividades, liderando como entidade coordinadora tres grandes proxectos colaborativos e, dentro do programa Ideas de investigación de excelencia, 4 Starting Grants e unha Advanced Grant, o que supuxo unha achega de máis de 22,5 millóns de euros quintuplicando os retornos do programa marco anterior (6PM).

Co mesmo obxectivo, e como vía para acadar unha maior presenza internacional e aumentar o grao de cooperación internacional que facilite a presentación de proxectos, fomentouse o liderado e participación activa da USC en redes de cooperación internacional no eido da I+D. Esta acción deu como resultados, entre outros, a coordinación dunha acción COST, así como a participación en tres novas redes de formación en investigación (ITN) e dúas de intercambio de investigadores (IRSES) no marco do 7PM.

4.2.2. Campus de Excelencia Internacional

O Campus de Excelencia Internacional (CEI) de referencia global *Campus Vida* é o proxecto estratéxico con meirande proxección e efecto dinamizador na USC, co obxectivo de converterse nun verdadeiro bioclúster de referencia internacional no eido das ciencias da vida. A USC participa tamén, xunto con outras cinco institucións, no

Campus do Mar (coordinado pola Universidade de Vigo), recoñecido como CEI de ámbito rexional.

Ambos constitúen unha oportunidade única para crear agregacións estratéxicas entre a universidade e outras institucións co fin de crear "ecosistemas de coñecemento" que favorezan o emprego, a cohesión social e o desenvolvemento económico territorial.



Malia a finalización do período de vixencia do financiamento acadado no Programa de Campus de Excelencia, e a ausencia de novas fontes de financiamento *ad hoc* tanto por parte do Ministerio de Economía como por parte do Ministerio de Educación, Campus Vida segue a desenvolver o seu Plan estratéxico.

A Rede de centros singulares de investigación (RedeCSI) de Campus Vida consolidouse durante o ano 2013 coa integración e pleno funcionamento do CITIUS. A RedeCSI representa un novo modelo de estruturación da Investigación Universitaria baseada nunha investigación colaborativa estable e planificada que favoreza a innovación e a transferencia.

Para tal fin, a Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria asinou un convenio coas universidades do SUG para o bienio 2013–2014, co obxectivo de apoiar o desenvolvemento destes centros e poder atender aos desafíos que o Sistema Galego de Innovación debe afrontar co establecemento das prioridades e retos definidos na estratexia Europa 2020 e a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3).

Nos anos 2012 e 2013 reuníronse semestralmente en Santiago as respectivas Comisións Asesoras Externas, que avaliaron o funcionamento, actividades e produción dos Centros, facendo recomendacións e valoracións sobre a súa evolución.

Por outra banda, a calidade e excelencia científica da investigación dentro da RedeCSI viuse reforzada coa concesión, na figura do Prof. Dr. J.L. Mascareñas, investigador adscrito ao CIQUS, da primeira Advanced Grant á USC. Estas axudas son concedidas polo European Research Council da Unión Europea a aqueles proxectos pioneiros de alto risco que abran novos camiños nos seus respectivos ámbitos de investigación ou noutros afíns, e ven a sumarse as tres axudas Starting Grant concedidas o ano pasado a xoves investigadores da rede de centros.

A interacción da RedeCSI e, en xeral, dos grupos de investigación da USC, cos sectores produtivos posibilitou a consecución de 26 proxectos a desenvolver con empresas de Galicia dentro da convocatoria 2013 do Programa Innterconecta, xestionado polo CDTI, e de 5 proxectos no marco do Programa Conecta–Peme da Axencia Galega de

Innovación, favorecendo así o establecemento de colaboracións estratéxicas de cara ao futuro H2020.

Con este obxectivo común de colaboración, creouse no 2013 o [Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial \(ITMATI\)](#) coma un consorcio público, participado polas tres Universidades galegas, que pretende optimizar capacidades colaborativas para unha mais eficiente interacción cos sectores produtivos e consolidarse como un referente internacional no eido da Matemática Industrial.

Para coñecer con maior detalle o traballo desenvolvido po dous dos centros da RedeCSI, pódese consultar a [Memoria de actividade 2012–2013 do CIMUS](#) e a [Memoria de actividade 2012–2013 do CIQUS](#).

Doutra banda, a Vicerreitoría de Investigación e Innovación impulsa Proxectos Estratéxicos Innovadores que perseguen consolidar as estratexias institucionais de colaboración de [Campus Vida](#), ao tempo que potenciar as capacidades dos grupos de investigación. Como exemplo dos proxectos e actividades apoiadas en 2013, son de salientar:

- O “Bio–cluster Transnacional del Espazo Suroeste Europeo” ([TRANSBIO SUDOE](#)), proxecto europeo para conformar unha rede constituída por universidades, centros de investigación, clústeres, asociacións empresariais, parques científicos e outras institucións do sistema de innovación e ciencia pertencentes a España, Francia e Portugal.
- [Campus Vida](#), igualmente, forma parte activa da agrupación KICGallaecia conformada por todos os axentes do sistema galego de I+D+i no ámbito da saúde. O obxectivo desta agrupación é desenvolver unha candidatura exitosa á convocatoria promovida polo European Institute of Innovation and Technology, no ámbito da saúde e o envellecemento que posicione a Galicia estratexicamente en Europa ao mesmo tempo que aglutine ao conxunto dos actores rexionais do ámbito da saúde
- [Campus Vida](#) integrouse na Rede de Campus de Excelencia Internacional Agroalimentarios que se constituíu en febreiro de 2013. Na rede participan 18 CEIs de España con actividades relacionadas co sector da nutrición humana e agroalimentación. A finalidade da rede é maximizar as oportunidades de colaboración entre os CEIs así como co tecido produtivo co obxecto de encontrar propostas que respondan ós grandes retos aos que se enfrenta o sector e a sociedade no ámbito da agroalimentación.
- Finalmente, hai que salientar o inicio das actividades de dúas plataformas de I+D, promovidas pola USC e financiadas polo Fondo Tecnolóxico:
 - o [InnoPharma](#), que aporta novas capacidades tecnolóxicas para potenciar en Galicia o desenvolvemento farmacéutico e o descubrimento de fármacos. Durante este ano puxo en marcha unha convocatoria aberta de expresións de interese dirixidas a grupos de investigación co propósito de identificar e

seleccionar dianas e moléculas candidato para ser valorizadas a través da plataforma.

- o Laser-PET, pola súa banda, aportará servizos de aplicación aos sectores tecnolóxicos relacionados co desenvolvemento de radiotrazadores con aplicacións médicas ou industriais, do tratamento de superficies e materiais nanoestruturados ou a caracterización de efectos da radiación en sistemas electrónicos de aplicacións na industria aeroespacial. Nunha primeira fase a plataforma establecerá unha colaboración co Centro de Láseres Pulsados Ultracortos Ultraintensos (CLPU), laboratorio de referencia en España de láseres pulsados e que está incluído dentro do mapa de Instalación Científicas e Técnicas Singulares (ICTS).

A **Escola de Doutoramento Internacional** seguiu a desenvolver iniciativas dirixidas a facilitar a formación dos futuros doutores e investigadores do Sistema galego de Innovación:

- A finais do 2013 a **EDI** organizou, dentro das actividades formativas transversais, o II Encontro da Mocidade Investigadora da USC, cuxa celebración tívose que adiar a febreiro do 2014. Esta edición estivo enfocada fundamentalmente ás relacións investigación-empresa.
- Nesta liña, estableceuse un acordo coa Xunta de Galicia para a dotación de 12 Contratos Predoutorais asociados a **Campus Vida** e outros 12 a **Campus do Mar**.
- Igualmente, coordina na USC as actividades do Programa GradSchool, iniciativa que se desenvolve en colaboración coas Universidades de A Coruña e Vigo, a Fundación Barrié e a Xunta de Galicia e permite acercar á USC as mellores prácticas internacionais en relación coa formación e capacitación en competencias transversais, tanto para doutorandos (“GRADschool”), como para investigadores en fases iniciais das súas carreiras (“Leadership in action”). Durante o 2013, o programa propiciou a participación de 30 investigadores en GRADschool, 10 en Leadership, así como a formación de 9 titores e supervisores dentro do programa Tutor Training.



Finalmente, dentro dos obxectivos de captación de talento investigador, a USC participa, a través de **Campus do Mar**, no desenvolvemento do Programa FellowSe, cofinanciado pola UE dentro da iniciativa COFUND do 7PM, que posibilitará a uns 10 investigadores non residentes en España e experimentados no ámbito da investigación mariña e marítima a realización do seu proxecto de I+D integrado nos grupos asociados ao **Campus**.

4.2.3. Transferencia, valorización e emprendemento

Na USC non só procuramos achegar o coñecemento á sociedade a través da docencia e da divulgación científica, senón tamén mediante accións de **transferencia, valorización e emprendemento** coas que se pretende que a investigación desenvolvida chegue a ter un impacto económico e social real.

A finais de 2011 creouse a **Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE)** pola necesidade de ordenar e integrar os programas de apoio ao emprendemento e de asumir as competencias relacionadas coa creación de empresas, na súa vertente de transferencia de tecnoloxía, promovendo proxectos de valorización, a obtención de licenzas de patentes e a constitución de EBTs.

En 2013 desenvolvéronse diversas actuacións orientadas a potenciar a valorización e transferencia dos resultados de investigación da USC:

- Mantívose a dinámica da **AVTE** baseada no reforzo da estrutura de traballo con tres áreas de especialización. As ditas áreas, de especial importancia en canto a xestión de resultados de investigación na USC, son Química e Farmacia, Biotecnoloxía e Saúde, e Ciencias Físicas e TIC (incluíndo Electrónica e Óptica).
- Incrementouse a difusión, tanto interna como externa, das accións de transferencia a través da aparición sistemática de novas no **Xornal** da USC e nos medios de comunicación do contorno.
- Organizáronse xornadas técnicas con asistencia de persoal da European Patent Office para explicar as posibilidades dos procedementos de extensión internacional da protección (Patente Europea e procedemento PCT) e para afondar nas particularidades das invencións biotecnolóxicas e das invencións electrónicas e invencións implementadas en ordenador.
- Participouse no programa da Fundación Botín “Mind the Gap” para a valorización de resultados de investigación. As 26 institución participantes seleccionaron un proxecto para optar ao financiamento ofrecido polo programa. Só 12 destes proxectos pasaron a unha segunda rolda de avaliación e 4-5 obtiveron a cualificación de finalistas. O proxecto “Lentimed” presentado pola USC acadou a consideración de finalista e está en proceso de auditoría para a concesión final da axuda.
- Participouse tamén no “Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia”. A través da **AVTE** presentáronse 6 proxectos dos cales 5 superaron a primeira fase de selección e 2 acadaron financiamento.
- No 2013 continuouse co labor de difusión internacional de resultados de investigación da USC a través da plataforma **I-bridge**, que é un “escaparate” compartido con 168 organizacións de referencia a nivel mundial entre as que se contan as Universidades de Harvard e Stanford nos EE.UU., ou o Weizmann Institute en

Israel. Neste momento están accesibles 35 resultados de investigación da USC nesta plataforma.

- Asináronse 3 novos acordos de explotación comercial de patentes das que é titular a USC, dous deles con empresas radicadas en Galicia. Tamén se licenciou un software de aplicación no sector médico a unha empresa galega.
- Negociáronse acordos de transferencia de coñecemento con dúas novas spin-offs da USC nos ámbitos da xestión ambiental e da atención psicolóxica.
- Mantívose unha participación activa e a colaboración con entidades representativas do tecido tecnolóxico galego como a plataforma das TICs de Galicia (Vindeira), o Clúster Saúde, o Clúster Alimentario ou a Clúster Tecnolóxico Empresarial BIOGA.
- Realizáronse xornadas de transferencia nos ámbitos do Medioambiente e Novos Materiais nas que se propiciou o encontro entre profesionais do sector e investigadores responsables de grupos con resultados de interese para os mesmos. Dos contactos establecidos nestas xornadas xurdiron reunións con empresas como Repsol, AGBAR ou Johnson & Johnson Innovation.
- Realizáronse sesións técnicas con empresas (VIRBAC, KERENTECH,...) para facilitar a transmisión á comunidade investigadora das expectativas da empresa con respecto aos resultados de investigación, e ao mesmo tempo informar sobre os resultados xerados na USC con potencial interese para a empresa.

De entre todas as actuacións promovidas dende a AVTE, destaca especialmente o deseño e implantación do programa *Acelerador de Transferencia*, previsto dentro do proxecto *Campus Vida*, para identificar, seleccionar e financiar diferentes tipos de actuacións que permitan facer máis viable a comercialización dun resultado de investigación (probos de concepto, estudos de patentabilidade, estudos de mercado, identificación de clientes, etc.).



A finais de 2012 lanzouse a segunda edición do programa, na que o Comité de avaliación, formado por expertos do mundo empresarial, propuxo o financiamento de 4 novos proxectos (por un importe de 111.650 euros) que se suman aos 9 seleccionados o ano anterior (financiados con 275.900 euros).

No 2013 obtivéronse os primeiros resultados do programa con 2 licencias de tecnoloxías derivadas dos proxectos financiados e 3 novas *spin-off* en proceso de constitución. Ademais, unha das tecnoloxías atópase en fase de escalado en planta piloto e outras cinco en proceso de negociación con diferentes empresas.

A USC mantén tamén unha posición pioneira no fomento do emprendemento con estruturas diversas deseñadas para favorecer a posta en marcha e consolidación de iniciativas empresariais procedentes do contorno universitario, que inclúen tanto a propia AVTE coma as sociedades participadas Unirisco e Uninova, así como a participación en diversas redes ou programas de fomento do emprendemento (RedIncuba, RedEmprendia,...). Tamén a infraestrutura dispoñible no edificio Emprendia permite atender os procesos de emprendemento xurdidos na USC, incluíndo a detección e maduración da idea, o asesoramento, o financiamento e a incubación, sempre baixo a coordinación da AVTE.

Podemos destacar algunhas das actuacións desenvolvidas en 2013:

- Mantívose a colaboración con institucións que dan apoio ao emprendemento a nivel local, autonómico, nacional e internacional. Unha das actividades nas que se participou foi a “Bio Investors Day” que tivo lugar no Parque Tecnolóxico de Galicia en Ourense. Este programa tiña por obxectivo obter financiamento para proxectos empresariais no ámbito da biotecnoloxía a través de sesións de presentación a inversores. Nunha fase previa seleccionáronse os 10 mellores candidatos e se lles asesorou na presentación dos seus proxectos.
- Continuouse un ano máis a colaboración co programa AKADEMIA da Fundación Bankinter. Trátase dun curso que consta de 16 sesións no que se busca despertar o espírito emprendedor e fomentar unha actitude innovadora. As sesións presenciais tiveron lugar no Edificio Emprendia. Inscribíronse 52 alumnos da USC dos que 30 foron seleccionados para realizar o curso.
- Organizouse tamén dende a AVTE o “Managing Day” en colaboración coa Asociación de Alumnos da Escola de Negocios NovaCaixaGalicia, co obxectivo de captar xestores profesionais con experiencia para proxectos empresariais xurdidos da investigación universitaria.
- Celebrouse do Encontro transfronteirizo “3 claves para o éxito das spin-off” no marco do proxecto POCTEP “Vehículos de Transferencia”. Consistiu nunha serie de charlas de motivación dirixidas a emprendedores en potencia e a profesionais do emprendemento, e sesións de traballo paralelas en torno aos temas: equipo, tecnoloxía e marketing.
- Continuouse a colaboración coa Consellería de Traballo no programa de cualificación de Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica (IEBTs). Neste programa participa tanto no proceso de preparación de informes por parte dos técnicos da AVTE como no Comité de Avaliación do que forma parte o Director.

- Estableceuse unha dinámica de colaboración co IGAPE para facilitar a difusión do programa “Erasmus for Young Entrepreneurs” entre todos os potenciais usuarios do mesmo en Galicia. O programa conta cun nodo en Galicia a través da participación de Uninova nun consorcio europeo o que permite mobilizar emprendedores de Galicia a diferentes países da Unión Europea.

- Púxose en marcha o programa “ARGOS” en colaboración cos Concellos de Lugo e Santiago, co IGAPE e coa Axencia Galega de Innovación. O programa conta cunha especial participación das Facultades de Ciencias Económicas en Santiago e ADE en Lugo porque un dos seus obxectivos é integrar egresadas/os destas facultades nos equipos. Durante os seis meses de duración do programa traballouse en proxectos empresariais xurdidos da comunidade universidade. Trátase por tanto de integrar competencias de xestión en todos os proxectos emprendedores e tamén de darlle maior importancia a diversidade do equipo. Tamén se ofrece aos emprendedores a posibilidade de acceder á carteira de patentes da USC para desenvolver os seus proxectos empresariais. Na edición 2013 inscribíronse 50 persoas procedentes dun total de doce titulacións, e premiouse aos tres mellores equipos.



- Entregáronse os premios do XIII Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores, articulado en tres categorías: Base Tecnolóxica, Empresa Xove e Muller Emprendedora. Os tres premiados foron elixidos de entre un total de 46 proxectos, a cifra máis alta de propostas presentadas a concurso dende 2006, por un total de 114 promotores/as, dos/as que 65 procedían da USC, 14 da Universidade de Vigo, 12 da Coruña e as restantes 23 persoas doutras institucións universitarias.

- Entregáronse tamén os cinco premios do XIII Concurso de Ideas Empresariais Innovadoras da USC. O xurado seleccionounas de entre un total de 404 propostas, o maior volume de participación rexistrado por esta convocatoria nas súas trece edicións. Do total de propostas recibidas, o 64 % presentáronas mulleres, mentres que no que respecta á vinculación universitaria o 73% das ideas procederon de estudantes.

Cabe destacar con especial énfase o traballo da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento do campus de Lugo, que favoreceu e contribuíu de xeito decisivo a que xerminaran nesta sede universitaria e se constituíran máis de 40 empresas nos últimos anos, cunha media de 3 emprendedores por empresa. A maioría das empresas

resultantes están relacionadas coas titulacións impartidas no campus lucense e, máis en concreto, coas titulacións impartidas na Escola Politécnica Superior. Asemade, do total das empresas xurdidas no campus de Lugo, 9 foron catalogadas como Iniciativas de Empresa de Base Tecnolóxica (IEBTs) pola Xunta de Galicia, e dúas están en trámite desta catalogación.

E hai que resaltar tamén o papel do programa **Woman Emprende**, que en 2013 iniciou a redacción dos procedementos e as metodoloxías de traballo para definir un programa de creación de empresas universitario e dar un asesoramento neutro en termos de xénero, e que desenvolveu diversas actividades:

- Firma do convenio Innovatia 8.3, para o período 2013–2015.
- Realización de tres Seminarios de Xeración e Maduración de Ideas Empresariais Innovadoras, nos tres campus da USC, onde se traballan as ideas pensando en feminino.
- Concurso de Ideas Empresariais Innovadoras, edición en feminino.
- Dous Seminarios de Planificación Empresarial con perspectiva de xénero.
- Dúas actividades formativas *on-line* para persoal da Rede OTRI baixo a temática de cómo asesorar na creación de empresas de base tecnolóxica con perspectiva de xénero.
- Congreso Innovatia 8.3 no que se presentan os procedementos de traballo de Woman Emprende.



4.2.4. Divulgación do coñecemento

Xunto coa actividade docente e os esforzos de transferencia e valorización dos resultados de investigación, a USC e os seus membros realizan moi diversas accións de **divulgación do coñecemento**, coas que se pretende achegar á sociedade aqueles logros e descubrimentos que poden axudar ao seu desenvolvemento social.

Por unha banda, a USC promove a celebración de congresos e reunións científicas para facilitar o intercambio de ideas entre os/as investigadores/as de todo o mundo e contribuír así ao progreso científico.

Outras accións de divulgación do coñecemento baséanse na creación de unidades nas que os equipos de investigación da USC poñen o seu coñecemento ao servizo da sociedade ou a realización de actividades coas que se tenta facer á cidadanía partícipe dos avances no coñecemento científico. Destacamos algunhas das iniciativas continuadas ou iniciadas en 2013:

- Desenvolveuse a primeira edición do Campus de Verán Científico Técnico Lugo, no que participaron 69 estudantes de ensino secundario e Bacharelato de centros educativos das provincias de Lugo, A Coruña e Pontevedra, que viviron a súa primeira experiencia universitaria a través dun amplo programa de actividades que incluíu relatorios, proxectos científicos e mesmo actividades de lecer.



- Participouse nunha nova edición dos Campus Científicos de Verán, na que estudantes de 1º de Bacharelato e 4º de ESO de centros educativos galegos coñeceron o traballo de docentes da USC no marco dos seus proxectos de investigación, co obxectivo de impulsar o interese da xuventude pola ciencia e a tecnoloxía e incentivar o seu acceso a titulacións científico-técnicas.

- A USC participou un ano máis, a través da Facultade de Matemáticas, no proxecto **ESTALMAT-Galicia**, tal e como vén facendo de xeito continuado dende o ano 2007, co obxectivo de detectar, orientar e estimular o talento matemático en estudantes de 12-13 anos, e espertar vocacións polo estudo das matemáticas. Na edición iniciada en 2013, a sétima do programa, concorreron 354 estudantes de toda Galicia nados/as en 2000 e 2001 (207 rapaces e 147 rapazas) optando ás 25 prazas ofertadas, sobrepasando a media dos 5 últimos anos.



- O programa ConCiencia de divulgación científica, promovido pola USC e o Consorcio de Santiago e que conta coa colaboración da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, contou na súa oitava edición con Sir Anthony James Leggett e Eric Allin Cornell, ambos os dous recoñecidos co Premio Nobel na pasada década. Estes personaxes sumáronse aos vintedous Premios Nobel, dous Premios Abel e un Turing que dende o inicio do

programa mantiveron reunións científicas na USC con persoal investigador, encontros con medios de comunicación e pronunciaron unha conferencia pública de interese para o público xeral.

- A Unidade de Trastorno Depresivos da USC organizou en 2013 o obradoiro 'Terapia condutual breve en grupo para a depresión', acción de formación cunha carga lectiva de 30 horas, e un custe de 40 euros para estudantes e persoas desempregadas e de 60 para o resto de participantes. E puxo en marcha a empresa de base tecnolóxica 'Xuntos. Atención Psicológica y Psiquiátrica', co obxectivo de prestar servizos de atención, formación, investigación e outros relacionados coa saúde mental e o benestar.

- A Unidade de Atención Temperá, situada na Facultade de Psicoloxía, realizou en 2013 varias xornadas de portas abertas para dar a coñecer o seu traballo á cidadanía, e impartiu un seminario para axudar a pais e nais e docentes a detectar e intervir en casos de acoso entre menores. Tamén desenvolveu no mes de xullo o programa de conciliación familiar 'Aprende a descansar, aprende a sorrir', unha iniciativa dirixida a nenos e nenas de entre 5 e 13 anos. E con motivo do Día Universal do Neno, ofreceu un servizo gratuíto de screening ou avaliacións para detectar e identificar posibles trastornos no desenvolvemento ou problemas de conduta. No curso 2013-14 puxo en marcha o programa 'Choiva de ideas. Achega solucións avanzando cara adiante', un novo servizo gratuíto para axudar a pais e nais a resolver conflitos cos seus fillos e fillas fomentando o debate e o intercambio de ideas a través de diferentes sesións prácticas.

- A Unidade de Tabaquismo da USC lanzou unha nova campaña convidando a deixar de fumar antes do fin do ano. Esta unidade ofrece dende 1984 tratamento psicolóxico a todas as persoas que desexen abandonar o tabaco, e ten atendido a máis de 11.000 fumadores/as en todo este tempo.




- A Aula de Produtos Lácteos celebrou unha xornada de portas abertas co gallo do Día Mundial do Leite, e convocou xunto coa EPS un concurso de elaboración de iogures e leites fermentados ao abeiro da campaña 'A ciencia dos alimentos', dirixido aos estudantes de secundaria.

- A cidade de Santiago de Compostela, coa colaboración da USC, seguiu acollendo as Nerd Nites, encontros que combinan ocio nocturno e coñecemento. As Nerd Nites aglutinan nunha noite nun local de ocio da cidade tres charlas de 15 minutos sobre temáticas completamente diferentes pero coa clave común da sinxeleza de conceptos e contidos. En 2013 desenvolvéronse 8 sesións.



4.2.5. Producción científica

Os resultados de investigación máis facilmente cuantificables ou medibles son os relacionados coa produción por parte do noso persoal investigador de artigos, teses e libros e a obtención de patentes e licenzas. A pesar das dificultades que afronta a actividade investigadora, tanto a consecuencia dos menores recursos económicos obtidos como pola maior esixencia e dedicación que o EEES supón para o PDI, na USC mantívose ou mesmo incrementouse o ritmo e a calidade na xeración de resultados de investigación.




Por unha banda, e a falta de coñecer as cifras correspondentes á produción científica de 2013 (que serán publicadas na memoria de I+D+i+E 2013 da USC, previsiblemente no último trimestre de 2014), a publicación

de libros ou monografías mantense en 2012 nun nivel próximo á media dos últimos seis anos, se ben por debaixo da elevada cifra do 2009.


En relación coa publicación de artigos en revistas, compróbase que no período 2010–2012, en que xa eran evidentes os efectos dos recortes no financiamento á investigación, o PDI da USC conseguiu aumentar tanto o número de publicacións en todo tipo de revistas científicas como naquelas de maior impacto científico recoñecido (revistas JCR).

Publicación de artigos en revistas e revistas JCR (2010–2012) e distribución por áreas



A área de Ciencias Experimentais foi a que mostrou en 2012 unha maior produción científica no que a publicación en revistas se refire, mentres que a área de Humanidades concentra tamén un alto número de publicacións pero, en termos relativos co resto de áreas, poucas en revistas indexadas no JCR.


O número de teses defendidas é outro indicador relevante para avaliar a actividade investigadora dunha universidade. No ano 2013 non foron aínda palpables os efectos dos recortes nas axudas predoutorais e acadouse unha cifra similar a do ano anterior, que fora a máis alta antes rexistrada. 64 das teses lidas no curso 2012–13 obtiveron a mención europea.



En relación coa protección intelectual dos resultados de investigación, en 2013 seguiuase a avanzar na racionalización do proceso de presentación de solicitudes de patente para centrarse nos casos que aportan verdadeiro valor, o que fixo que se limitase a 19 o número de solicitudes á Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM), e se obtiveron 26 concesións.


A USC conta así con máis de douscentos títulos de patente española concedidos, o que a sitúa como a cuarta universidade española con maior carteira de patentes e a quinta segundo o número de solicitudes prioritarias. E ocupa a segunda praza do ranking de universidades con máis solicitudes de patentes internacionais, segundo consta no informe ‘As universidades españolas. Unha perspectiva autonómica, 2013’, elaborado pola Fundación CYD (Coñecemento e Desenvolvemento) e no que se recollen datos do conxunto de España, por comunidades e universidades. En 2013 fixéronse 12 solicitudes internacionais de patentes, das que se obtiveron cinco.

Solicitudes e concesións de patentes (2011–2013)



En 2013 obtivéronse 3 novas licenzas, e os ingresos por licenzas seguiron por riba da media dos últimos anos, confirmando a tendencia de recuperación iniciada en 2011, aínda que por debaixo do dato de 2012, no que se duplicaban os ingresos respecto do ano anterior.

Obtención de licenzas e ingresos por licenzas (2011–2013)



Os resultados de investigación poden tamén ser avaliados nos diversos *rankings* que analizan o impacto da produción científica universitaria. Pese a existir certa controversia sobre a súa pertinencia, utilidade e precisión, alimentada polo feito de que cada un deles emprega os seus propios indicadores e metodoloxías de valoración e clasificación, constitúen unha referencia de interese ao brindarnos á posibilidade de compararnos con outras institucións no contexto nacional e internacional.

Resumimos na seguinte táboa a posición que ocupa a USC nalgúns dos *rankings* máis coñecidos e mellor valorados:

Posición da USC nos principais *rankings* de universidades

<i>Ranking</i>	Posición
ÁMBITO MUNDIAL	
Ranking HEEACT 2013 (ranking de Taiwan), Materia de Matemáticas	65
Academic Ranking of World Universities (ARWU) 2013, Área de Matemáticas	151–200
CWTS Leiden Ranking 2014 (segundo impacto científico–citacións) – Número de publicacións 2008–2011	304
CWTS Leiden Ranking 2013 (segundo impacto científico–citacións) – Proporción no 10% das publicacións de maior impacto	317
University Ranking by Academic Performance (URAP) 2013–2014	351
Ranking HEEACT 2013 (ranking de Taiwan)	378
Ranking Web de Universidades 2013 (datos a xullo de 2013)	414
Scimago Institutions Ranking 2013	472
Ranking QS World 2013	501–550
ÁMBITO NACIONAL	
Ranking I–UGR 2013 por campos científicos (2008–2012): Campo das matemáticas	1
Ranking I–UGR 2013 por disciplinas científicas (2008–2012): Disciplina de Odontoloxía	3
Ranking I–UGR 2013 por disciplinas científicas (2008–2012): Disciplina de Ciencia Política	3
CWTS Leiden Ranking 2013 (segundo impacto científico–citacións) – Proporción no 10% das publicacións de maior impacto	3
Ranking ISSUE –P 2014	6
Ranking ISSUE –V 2014	8
University Ranking by Academic Performance 2013–2014	8
Scimago Institutions Ranking 2013	14
Ranking QS World 2013	15

No contexto internacional, dous *rankings* recoñecen o impacto científico da USC situándoa entre as 500 mellores universidades do mundo: o [University Ranking by Academic Performance \(URAP\) 2013–2014](#), que lle asigna o posto 351 (segundo as publicacións de 2012 e as citacións no período 2008–2012), e o [CWTS Leiden Ranking 2013](#) que, considerando a proporción de publicacións da USC no 10% das publicacións de maior impacto científico (a partir dos datos de publicacións indexadas na Web of Science da Thomson Reuters no período 2008–2011), lle asigna o posto 317 (o 304 segundo o número de publicacións).

En comparación con outros *rankings*, o Leiden Ranking ofrece mellores indicadores acerca do impacto e a colaboración científica e emprega unha metodoloxía moito máis transparente. De feito, a Universidade de Leiden está a colaborar coa Comisión Europea na construción do U–Multirank, que aspira a superar os enfoques tradicionais da clasificación do rendemento das universidades, que se centran de forma desproporcionada na excelencia da investigación, e a converterse nun *ranking* de referencia e verdadeira utilidade ante a proliferación deste tipo de clasificacións nos

últimos anos. A USC forma parte das 500 universidades sometidas a avaliación nunha primeira fase de construción do *ranking*.

No [Leiden Ranking 2013](#) a USC ocupa a terceira posición mundial no ámbito das matemáticas e as ciencias da computación segundo a puntuación media en citacións normalizadas, e o terceiro posto no contexto nacional segundo a porcentaxe de publicacións no 10% das máis citadas.

No [Ranking HEEACT](#) (tamén coñecido como *ranking* de Taiwan) a USC cae na edición 2013 ata o posto 378 en relación cos anos anteriores, e no contexto nacional cae da 6ª á 8ª posición neste *ranking*. Ademais, a institución compostelá acadou posicións destacadas no relativo á Farmacoloxía e Toxicoloxía (4º posto de todo o Estado), Medio ambiente e Ecoloxía (4º), Enxeñaría civil (6º), Química (7º), Ciencias dos animais e das plantas (7º) ou en Enxeñaría Química (9º) e Ciencias da agricultura (12º).

No [Ranking Web de Universidades](#) do CSIC, actualizado a xullo de 2013, a USC ocupa o posto 414 entre as universidades do mundo, 171 entre as europeas e o 19 entre as españolas, perdendo posicións respecto aos rexistros anteriores. Este *ranking* do CSIC está considerado un dos máis fiables e completos dos que se realizan no ámbito internacional. Ademais de estar elaborado por unha entidade sen ánimo de lucro, configúrase exclusivamente a partir de criterios cuantitativos extraídos da Rede: presenza na Rede, número de citacións, grao de apertura e accesibilidade dos contidos e excelencia dos artigos dentro da súa especialidade.

Outra das clasificacións internacionais máis recoñecidas, o [QS-World](#), sitúa á USC en 2013 no rango das 501–550 mellores universidades a nivel mundial e, por áreas, valora tamén positivamente a produción científica das áreas de Artes e Humanidades (posto 295) e Ciencias da Vida e Medicina (posto 297, mellorando nesta área cen postos dende o *ranking* 2012).

No [Scimago Institutions Ranking \(SIR\)](#), a USC aparece no posto 472 no *ranking* mundial, no 168 no *ranking* rexional (Europa Occidental) e no 14 no *ranking* nacional.

No contexto nacional, podemos destacar que a USC mellorou a súa posición en case todos os campos e disciplinas científicas na edición 2013 do [Ranking I-UGR de Universidades Españolas](#), tomando en consideración a produción científica do período 2008–2012.

Os [Rankings ISSUE das Universidades Españolas](#) están elaborado pola Fundación BBVA e o Instituto Valenciano de Investigacións Económicas (Ivie). Ordenan ás universidades tanto polo seu volume de resultados (ISSUE-V) como pola súa produtividade (ISSUE-P), valorando o efecto do tamaño. No primeiro dos indicadores, ISSUE-V, a USC figura no oitavo posto empatada coa Universidade de Zaragoza. A clasificación resulta de tratar o volume total de resultados, no que o tamaño da institución xoga un papel xunto coa produtividade de cada universidade. A posición da USC ascende ata o sexto posto (empatada coas universidades Complutense, Alcalá de Henares, Córdoba, Zaragoza, Pública de Navarra e Lleida) ao atender á produtividade universitaria e relativizando os

indicadores para facer ás universidades comparables entre si, independentemente do seu tamaño (ISSUE-P).

Podemos tamén mencionar os resultados do *ranking* anual do xornal El Mundo que avalía as 50 carreiras máis demandadas do SUE e os centros máis demandados para cursalas. A USC sitúa seis titulacións entre as máis solicitadas polo estudantado: o grao en Enxeñaría Química de Santiago obtén o mellor resultado ao situarse como o segundo mellor lugar de España para cursar esta titulación. En terceiro lugar figuran Farmacia; no cuarto Matemáticas e Ciencias Políticas e da Administración; e no quinto, Óptica e Optometría e o grao en Historia.

Outro elemento que serve para cuantificar o impacto da produción bibliográfica dunha universidade na comunidade científica é o número de citas das publicacións ou o número de investigadores e investigadoras altamente citados. Nun informe de Thomson Reuters de setembro de 2013 sobre os investigadores máis citados a nivel mundial nos 21 campos científicos considerados, os resultados da USC son salientables:

- A USC ten presenza en 4 campos científicos (Ciencias económicas e empresariais, Matemáticas, Bioloxía molecular e xenética, e Medicina clínica) con 6 citacións correspondentes a 5 investigadores, xa que un deles figura en dous campos científicos (Bioloxía molecular e xenética e Medicina clínica). O número total de investigadores incluídos nas listas do informe de Thomson-Reuters é de 4.691. Deles, 81 son españois dos cales 18 (o 22,2%) son membros do CSIC e 63 (o 77,78%) pertencen a universidades.

- A USC atópase en terceiro lugar entre as universidades españolas en canto a nº de investigadores incluídos, só superada pola Universidade de Barcelona e a de Zaragoza. A Universidade de Vigo figura tamén, con dous investigadores citados en dous campos (Ciencias das Plantas e dos Animais e Bioloxía e bioquímica). Así, sobre o total de inclusións de investigadores de universidades españolas, a USC representa o 9,52% do total.

- Analizando a posición no *top-ten* das especialidades, a USC mellora significativamente a súa posición, xa que hai 2 investigadores da nosa universidade entre os 10 máis citados do mundo en dúas áreas (Bioloxía molecular e xenética e Matemáticas), o que significa que o peso da USC sobre o *top-ten* global é do 0,95%. Dos 5 investigadores españois incluídos nese *top-ten* 2 son do CSIC, 2 da USC e 1 da Universidade de Barcelona. En consecuencia, a USC representa o 40% dos investigadores españois incluídos nese alto nivel, e o 66,67% dos que pertencen a universidades.

Finalmente, o esforzo dos membros da USC, tanto do estudantado coma do persoal e tanto en relación coa docencia coma coa investigación, pero moi especialmente o esforzo investigador do persoal, é recoñecido por outras institucións e entidades mediante a concesión de diversos premios e distincións.



Relaciones con organizaciones

5 RELACIONES CON ORGANIZACIONES

No ámbito das **relacións con organizacións**, a USC preocúpase por crear vínculos de colaboración con outras entidades públicas ou privadas do noso contorno, tanto local coma nacional e internacional, e procura garantir un trato respectuoso, xusto e transparente para con elas.

A USC está especialmente comprometida co desenvolvemento de actuacións que contribúan ao seu posicionamento no contorno académico global. A estratexia de **internacionalización**, que ten recibido un forte impulso nos últimos anos, constitúe un ámbito de actuación transversal na xestión e actividade da institución, pois require da implicación e participación de todos os membros da comunidade universitaria e de todos os servizos e unidades (tanto a nivel de administración como en relación coas residencias universitarias, a formación en idiomas, etc.).

A estratexia de internacionalización comprende a promoción da mobilidade internacional do persoal e do estudiantado propio e alleo (dende a USC e cara a USC), a captación de alumnado estranxeiro (mediante a mellora do atractivo e flexibilidade da oferta académica da USC e a proxección exterior) e a xestión das relacións internacionais, tanto mediante a firma de acordos e convenios con universidades estranxeiras coma acadando acordos de partenariado estratéxicos no marco da cooperación universitaria e a cooperación ao desenvolvemento. Resulta tamén esencial a mellora das competencias lingüísticas tanto dos que elixen a USC como destino (para favorecer a súa integración e mesmo a súa captación pola vía da aprendizaxe do castelán e o galego) coma do estudiantado e o persoal da propia USC (para favorecer a súa mobilidade e, especialmente no caso do persoal, a súa capacidade para desenvolver as súas funcións nun contexto internacional).

A nosa aposta pola internacionalización representa, deste xeito, unha área primordial no ámbito das relacións con organizacións do noso modelo de responsabilidade social. Pero non menos importantes son as relacións de colaboración que establecemos con diversos axentes do noso contorno máis próximo.

Así, por unha banda, no desenvolvemento da nosa actividade precisamos recorrer ás empresas do noso contorno local para obter algúns dos bens e servizos que non podemos xerar por nós mesmos. A contratación administrativa cos nosos **provedores** axústase, como entidade pública que somos, á lexislación xeral en materia de contratación pública.

Por outra banda, as nosas relacións coas **institucións de educación secundaria** resulta tamén fundamental, na medida en que poden xogar un importante papel preparando adecuadamente ao seu alumnado para dar o salto á universidade, tanto mediante o desenvolvemento das capacidades e competencias necesarias coma proporcionando unha axeitada orientación para a elección dos estudos universitarios. O programa “A

Ponte entre o Ensino Medio e a USC” permítenos achegar a oferta formativa e a realidade da nosa universidade aos/ás futuros/as estudantes.

Ademais, a nosa condición de institución pública determina que debamos manter unha estreita relación coas **administracións públicas**, en particular coa Xunta de Galicia e co goberno do estado español, vendo supeditada a nosa autonomía universitaria ás decisións destes organismos en materia de educación, investigación, economía ou facenda.

Tamén resulta esencial crear vínculos de colaboración con **outras empresas e institucións** coas que compartimos metas e obxectivos e procuramos xerar sinerxías coas que contribuír a xeración de coñecemento e á mellora da sociedade. Destacan neste sentido as **cátedras institucionais** creadas en colaboración con diversas entidades.

Dado que nos apartados anteriores desta memoria se teñen explicado xa moitos dos feitos relevantes que se produciron en 2013 na nosa relación coas administracións públicas e outros socios privados, revisamos nos seguintes epígrafes os acontecementos e actuacións máis destacados en 2013 en relación co noso esforzo de internacionalización, os nosos provedores e o programa **A Ponte**.

5.1. Internacionalización

Somos conscientes de que, nunha sociedade global, debemos fomentar a **proxección internacional** da nosa actividade. É por iso que a USC mantén unha actividade especialmente intensa no ámbito da **internacionalización**, xestionando, a través do seu **Servizo de Relacións Exteriores (SRE)**, a mobilidade de estudantes, PDI e PAS dende e cara a outras universidades do mundo.

O **SRE** continuou en 2013 a adaptación dos seus procesos de xestión ás necesidades de internacionalización, e centrouse no desenvolvemento dunha política clara de proxección da marca de calidade USC para a captación de alumnado estranxeiro como visitante ou para continuación de estudos. O Consello de Goberno da USC aprobou a estes efectos o programa **PATEX** para a captación e atención de estudantes non europeos e constituíuse unha unidade no **SRE** para a preparación, coordinación e seguimento das actividades de captación. Entre setembro e novembro de 2013 leváronse a cabo campañas de captación directa e indirecta nas que se contactou e informou respectivamente a 1.350 e 450 estudantes potenciais (campaña curso 2014-2015).

No ano 2013 continuouse coa promoción da USC en Asia, América Latina, e Norte América, tanto mediante visitas institucionais como participando en feiras nacionais e internacionais. Aproveitouse o atractivo do programa **Ciencias sen Fronteiras** para a promoción en Brasil, non só da USC como institución, senón tamén de centros especialmente demandados polo programa, como é o caso da Escola Politécnica Superior de Lugo. Estas actuacións deron como resultado a firma de 12 novos

convenios de cooperación e o inicio dos traballos encamiñados ao deseño de dobres titulacións con dúas universidades de Brasil.

Actividades de promoción exterior 2013

Visitas institucionais recibidas	19
Universidades visitadas	17
Feiras internacionais asistidas	8
Feiras nacionais asistidas	5

Na captación de estudantes brasileiros a través do programa Ciencia sen fronteiras, a USC posicionouse entre as primeiras universidades de España. Para o curso 2014-15 o goberno de Brasil, a través do CNPQ, realizou a selección de 22 universidades españolas como receptoras de alumnado. A USC figura en cuarto lugar en canto ao número de prazas ofertadas (266, 180 no campus de Lugo e 86 no campus de Compostela).

Son especialmente destacables os avances na dimensión internacional do campus de Lugo. No curso 2013-14 preto de cen estudantes internacionais matriculáronse no campus lucense, a maioría a través da existencia de convenios bilaterais entre a súa universidade de procedencia e a USC. Ao abeiro deste tipo de acordos o campus de Lugo contou con 95 estudantes brasileiros no curso 2012-13 e



recibiu a 40 mexicanos no 2013-14. Asemade, o programa de intercambio Sócrates-Erasmus foi a vía elixida por preto doutros 40 estudantes europeos no curso 2013-14.


Na liña de incrementar o número de alumnado estranxeiro, un dos obxectivos do Plan estratéxico 2011-2020 da USC, puxéronse en marcha en 2013 diversas actuacións:

- Adiantouse o proceso de aprobación da oferta de másteres e a admisión nos mesmos, adaptando os procedementos para facilitar a captación de estudantes en máster.
- Reelaborouse todo o material promocional para a información a estudantes e universidades estranxeiras, cun novo deseño e novas traducións.

- Creouse unha guía para o estudantado internacional, primeiro como pdf e logo como páxina web.
- Iniciouse o traballo nunha aplicación para dispositivos móbiles dirixida á captación e á primeira orientación do estudantado internacional.
- Tamén se promoveu a incorporación de alumnado estranxeiro pola vía da aprendizaxe do castelán e do galego, para o que en 2013 desenvolvéronse accións de captación activa en Arabia Saudita, Brasil, China, Corea, Indonesia, Thailandia e Xapón. Cabe destacar que a USC é a única universidade española activa nos países do Golfo, e traballou na sinatura de convenios coas universidades punteiras da zona (King Saud University, Qatar University, King Abdulaziz University for Science and Technology, Princess Noura University).
- Impulsose a participación en proxectos de cooperación internacional, coa consecución en 2013 de dous proxectos Erasmus Mundus (PEACE II e Euphrates) e un proxecto Tempus.

No tocante á **mobilidade internacional do persoal**, destaca especialmente o programa de mobilidade en Europa **Erasmus**. Dentro do Programa de aprendizaxe permanente, a USC concedeu axudas de mobilidade na convocatoria 2012–13 a 51 docentes, e dentro do programa de formación do persoal non docente (LLP:STT Staff Training) recibiron axudas 15 membros do PAS da USC.


Axudas da USC á mobilidade do seu persoal baixo o programa Erasmus (2011–2013) e destino dos docentes en 2012–13




Doutra banda, no ano 2013 formalizáronse dúas novas convocatorias do Programa Internacional de Excelencia Investigadora USC–India (PEIN 2012–2013) para as estadias de profesorado estranxeiro na USC, financiada a través do Programa Fortalecemento–Campus Vida. Ao remate das dúas primeiras convocatorias do programa, un total de 54 investigadores de diferentes institucións da India realizaron estadias na USC.

En relación coa mobilidade internacional do estudiantado destaca tamén o programa Erasmus, baixo o que no curso 2012-13 a USC tiña asinados 1.930 acordos de intercambio con 472 universidades de 30 países europeos.

Acordos de intercambio asinados baixo o programa Erasmus (2011-2013)




Alumnado enviado e recibido no programa Erasmus (2011-2013) e países de destino e orixe en 2012-13




No curso 2012–13 recuperouse o alumnado enviado e recibido respecto do curso 2011–12, en que a actividade do programa se reduciu tras un incremento moi significativo no curso anterior. Pola contra, baixou a cifra do alumnado recibido. Compróbase que a USC segue a ser un destino moi atractivo para o estudiantado estranxeiro, e que as mulleres continúan sendo as que máis participan no programa.

Podemos destacar tamén os resultados doutros programas de mobilidade internacional como o ISEP (que promove a mobilidade de estudantes de pre e posgrao entre a USC e institucións dos Estados Unidos e Porto Rico) e os programas bilaterais (*acordos específicos* entre a USC e universidades de América, Asia e Australia). O programa ISEP, que no 2010–11 recibira un forte impulso, está a reducir paulatinamente o alumnado enviado e recibido, mentres que os programas bilaterais viron reducido o envío de estudantes pero aumentou a recepción en arredor dun 16,6%.

Alumnado enviado e recibido no programa ISEP e nos programas bilaterais (2011–2013)




Alumnado enviado e recibido no programa SICUE/SENECA (2011–2013)



Tamén no ámbito da mobilidade do estudiantado, aínda que neste caso no contexto nacional, podemos facer referencia ao programa SICUE/SENECA (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios de España), que permite aos/ás estudantes realizar unha parte dos seus estudos noutra universidade española, e baixo o que no curso 2012–13 mobilizouse a un bo número de estudantes dende (un 43,4% máis que no 2011–12) e cara a USC.

A mellora da mobilidade internacional do persoal e estudantado universitario pasa por facilitar a súa integración nos seus respectivos destinos. Na USC, por unha banda, desenvólvense varias actividades orientadas á acollida dos/as estranxeiros/as que elixen a nosa universidade como destino.

Datos de participación no programa de acollida de estudantes (2011–2013)




E, por outra, ofrécese formación en idiomas tanto ao alumnado estranxeiro (cursos de español e galego) como aos membros da USC (cunha variada oferta de idiomas). O Centro de Linguas Modernas (CLM), a través dos seus cursos regulares e intensivos de verán e do Centro de Autoaprendizaxe Titorizado (CAT, denominado Centro de Recursos de idiomas ata o curso 2010–11, en que estivo fora de actividade), conta cada ano con máis alumnos/as matriculados/as e traballa constantemente na incorporación de novas posibilidades de formación en idiomas.

Nestes últimos anos incrementouse a oferta do CLM para poder atender a demanda de obtención do nivel de idioma estranxeiro que se require. A USC determinou que os estudantes de todas as titulacións de grao deberían acreditar obrigatoriamente, para a obtención do título, o coñecemento dunha lingua estranxeira ao nivel B1 consonte ao Marco Europeo Común de referencia para as linguas (MECR). Este mandato supuxo maior número de estudantes matriculados e tamén o incremento do número de probas específicas convocadas para a obtención do nivel B1.

Así, o CLM acredita a competencia lingüística do nivel B1 nunha lingua estranxeira para a mobilidade e o grao do estudantado da USC. Ademais, consolídase en Galicia como entidade examinadora oficial de alemán, italiano, español e xaponés.


Número de matriculados/as en cursos regulares no CLM (2011–2013)



O inglés, francés e alemán, por este orde, seguen sendo as linguas que acadan maior número de alumnos/as, pero cada vez hai máis interese polo portugués, o chinés e o xaponés, sen esquecer o ruso e o italiano e outras linguas minoritarias. En 2013 o CLM no campus de Lugo ofertou por vez primeira un curso de Linguaxe de Signos, de 40 horas lectivas. Ademais, ao longo de 2012–2013 o CLM ofertou cursos das catro linguas oficiais do estado español (galego, español, catalán e euskera).


Hai que resaltar tamén que o CLM incrementou a súa actividade nos meses de verán, ante o interese que suscitaron os cursos intensivos, cunha oferta de 18 idiomas en 2013. Destaca o desenvolvemento da vixésimo sexta edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros, que dende o seu inicio teñen recibido xa a máis de 2.500 persoas de moi diversos países de todo o mundo.

Nº de matriculados noutros cursos do CLM (2011–2013)



Esta atractiva oferta tenlle permitido ao CLM aumentar a matrícula de estudiantado estranxeiro nos cursos especificamente dirixidos a dito colectivo e nos cursos organizados en colaboración coa Xunta de Galicia e o Instituto Cervantes.

Nº de matrículas de estudantes estranxeiros/as no CLM (2011–2013)



A oferta docente do CLM inclúe tamén o achegamento á realidade sociocultural dos respectivos países. Algúns exemplos en 2013 son a colaboración do alumnado de xaponés na tradución das mensaxes que daban título a unha exposición fotográfica virtual en memoria das persoas damnificadas polo terremoto e tsunami de marzo de 2011 en Xapón, ou a organización por parte da sección de francés do campus de Lugo dun ciclo de cinema negro francés.


Para atraer ao alumnado estranxeiro é igualmente relevante aumentar a oferta de materias impartidas noutros idiomas, como o inglés. Neste sentido, dende novembro do ano 2012 o PFID oferta un plan específico *on-line* de formación en inglés (modalidades de autoformación e semipresencial), orientado á mellora de competencias para a impartición de docencia en inglés.

5.2. Relación cos nosos provedores

No tocante ás relacións cos nosos provedores, pode obterse unha idea aproximada do tipo de empresas coas que precisamos contactar para obter algúns dos bens ou servizos necesarios na nosa actividade analizando a composición dos gastos en bens correntes e servizos reflectidos na memoria económica e informe de xestión do ano 2013.

Así, comprobamos que a USC debe contratar servizos de mantemento e reparación para os seus edificios e equipamentos, servizos de comunicación, limpeza ou seguridade, subministracións de auga, enerxía ou material de oficina, servizos xurídicos, de seguro, etc. Ademais, no marco do desenvolvemento dos diversos cursos, conferencias e congresos que organiza a USC e da prestación do servizo de extensión universitaria, establécense tamén relacións comerciais con terceiros.

Estructura do gasto en bens correntes e servizos nos exercicios 2012 e 2013



O contexto de crise económica e a contracción do orzamento alteraron levemente a estrutura do gasto en bens correntes e servizos do exercicio 2012 en relación á do 2011. As reducións máis significativas do gasto producíronse en relación cos transportes (44,3%), os arrendamentos (23,6%) e a extensión universitaria (21,1%), mentres que se incrementan notablemente os gastos en material de oficina non inventariable (152%) e os gastos de funcionamento dos programas no exterior (119,5%). O servizo de limpeza segue a concentrar a maior porcentaxe do gasto en bens e servizos (case o 25%).

Dende o ano 2012 vense traballando na racionalización da xestión de contratos. Por unha parte fíxose unha revisión dos procedementos, e implantouse a xestión informatizada de todos os contratos e o perfil do contratante. A outra vía de actuación é a racionalización dos contratos, baseada en licitar todos os contratos que viñan

dende hai moitos anos con sucesivas prórrogas e cun nivel de fraccionamento antieconómico.

Da revisión xurdiu un plan de contratacións para unificar nun contrato os mesmos servizos ou subministracións. Con este plan trátase de acadar aforros significativos, dar transparencia e promover a concorrència das empresas, así como facilitar a interlocución no seu seguimento e control.

Nesta liña de mellora na contratación empregáronse novos procedementos para a adxudicación de contratos, como o diálogo competitivo para os servizos de reprografía, pola necesidade de que os licitantes axudaran a definir mellor o servizo a prestar, ou a poxa electrónica para os subministros de gas e electricidade, por ser o elemento determinante o prezo na adxudicación.

Xa no ano 2012, ante os problemas financeiros do servizo de reprografía contratado no campus de Santiago, a USC tivo que intervirlo, garantindo así o servizo para a comunidade universitaria e dando certo marco de estabilidade aos/ás empregados/as da empresa, que levaban varios meses sen cobrar as súas nóminas. Por outra banda, a situación da empresa Unidixital levou en 2013 á USC, partícipe ao 51% (correspondendo o 49% restante á empresa Tórculo) a decidir a súa liquidación. Deste xeito, en 2013 decidiuse definir un novo modelo de servizo de reprografía e edición dixital, sendo a empresa Tórculo Artes Gráficas a gañadora do concurso para facerse coa concesión e coa propiedade de Unidixital, co compromiso de subrogarse en todos os seus dereitos e deberes, sendo a cambio exonerada ata setembro do 2014 do pago do canon pola concesión. A USC procurou a conservación do maior número de postos de traballo posible tendo en conta o cambio de tecnoloxía aplicada. Como resultado, Tórculo asumiu a reprografía en Santiago mantendo aos empregados de Unidixital (que sufriran xa un ERE de redución de xornada) e a 8 dos 21 da anterior concesionaria.

Na liña de avanzar na contratación centralizada de servizos e subministros con recepción descentralizada pero suxeitos aos prezos e condicións pactados nun único contrato, foron adxudicados os contratos de subministro e mantemento de gases de laboratorio e de alugueiro e lavado das batas de laboratorio con exposición a axentes biolóxicos, canceríxenos e mutáxenos.


Por outra banda, foi necesario modificar á baixa o prezo abonado aos concesionarios do servizo de limpeza do campus de Santiago e do campus de Lugo, e conseguiuase que as novas superficies incorporadas no 2012 (máis de 15.000 m²) non se contemplaran a maiores no custe do servizo. Isto orixinou unha modificación das frecuencias da prestación e no campus de Santiago supuxo a aplicación dun expediente de regularización de emprego (ERE). Este novo marco orixinou moita crispación co persoal de limpeza, e dende a USC colaborouse coa empresa e coas organización sindicais e despois dunha ardua negociación acadouse acordo. A finais de 2013 saíu a licitación un novo contrato para o servizo de limpeza, establecendo que a empresa adxudicataria terá a obriga de subrogarse como empregadora nas relacións

laborais dos traballadores que nese momento formaban parte do cadro de persoal da anterior adxudicataria.

5.3. Programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”


Un ano máis, fomentouse por medio do programa A Ponte a cooperación cos centros de ensino medio de Galicia, informando aos/ás estudantes sobre o acceso á universidade. O peso fundamental do programa recae sobre as charlas de presentación impartidas nos propios centros, en que, na edición do curso 2012–13, participaron 6.920 estudantes de 116 centros galegos (como se recolle na memoria 2012–13 do programa).

Centros implicados e estudantes asistentes ás charlas de presentación e xornadas de encontros da Programa A Ponte (2011–2013)



O programa establece tamén o desenvolvemento na USC da xornada “Encontros do Ensino Medio e a USC: Adiante”. No curso 2012–13 participaron preto de dous mil estudantes de 38 centros de ensino medio.

Realizáronse tamén xuntanzas coas áreas de dirección e orientación de 155 centros de ensino medio de Galicia, e impartíronse charlas para pais e nais en 9 centros.



E un ano máis desenvolveuse a iniciativa de distinguir aos/ás alumnos/as galegos/as cos expedientes máis destacados no ensino secundario, ao que asistiron 301 estudantes.

Cabe destacar tamén que baixo este programa seguiuse a participar en 2013 nos Campus Científicos de Verán, co obxecto de impulsar o interese da xuventude pola ciencia e a tecnoloxía e incentivar o seu acceso a titulacións científico-técnicas. Nesta cuarta edición participaron 56 estudantes de bacharelato e 56 da ESO. E celebrouse o I Campus de Verán Científico-Técnico no campus de Lugo, cunha asistencia de 70 estudantes de bacharelato.

A USC desenvolve moitas outras actividades a través das que se procura dar a coñecer a súa actividade entre o estudiantado de ensino medio, como o proxecto ESTALMAT, do que xa se deu conta no capítulo 4, ou as Olimpíadas Científicas, coas que se pretende atraer á USC ao estudiantado que acadou algunha posición relevante nas distintas fases das Olimpíadas Científicas.

En 2013 levouse a cabo por primeira vez o proxecto WWW.D3MOBILE.ES, experiencia dirixida a estudantes preuniversitarios/as de todo o país que persegue inicialos/as na metodoloxía científica e, así, espertar a súa vocación pola ciencia e a tecnoloxía. Diseñado e liderado por profesoras/es da EPS de Lugo e desenvolvido totalmente *online*, o proxecto aproveita a sinerxía con outros organismos colaboradores-patrocinadores que traballan na liña do fomento das vocacións científicas (FECYT), a accesibilidade (FUNDACIÓN VODAFONE), o correcto aprendizaxe da metroloxía (CEM) ou a promoción da cultura xeográfica (IGN-CNIG) entre o estudiantado. Trátase dunha iniciativa pioneira a nivel mundial, que contribúe a difundir unha imaxe creativa, moderna, innovadora e tecnolóxica da USC entre os posibles futuros estudantes. Nesta primeira edición participaron máis de mil, que coñeceron a USC máis a fondo xusto na idade na que comezan a formularse o seu posible futuro universitario.



Extensión e voluntariado

6 EXTENSIÓN E VOLUNTARIADO

No marco da súa responsabilidade social, a USC non só procura a través da docencia e a investigación prestar un servizo á sociedade e devolverlle parte do que dela recibe, senón que tamén intenta contribuír á creación de valor social e cultural a través das actividades de **extensión e voluntariado**.

A implicación da comunidade universitaria en accións de voluntariado social é fundamentalmente promovida dende o **SEPIU**, que colabora con distintas entidades de acción social para levar a cabo diferentes campañas e sensibilizar á poboación e ao alumnado sobre problemáticas ambientais e sociais. Ademais, dende moitos dos centros e grupos de investigación da USC realízanse actividades que reverten na mellora do benestar da sociedade.

Dentro do programa de extensión universitaria a USC desenvolve numerosas actividades culturais e deportivas non soamente dirixidas á comunidade universitaria, senón ao conxunto da cidadanía.

Finalmente, a USC ten tamén o compromiso de formar en valores e fomentar actitudes proactivas en temas sociais, ambientais ou de emprendemento.

En 2012 as actuacións en todos estes ámbitos víronse afectadas pola necesidade de reducir o gasto. Malia isto, a USC segue a amosar un elevado compromiso coa sociedade en xeral e coas comunidades locais das dúas cidades en que se atopan os seus campus.

6.1. Voluntariado


No ámbito do **voluntariado**, en 2012 deuse un paso fundamental para fomentar a participación do estudiantado en proxectos de voluntariado, participación social e cooperación mediante o desenvolvemento dun **protocolo** propio da USC para o recoñecemento académico das actividades solidarias e de cooperación, segundo recolle o artigo 12.8 do **RD 1393/2007**. En 2013 revisouse este protocolo xa que soamente poden recoñecerse actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación ata un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos, e non poden ser obxecto de recoñecemento outro tipo de actividades que se recoñecían con anterioridade pola vía de créditos de libre elección.

A rede Universia seleccionou en 2013 a xestión do recoñecemento académico dos programas de voluntariado da USC como boa práctica para presentar no III Encontro Internacional de Reitores que terá lugar en xullo de 2014 en Río de Janeiro.

No curso 2012-13 recolléronse os froitos deste avance, cun aumento do 30% no número de voluntarios/as que participaron nos diferentes programas (atención á

diversidade, inclusión social, maiores, menores, minorías,...) e do 46% no número estimado de persoas atendidas en relación coas cifras do curso 2011–12. Pola contra, o número de actividades desenvolvidas reduciuse lixeiramente, pero segue a dar boa conta dos esforzos realizados dende o SEPIU, e en particular dende a súa **Área de voluntariado, participación e cooperación internacional**, por estender e ampliar a súa actividade colaborando con todo tipo de iniciativas e entidades sociais.

Evolución da actividade de voluntariado (2006–2013) e impacto dos programas desenvolvidos no curso 2012–13



* En 2011–12 inclúe: Inclusión social e Atención á diversidade

**En 2011–12 inclúe: Hospitalario e da saúde e Saúde mental


***En 2012–13: Campus de Lugo



Para facilitar ás persoas voluntarias o exercicio da súa actividade, o SEPIU desenvolve diversas accións formativas, entre as que destaca o curso de formación básica en voluntariado, do que en 2013 impartíuse a décimo primeira edición, e cuxa realización é imprescindible para obter o recoñecemento de créditos por actividades de voluntariado.

Dende o SEPIU seguíuse a colaborar en 2013 en diversas campañas de sensibilización, en colaboración con distintas institucións, como a Asociación Española Contra el Cáncer, Acción Contra el Hambre ou o Centro de Transfusión de Galicia. Con este último desenvólvese dende hai anos a Campaña de doazón de sangue. No curso 2012-13 a USC foi a que máis doazóns acadou, 2.534, cifra que supón unha taxa de 99 doazóns por cada 1.000 alumnos. No campus de Santiago as 1.994 acadadas supuxeron un descenso do 13,3% na participación, mentres que no de Lugo (540), a pesares de que houbo un descenso do 3,6% na participación, as 127 doazóns por cada 1.000 alumnos o sitúan como o primeiro campus galego en taxa de doazón.

Evolución das doazóns na Campaña de doazón de sangue (2006-2012)



A USC colaborou tamén coa Federación Galega de Bancos de Alimentos (Fegaban) nunha campaña extraordinaria de recollida, logo de recibir numerosas peticións neste sentido por parte da comunidade universitaria. Os puntos de recollida instaláronse nas Residencias Universitarias Burgo das Nacións e Monte da Condesa, no Colexio Maior Fonseca e na Casa Jimena e Elisa Fernández de la Vega en Santiago, e na Residencia Bal y Gay en Lugo.

Para a coordinación e posta en marcha de programas en colaboración e o desenvolvemento dos programas propios, o SEPIU promoveu en 2013 a firma de dez novos convenios con entidades:

- Convenio marco coa Asociación Síndrome Feto-Alcohol España
- Convenio marco con Mans Unidas - Lugo
- Convenio marco coa Asociación ESN Santiago
- Convenio marco co Museo do Viño de Cambados
- Convenio marco coa Asociación de Pais de Nenos Adolescentes con Necesidades Especiais ASPANANE
- Protocolo Xeral de colaboración co Servizo Galego de Saúde para o fomento da doazón de órganos e tecidos na comunidade universitaria
- Convenio marco coa Fundación CUME
- Convenio marco co Concello de Negreira
- Convenio marco coa Fundación MadreSelva
- Convenio marco coa Asociación de Promoción e Integración Gitana de Lugo



Pódense destacar tamén as iniciativas solidarias dos centros e a comunidade universitaria, como a doazón de 200 quilos de alimentos non perecedoiros a Cáritas de Sarria dende a Facultade de Administración e Dirección de Empresas do campus de Lugo.

Recógida hasta el día
20 de diciembre.

Tamén hai que salientar aquí a actividade do SUR, cuxos proxectos de colaboración – que teñen recoñecemento de créditos para os graos– pretenden contribuír á formación integral dos/as residentes, ao tempo que dinamizan a vida universitaria no interior dos distintos centros do SUR, por medio da organización de actividades. Os ámbitos nos que se realizan son os de internacionalización, sociocultural, medioambiental e deportivo. No primeiro semestre de 2013 desenvolvéronse no SUR 29 proxectos de colaboración: 2 corresponderon ao ámbito da internacionalización, 21 de actividades socioculturais e deportivas e 6 proxectos de aula verde. No terceiro trimestre de 2013 os proxectos de colaboración foron 22: 2 de internacionalización, 14 de actividades socioculturais e deportivas e 6 de aula verde.


6.2. Cultura

Cumprindo coa liña estratéxica de compromiso coa sociedade na creación e difusión da cultura, a Área de Cultura da USC desenvolveu ao longo de 2013 unha intensa actividade tanto no campus de Compostela coma no de Lugo. A oferta incluíu unha ampla e variada programación cultural sempre aberta a toda a cidadanía, e da que podemos destacar: o Proxecto Integra2 (diversidade funcional), o XI Encontro de Danza ou o Proxecto Xanela (danza e TIC) no ámbito da danza; o XIX Festival Internacional ou a XIV Mostra Galega no ámbito do teatro; o ciclo “Sonatas para violín e piano de Beethoven” e o Concerto de Nadal (Espazo de Cámara) no musical; a exposición polo 200 aniversario do nacemento do Dr. Antonio Casares (en ambos os dous campus); ou o soterramento das Cápsulas do Tempo no xardín de Fonseca.




O programa de ocio–cultura **Nerd Nite** foi a grande novidade do curso 2012–13. Houbo 7 sesións, 3 no primeiro cuadrimestre e 4 no segundo, participaron 20 poñentes e estiveron representadas todas as áreas de coñecemento.

Actividade cultural 2011-2013



Para levar a cabo toda esta programación foi fundamental a colaboración con diferentes institucións e entidades coas que a USC foi parceira para algunhas accións, que no caso do campus de Lugo foi canalizada a través do Convenio Lugo Cultural.

Cabe destacar tamén que, tras sucesivas demoras por razóns orzamentarias, conseguiuase completar as obras de acondicionamento e musealización dos restos da domus romana e o Templo de Mitra que conforman o xacemento romano achado no solar anexo á Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do campus de Lugo. Tras a inauguración en xullo do Museo do Templo de Mitra, recibíuse a máis de cen visitantes diarios durante as primeiras xornadas de portas abertas.




En 2013 o proxecto [campUSCulturae](#), que conta co cofinanciamento da Culture Agency da Comisión Europea a través do programa Culture, avanzou na súa consolidación. Algunhas actividades destacadas do 2013 foron: a celebración do festival literario “Lugo, unha cidade de conto”; o Congreso Internacional “A comunicación como virus” e o Congreso Galego de Tecnoloxías de Atención á Diversidade na

literario “Lugo, unha cidade de conto”; o Congreso Internacional “A comunicación como virus” e o Congreso Galego de Tecnoloxías de Atención á Diversidade na

Educación; a actividade formativa de integración a través da danza “Espazo Integrado”; as exposicións “ARTEfactos. Dinamitando prexuízos a través da integración” e “enclave diversa. Coleccionando mundos de ficción”; ou o festival de músicas do mundo son[UT]opías I.

No relativo ao obxectivo de contribuír á formación integral do estudiantado transformando os servizos non académicos en ferramentas de apoio, a [Área de Cultura](#) da USC ofrece un amplo abano de cursos, seminarios e obradoiros de formación cultural. A través dos cursos de verán a acción formativa da USC esténdese a toda a sociedade, e non soamente nas cidades que albergan os seus campus, xa que esta oferta recorre toda a xeografía galega. Na Universidade de Verán 2013 desenvolvéronse 31 cursos en 7 localidades, con 1.391 asistentes, aumentando a participación respecto do ano 2012.



Finalmente, destacamos a actividade do Observatorio Astronómico Ramón María Aller, especialmente o seu [Programa de extensión cultural de astronomía \(PECAS\)](#), que no curso 2012–13 celebrou a súa 16ª edición, e o programa estival de actividades de astronomía para todos os públicos, que se celebrou na Cidade da Cultura de Galicia por cuarto ano consecutivo. En 2013 o observatorio publicou a súa [memoria](#) de actividade dos últimos 10 anos (2003–2012).


6.3. Deporte

A USC promove a práctica do deporte a través do seu [Servizo de Deportes](#) e en colaboración coa [Fundación USC Deportiva](#), que en 2013 recibiu o Premio do Deporte Galego 2013. Para isto, dispón de diversas instalacións para a práctica libre deportiva (á cal se accede con entradas puntuais, bonos ou reservas), a práctica do deporte federado ou a realización de cursos de formación.


Cabe recordar a posibilidade de recoñecer como créditos ECTS a práctica por parte do estudiantado das distintas actividades e disciplinas ofertadas nas escolas deportivas da USC.

A USC dirixe esta oferta de instalacións e actividades deportivas tanto aos membros da comunidade universitaria coma ao público en xeral. No curso 2012-13 rexistrouse un incremento no número de persoas matriculadas en actividades formativas e de lecer. Descendeu, sen embargo, o número de deportistas federados, a pesar do cal aumentou o de participantes en campionatos universitarios. O [Servizo de Deportes](#) rexistrou un total de 10.341 usuarios, preto de 600 correspondentes a algunha das actividades programadas no campus de Lugo.


Número de matriculados/as en actividades formativas e de lecer (2008-2013)



Número de deportistas federados/as e de participantes en ligas universitarias



Número de participantes en campeonatos universitarios (2007-2013) e detalle por tipo de campeonato en 2012-13





Ecología interna

7 ECOLOXÍA INTERNA

O ámbito da **ecoloxía interna** correspóndese co segundo eixe do **Plan de desenvolvemento sostible** da USC, a través do cal a **ODS** promove e desenvolve prácticas destinadas a maximizar os beneficios e diminuír os riscos ambientais da actividade universitaria. Os proxectos desenvolvidos baixo este eixe agrúpanse en seis ámbitos de actuación: xestión enerxética, xestión da auga, xestión de residuos, mobilidade sostible, xestión e avaliación ambiental, e certificacións e acreditacións.


Podemos destacar, antes de revisar os resultados da nosa xestión ambiental, que a USC atópase entre as cen universidades do mundo que realizan un maior esforzo en políticas de sustentabilidade e unha xestión universitaria favorable ao medio ambiente. Segundo o **GreenMetric World University Ranking 2013**, a USC ocupa o posto 96 dunha relación na que figuran 301 universidades de 61 países. Os resultados calculáronse a partir da información que as universidades proporcionan en liña, organizada baixo seis categorías principais: escenario e infraestrutura (15% do resultado global); enerxía e cambio climático (21%); xestión de residuos (18%); uso de auga (10%); transporte (18%); e educación (18%).

7.1. Xestión enerxética


No tocante á **xestión enerxética**, a **ODS** desenvolve actuacións dirixidas a incrementar a eficiencia e aforro enerxéticos, para reducir o consumo de enerxía eléctrica e dos distintos combustibles e minimizar as emisións de CO₂.

En 2013 mantívose o consumo eléctrico respecto do 2012, pero cunha redución dun 30% na achega do sistema de coxeración, que permitiu, pese a todo, a venda dun excedente de enerxía de 993.000 kWh (un 17% máis que en 2012) e un aproveitamento de enerxía calorífica equivalente a 456.000 litros de gasóleo.


Evolución do consumo de electricidade 2011–2013 (kWh)



Evolución da venda de enerxía excedente e do aproveitamento calorífico do sistema de coxeración (2011–2013)




Consumo de gasóleo e gas natural (2011-2013)



O sistema de coxeración contribúe a reducir o consumo de gasóleo e gas natural para atender as demandas de calefacción dos centros. Froito do esforzo de aforro enerxético realizado, en 2013 o consumo de ambos combustibles redúcese, nun 26,6% no caso do gasóleo e nun 12,6% no caso do gas natural (que na súa maior parte corresponde ao propio sistema de coxeración).


Ao realizar unha análise en conxunto obsérvase que, se tradicionalmente o consumo de gas natural se impoñía sobre o resto de recursos empregados na USC (pola substitución de caldeiras de gasóleo por caldeiras de gas natural e á maior utilización dos motores de coxeración), nos últimos anos o peso do *mix* eléctrico tense incrementado.

Distribución modal da enerxía consumida (2011-2013)




Este consumo enerxético leva asociada a emisión de dióxido de carbono (CO₂), estimada empregando factores de emisión proporcionados polo INEGA e o IPCC, comprobándose unha mellora significativa co transcurso do tempo. O maior responsable destas emisións de CO₂ relacionadas cos consumos enerxéticos é o consumo de electricidade.

Emisións de CO₂ asociadas ao consumo enerxético (2006-2013)




Distribución modal das emisións de CO₂ asociadas ao consumo enerxético (2011–2013)



7.2. Xestión da auga

A ODS promove unha xestión da auga racional no marco das súas competencias, mediante campañas de aforro e estudos de consumo, xa que o subministro de auga e o tratamento das augas residuais corresponde aos concellos de Santiago de Compostela e Lugo. A evolución no consumo de auga amosa unha redución no 2013 no campus de Lugo, mentres que no campus de Santiago rexístrase un aumento, aínda que o valor de conxunto mantense semellante ao do ano 2012.


Consumo de auga 2011–2013 (m³)



7.3. Xestión de residuos

No ámbito da **xestión de residuos**, unha das metas principais da ODS é a de crear o hábito da recollida selectiva do lixo nos edificios universitarios, para o que anualmente revísase a dotación de colectores internos para os diferentes tipos de residuos e dáse solución a demanda dos centros docentes. Como en anos anteriores, foi preciso sobre todo repoñer papeleiras individuais para a recollida de papel e cartón. En 2013 non se incorporou ningún novo colector externo.

Colectores internos distribuídos pola ODS 2011–2013 (valores acumulativos)




En 2013 continuouse coa promoción da compostaxe de residuos biodegradables, e deúselle novo pulo á reutilización de aceites vexetais, coa dotación de novos contedores para a recollida selectiva deste material.



En relación coa xeración de RSU (papel e cartón, envases lixeiros, vidro, xenéricos e outros residuos non perigosos tratados por xestores de residuos autorizados contratados pola USC), en 2013 rexistrouse un descenso do 5,3% na xeración de residuos urbanos. Pola contra, aumentou nun 6,1% a xeración de residuos perigosos (xestionados pola **Unidade de Xestión de Residuos** dependente do **Servizo de Prevención de Riscos**).


Evolución da xeración de residuos en kg (2011–2013)



7.4. Mobilidade sostible

A principal iniciativa posta en marcha pola ODS para a promoción da mobilidade sostible é o Programa de préstamo de bicicletas. Dada a demanda deste vehículo pola comunidade universitaria, o éxito deste programa é indiscutible, se ben en 2013 reduciuse o número de adxudicacións, debido a unha redución do número de bicicletas dispoñibles para o préstamo e a cesión dalgunhas unidades ás residencias universitarias.

Evolución do Programa de préstamo de bicicletas (2008–2013)



Móvete
contra o cambio climático



Na USC mellor na bici


Programa de préstamo de bicicletas
 Prazo de solicitudes: do 10 de outubro
 ao 24 de outubro de 2012
 Dirixido á comunidade universitaria da USC
 Infórmate xa:
bicispde@usc.es ou www.usc.es/plande

OFICINA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA USC

No curso 2012–13 convocouse a sétima edición deste programa, e foron 233 persoas, todas elas da comunidade universitaria, as que se beneficiaron da iniciativa. Das 330 solicitudes de participación recibidas un 95,8% corresponderon a estudantes, un 2,4% ao PDI e un 1,8% ao PAS, porcentaxes similares ás das adxudicacións.




Distribución das adxudicacións no Programa de préstamo de bicicletas 2012-13




No estudo 2013 sobre os hábitos de transporte que a ODS desenvolve dende o ano 2007 ponse de manifesto que os membros da comunidade universitaria soen ir a pé nos seus desprazamentos cotiás aos campus universitarios. A presenza do automóbil segue a ser elevada, aínda que o uso do autobús e o tren como transporte público está a aumentar lixeiramente en número de usuarios/as.

No estudo analízanse tamén os hábitos de desprazamento dos diferentes colectivos universitarios. Obsérvase como o PDI e o PAS empregan o automóbil como principal medio de transporte, con valores que dobran a porcentaxe de estudantes que fan o mesmo. Pola contra, os estudantes son o colectivo que máis se despraza a pé, en autobús e en bicicleta.

Hábitos de mobilidade na USC: % de uso de medios de transporte (2012-2013)



Distribución modal por colectivos universitarios do uso de medios de transporte (2013)



Outras actividades desenvolvidas no 2013 en relación coa mobilidade sostible comprenden a creación de novos aparcadoiros cubertos para bicicletas, o programa [Comparte Coche](#) e a celebración de efemérides neste eido. Destaca a edición do [mapa peonil](#) de Santiago de Compostela, no que se indican os tempos necesarios para realizar percorridos a pé entre distintos puntos significativos da cidade, a fin de fomentar os desprazamentos peonís na cidade.


7.5. Xestión e avaliación ambiental

No ámbito da [xestión e avaliación ambiental](#), destaca o traballo que dende o ano 2007 realiza a [ODS](#) para avaliar o impacto ambiental das actividades universitarias a través do indicador da pegada ecolóxica, que estima a superficie produtiva necesaria para producir os recursos empregados pola USC e asimilar os seus residuos.

Para o cálculo da pegada ecolóxica é necesario coñecer a capacidade de fixación de CO₂ para o bosque galego. Tomando como referencia o valor 4,33 tCO₂/ha/ano, comprobamos que tras a subida que experimentara a pegada no ano 2011, en 2013 recupérase o valor de 0,22 ha/persoa/ano que se rexistrara en 2010. É de destacar neste sentido a achega do proxecto [USC en transición](#) (do que se falará no apartado sobre Desenvolvemento sostible, que ten entre os seus principais obxectivos a redución da pegada ecolóxica).

Unha análise pormenorizada do cálculo do indicador permite coñecer a contribución dos diferentes ámbitos do impacto ambiental da USC á nosa pegada ecolóxica. En 2013 experimentan unha melloría os ámbitos da mobilidade e do consumo eléctrico, e incrementan o seu impacto os da construción e o consumo de gasóleo.

Evolución da pegada ecolóxica da USC en 2010–2013 e composición en 2013 (ha/persoa/ano)



Empregando como capacidade de absorción de CO₂ da masa forestal galega 4,33 tonCO₂/ha/ano (Herva Iglesias, M. (2011): *Development and integration of environmental evaluation tools for the ecodesign of sustainable processes and products*, Universidade de Santiago de Compostela).

En abril de 2013 a ODS, a través dos bolseiros e bolseiras de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria, instalou nos centros académicos un punto informativo onde se expuxo información sobre a pegada ecolóxica da USC e se ofreceu a posibilidade de calcular individualmente o custo ambiental do propio modo de vida e coñecer cómo reduci-lo.

Cabe destacar tamén que a ODS vén colaborando con distintos centros da USC na realización de avaliacións ambientais mediante a ferramenta AISHE 2.0. En 2013 foi a Escola Técnica Superior de Enxeñería (ETSE) a que decidiu pór en marcha este sistema de avaliación, coa intervención de, ademais de membros deste centro, representantes de asociacións profesionais.

Finalmente, a ODS colabora cos distintos centros e servizos da USC na certificación dos seus sistemas de xestión ambiental. A Estación de Bioloxía Mariña de A Graña acadou a certificación ISO 14001 de xestión ambiental, con data de vixencia de 2 de decembro de 2013.



Desenvolvimento sustentável

8 DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

O ámbito do **desenvolvemento sostible** do noso modelo de responsabilidade social recolle as actuacións desenvolvidas na USC para sensibilizar, formar e implicar á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade en formas de vida máis respectuosas co ambiente e co benestar das comunidades locais e globais, incluíndo así a cooperación ao desenvolvemento noutros países.


A estrutura de implantación do **Plan de Desenvolvemento Sostible** baséase na figura do coordinador ou coordinadora de centro e nos bolseiros/as de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria (SPIU). O coordinador é un membro do PDI ou do PAS, que ten a misión de canalizar a participación dos centros docentes no desenvolvemento das accións vinculadas ao **PDS**. Esta figura é clave para adaptar cada acción do Plan que se pon en marcha á realidade do centro onde se desenvolve, asegurar a divulgación das actuacións emprendidas e liderar novas accións. Cada curso académico, o coordinador ou coordinadora conta co apoio dun ou dunha estudante seu centro docente en calidade de bolseiro/a SPIU que actúa como intermediario entre a Oficina de Desenvolvemento Sostible e o goberno dos centros. Cabe destacar que a rede Universia seleccionou a estrutura de coordinación do **PDS** coma boa práctica no ámbito da gobernanza, para ser amosada na web de participación do III Encontro Internacional de Reitores que terá lugar en xullo de 2014 en Río de Janeiro (Brasil).

8.1. Xeración de coñecemento e educación ambiental e Divulgación, participación e sensibilización. USC en transición

A **ODS** desenvolveu en 2013 numerosas actuacións relacionadas cos eixes de Xeración de coñecemento e educación ambiental, e Divulgación, participación e sensibilización do **PDS**. Dende a **ODS** lévanse a cabo proxectos de investigación desenvolvidos en colaboración con grupos de investigación da USC ou con axentes externos á institución. Tras o impulso que para estas actuacións supuxo o recoñecemento e dotación económica de Campus Vida, o orzamento destinado a financiar proxectos de investigación en materia de sostibilidade viuse reducido nos últimos anos, coincidindo co remate do período de execución de Campus Vida.

En 2013 fíxose un esforzo por integrar e pór en valor as actuacións desenvolvidas por grupos, institutos e centros de investigación, orientadas á formación, divulgación e sensibilización sobre cuestións ambientais. Neste sentido, colaborouse con grupos de investigación (SEPA, Laboratorio de Sistemas, Grupo de Aplicacións Enerxéticas Sostibles, Herbario Sant, Grupo de traballo de Sistemas silvopastorais) e unidades de xestión da USC. Continuouse coa posta en valor do patrimonio natural do campus de Lugo, e a partir do Catálogo de especies leñosas realizado no ano 2012 por especialistas da EPS, parcialmente recollido nunha publicación en forma de roteiro botánico coeditada coa deputación de Lugo, realizouse no 2013, en colaboración co

Herbario SANT, un mapa web para consulta da localización e características de todas as especies do campus. Ademais colaborouse co Museo de Historia Natural na dotación de sistemas de información para os visitantes, e co Xardín Botánico na protección e na dotación de subministro de auga para as futuras instalacións. Tamén, a través dos/as bolseiros/as SPIU, realizáronse actividades de sensibilización ambiental nos centros universitarios, e reuniuse información sobre hábitos de mobilidade e consumo de papel, e sobre o coñecemento do PDS. Neste eido, cabe tamén salientar a colaboración da ODS en dous cursos de verán da USC.



Nestes ámbitos cabe subliñar a relevancia e amplos obxectivos do programa USC en Transición, un proxecto que busca achegar á comunidade universitaria un modo de vida máis sostible, integrando os eixes un e tres do PDS. Nas actividades de USC en Transición participaron numerosas persoas do estudiantado, PDI e PAS, que se achegan xa ao milleiro e que, aos poucos, van rompendo as barreiras que adoitan establecerse entre estes sectores, comprometidos nun proxecto común que busca o empoderamento da comunidade. As actividades difundíronse a través da web de USC en transición, as redes sociais e os medios de comunicación impresos, e desenvolvéronse en distintos centros e localizacións nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo.

No marco deste proxecto, en 2013 realizáronse accións de sensibilización e participación relacionadas coa mobilidade (3 actuacións), enerxías renovables (conmemoración do Día solar europeo e da Hora do Planeta), hortos urbanos (5 actuacións) e alimentación saudable (Mercado ecolóxico e 4 obradoiros) e a recuperación de saberes tradicionais (5 relatorios e obradoiros). Ademais, convocouse un concurso de recuperación de saberes tradicionais, resolvéndose coa entrega de tres premios aos mellores traballos presentados. Este proxecto foi presentado tamén no X Foro internacional sobre a avaliación da calidade da investigación e da educación superior (FECIES), celebrado no mes de xuño en Granada.

Participación da ODS en actividades de educación ambiental formal organizadas pola USC

- Curso básico de formación en voluntariado, en Santiago e Lugo (outubro 2013).
- Curso do programa de titores, na Facultade de Farmacia, en Santiago e na Facultade de ADE, en Lugo (marzo 2013).
- Participación no curso de verán Enerxía, cambio climático e sostibilidade. Comunidades enerxeticamente autosuficientes (xullo 2013).
- Participación no curso de verán O medio ambiente en Galicia. Unha visión multidisciplinaria (xullo 2013).

Actividades de educación ambiental non formal organizadas (directa ou indirectamente) pola ODS

- Seminario sobre horticultura urbana en ecolóxico, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago e na Facultade de Formación do Profesorado, en Lugo (xaneiro 2013).
- Obradoiro formativo teórico-práctico sobre horticultura urbana, en Santiago e Lugo (febreiro 2013).
- Obradoiro de repostería e panadería en ecolóxico, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago e na RU Bal e Gay, en Lugo (febreiro 2013).
- Seminario formativo sobre iniciativas empresariais ecolóxicas, na Facultade de Farmacia, en Santiago e na Facultade de Formación do Profesorado, en Lugo (marzo 2013).
- Celebración da Hora do Planeta (marzo 2013).
- Presentación do programa de hortos urbanos para o alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación, en Santiago (abril 2013).
- Mesas informativas sobre alimentación ecolóxica, na Facultade de Veterinaria e na EPS, en Lugo (abril 2013).
- Reflexións sobre a arquitectura popular en tempos de crise, na Facultade de Ciencias Políticas e Relacións Laborais, en Santiago (abril 2013).
- A vida dos mobles a debate, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago (abril 2013).
- Obradoiro de elaboración de queixos en ecolóxico, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago e na RU Bal e Gay, en Lugo (abril 2013).
- Obradoiros de manualidades e labores, na Biblioteca Concepción Arenal, en Santiago (maio 2013).
- Feira do troco, na Facultade de Veterinaria, en Lugo (maio 2013).
- Xornada de recuperación dos xogos tradicionais e da tradición oral, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago (maio 2013).
- Concurso de recuperación de saberes tradicionais (maio 2013).
- Celebración do Día Solar Europeo (maio 2013).
- Visita á Explotación Agro do Cruceiro (xuño 2013).
- Obradoiro de conservación de sementes, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago e na RU Bal e Gay, en Lugo (setembro 2013).
- Seminario sobre Permacultura, na Facultade de Bioloxía, en Santiago e na Facultade de Formación do Profesorado, en Lugo (outubro 2013).
- Obradoiro de elaboración de queixo en ecolóxico, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago e na RU Bal e Gay, en Lugo (novembro 2013).
- Seminario sobre remedios ecolóxicos, na Facultade de Bioloxía, en Santiago e na Facultade de Formación do Profesorado, en Lugo (decembro 2013).
- Mercado ecolóxico na USC (decembro 2013).

Campus de Santiago

- Seminario sobre horticultura urbana en ecolóxico, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago (xaneiro 2013).
- Obradoiro de repostería e panadería en ecolóxico, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago (febreiro 2013).
- Seminario formativo sobre iniciativas empresariais ecolóxicas, na Facultade de Farmacia, en Santiago (marzo 2013).
- Presentación do programa de hortos urbanos para o alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación, en Santiago (abril 2013).
- Reflexións sobre a arquitectura popular en tempos de crise, na Facultade de Ciencias Políticas e Relacións Laborais, en Santiago (abril 2013).
- A vida dos mobles a debate, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago (abril 2013).
- Obradoiro de elaboración de queixos en ecolóxico, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago (abril 2013).
- Obradoiros de manualidades e labores, na Biblioteca Concepción Arenal, en Santiago (maio 2013).
- Xornada de recuperación dos xogos tradicionais e da tradición oral, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago (maio 2013).
- Concurso de recuperación de saberes tradicionais (maio 2013).
- Obradoiro de conservación de sementes, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago (setembro 2013)
- Seminario sobre Permacultura, na Facultade de Bioloxía, en Santiago (outubro 2013).
- Obradoiro de elaboración de queixo en ecolóxico, no Colexio Maior Fonseca, en Santiagonovembro 2013)
- Seminario sobre remedios ecolóxicos, na Facultade de Bioloxía, en Santiago (decembro 2013).

Campus de Lugo

- Seminario sobre horticultura urbana en ecolóxico na Facultade de Formación do Profesorado, en Lugo (xaneiro 2013).
- Obradoiro de repostería e panadería en ecolóxico na RU Bal e Gay, en Lugo (febreiro 2013).
- Seminario formativo sobre iniciativas empresariais ecolóxicas, na Facultade de Formación do Profesorado, en Lugo (marzo 2013).
- Mesas informativas sobre alimentación ecolóxica, na Facultade de Veterinaria e na EPS, en Lugo (abril 2013).
- Obradoiro de elaboración de queixos en ecolóxico, na RU Bal e Gay, en Lugo (abril 2013).
- Feira do troco, na Facultade de Veterinaria, en Lugo (maio 2013).
- Obradoiro de conservación de sementes, na RU Bal e Gay, en Lugo (setembro 2013)
- Seminario sobre Permacultura, na Facultade de Formación do Profesorado, en Lugo (outubro 2013).
- Obradoiro de elaboración de queixo en ecolóxico, na RU Bal e Gay, en Lugo (novembro 2013)
- Seminario sobre remedios ecolóxicos na Facultade de Formación do Profesorado, en Lugo (decembro 2013).



No programa USC en Transición ten especial relevancia o proxecto de hortos urbanos, que buscar promover a creación de grupos de persoas que se comprometan a xestionar algúns dos hortos existentes ou, de darse as condicións, crear o seu propio horto. A finais de 2013 estaban activos cinco hortos e quince parcelas de xestión individual, repartidos nos dous campus.

Os hortos comunitarios inclúen dúas experiencias de cultivo en contedor, unha na Facultade de Formación do Profesorado, en Lugo, e outra na Residencia Universitaria do Burgo das Nacións, que complementan os hortos en terra.




Este proxecto ten tamén como obxectivo o de ser un espazo onde os coñecementos tradicionais e os académicos teñen cabida conxuntamente. En consonancia, habilitouse un programa formativo paralelo ás actividades propias de xestión dos hortos, aberto a todas aquelas persoas que queiran coñecer un pouco máis sobre a agricultura ecolóxica ou a manipulación dos produtos obtidos (conservas, repostería, etc.) mediante a realización de obradoiros prácticos, abertos á comunidade universitaria, e seminarios teóricos para o público en xeral. O programa formativo do curso 2012-13 rematou cunha visita á explotación Agro do Cruceiro (Coristanco), integrada no

proxecto **Granxa Familiar**, promovido pola USC, que impulsa a agricultura familiar e a preservación da biodiversidade rural.

Na actualidade preto de 150 persoas participan activamente neste proxecto de hortos urbanos, no que a conservación de variedades hortícolas locais é un aspecto relevante deste proxecto, para o cal colaborouse con Grupos de Desenvolvemento Locais (GDR) e coa Misión Biolóxica de Galicia, que facilitaron sementes propias de diversas comarcas galegas. Ademais, procurouse a colaboración con colectivos cidadáns que traballan neste eido (Asociación Galega de Horticultura Urbana, Grupos e Cooperativas de Consumo, produtores en ecolóxico e grupos de decrecemento).

Resumo da actividade do programa USC en Transición (2012–2013)



No desenvolvemento de todas estas actuacións a ODS contou co apoio dos/as bolseiros/as de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria (SPIU), os/as bolseiros/as USC en Transición e os/as bolseiros/as de Aula Verde.


No curso 2012–13 concedéronse 21 bolsas SPIU para o campus de Santiago e 6 para o de Lugo, na que foi a novena edición destas bolsas convocada pola ODS. O obxectivo principal destas bolsas é o desenvolvemento, nos centros docentes da USC, de actividades relacionadas co medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

En relación coas bolsas USC en Transición, a ODS concedeu 9 (6 no campus de Santiago e 3 no de Lugo) para a colaboración no deseño e execución das actividades necesarias para dar a coñecer o programa USC en transición e contribuír ao seu éxito.

En 2013 a ODS fomentou a interacción con grupos de interese externos á USC. Ademais dos xa mencionados no proxecto de hortos urbanos, colaborouse con colectivos ecoloxistas (Federación Ecoloxista Galega), asociacións profesionais (Sociedade Galega de Educación Ambiental, Colexio profesional de Enxeñeiros Químicos e Enxeñeiros informáticos), grupos de consumo, ONGs (Enxeñeiros sen Fronteiras), e asociacións estudiantís (AENDA, ACIDE), entre outros, nomeadamente para a posta en práctica do proxecto USC en transición.

Finalmente, destacamos o esforzo realizado dende a ODS para visibilizar a súa actividade a través dos medios de comunicación e as redes sociais. Ademais do mantemento da súa páxina web (www.usc.es/plands) e da web do programa USC en transición, as actividades realizadas divúlganse a través da publicación de novas no Xornal da USC e na prensa escrita (a nivel local, autonómico e estatal). Ademais, dende o ano 2011 cóntase con dous perfís en *Facebook* e un en *Twitter*, que axudan a achegar estas iniciativas a un maior número de persoas.

Presenza da ODS nos medios (2011–2013)



8.2. Cooperación ao desenvolvemento

A USC conta cunha liña de actuación específica en materia de cooperación ao desenvolvemento que promove a participación en [Programas Internacionais de Cooperación](#) e a creación de programas propios con outras institucións, empresas e axentes sociais.

A USC ocupa unha posición de liderado con 14 proxectos ERASMUS Mundus e cinco proxectos Tempus. A través destes proxectos a USC contribúe á modernización das estruturas e estudos universitarios na América, África e Asia ao tempo que axuda a explorar proxectos de interese neses países e impulsar a proxección exterior da USC.

A concesión de dous novos programas Erasmus Mundus na convocatoria competitiva ordinaria do 2013 converteu á USC na universidade europea que coordina o maior número de programas vixentes. Nesta convocatoria, a USC acadou un proxecto con universidades de Oriente Próximo, PEACE 2, continuación do proxecto concedido o ano 2012, e outro con universidades da India, EUPHRATES. O importe concedido entre os dous programas ascende a 6,7 millóns de euros, cifra que triplica os ingresos por cooperación que obtiña a USC no 2010. A meirande parte deste importe destinarase a bolsas de estudantes de terceiros países que veñan a estudar ás institucións europeas do consorcio de universidades que preparou o programa, sendo sempre a universidade coordinadora (neste caso a USC) a que lidera a atracción de estudantes por esta vía.

Deste xeito, os programas Erasmus Mundus, ademais dun instrumento importante para a proxección da USC no mundo, son unha ferramenta de internacionalización da universidade.

A posición de forza da USC permítelle formar parte do selecto grupo de 13 universidades que terá acceso aos máis de 300 millóns de euros que a UE destinará a actuacións no ámbito da educación universitaria en Siria para 2014, con accións que poden ir dende a formación de doutores ata a instalación de laboratorios ou a organización académica.

Esta mesma posición converte a USC nun dos actores de referencia para todos os instrumentos de financiamento que pon a disposición o novo programa Erasmus+ (2014-2020) para programas de máster e doutoramento conxuntos, para mobilidade de estudantes dende e cara a terceiros países, para proxectos de formación en competencias, alianzas estratéxicas, proxectos Jean Monnet e accións Marie Curie.

En 2013 obtívose tamén un novo proxecto Tempus dirixido a formación de competencias en terceiros países.

Finalmente, neste ámbito da cooperación ao desenvolvemento podemos destacar tamén que, a través do SEPIU, a USC colaborou un ano máis coa Fundación Coopera e con Cooperación Internacional na Olimpíada Solidaria de Estudo, que a finais de 2013 celebrou a súa XI edición, na que se recadaron 25.320 euros (4.644 no campus de Lugo e o resto no de Santiago). Os cartos conseguidos –a razón de 1 euro por 1 hora de estudo– destináronse ao apoio á escola La Saline e ás catro de Mains Ouvertes en Haití que os anos anteriores puideron ser rehabilitadas precisamente co recadado a través deste proxecto solidario.





Análise de resultados no marco
do Plan Estratégico

9 ANÁLISE DE RESULTADOS NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO

Neste apartado pretendemos ofrecer unha visión global do noso desempeño socialmente responsable en 2013, a modo de resumo de todo o explicado nos apartados anteriores desta memoria, e pór en relación as diversas actuacións desenvolvidas nos sete ámbitos do noso modelo de responsabilidade social cos nosos compromisos estratéxicos.


Recordemos que o Plan estratéxico da USC 2011–2020 distingue catro ámbitos estratéxicos e dez liñas estratéxicas:

ÁMBITOS DO PLAN ESTRATÉXICO 2011–2020 DA USC
AE1: PERSOAS
AE2: ACTIVIDADE UNIVERSITARIA
AE3: XESTIÓN INSTITUCIONAL
AE4: RELACIÓN CO CONTORNO

LIÑAS DO PLAN ESTRATÉXICO 2011–2020 DA USC
AE1LE1: Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade
AE1LE2: Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal
AE1LE3: O estudantado: valor presente e futuro
AE2LE1: Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade
AE2LE2: Procura da excelencia na docencia
AE2LE3: Cara a excelencia investigadora
AE3LE1: Unha universidade de recoñecido prestixio internacional
AE3LE2: Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
AE4LE1: Transferencia efectiva de coñecemento
AE4LE2: O compromiso e a implicación coa sociedade

Baixo estas dez liñas, o Plan estratéxico da USC 2011–2020 establece corenta obxectivos estratéxicos que poden relacionarse con cada un dos sete ámbitos da responsabilidade social da USC (tal e como se amosa no Anexo I).

A seguinte figura resume a vinculación dos obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico 2011–2020 e os sete ámbitos do noso modelo de responsabilidade social:



Algúns destes obxectivos vincúlanse en realidade con máis dun ámbito da nosa responsabilidade social. Este é particularmente o caso do obxectivo AE4LE2OE3, ao que se contribúe especialmente dende a Oficina de Desenvolvemento Sostible (ODS) e dende o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), e do obxectivo AE4LE2OE4, que require despregar actuacións tanto na dimensión interna (ámbito de ecoloxía interna) coma na dimensión externa (ámbito de desenvolvemento sostible) da responsabilidade social da USC. De xeito similar, moitas áreas da xestión da USC teñen un carácter marcadamente transversal que transcende as súas respectivas parcelas e apoia a consecución de obxectivos en varios ámbitos, como a xestión da calidade, o esforzo de internacionalización ou o aproveitamento das TIC.

Tendo presente este marco de integración entre o noso modelo de responsabilidade social e os nosos obxectivos estratéxicos, repasamos a continuación o avance no cumprimento do Plan estratéxico da USC 2011–2020 da USC a través das actuacións recollidas nos anteriores apartados desta memoria.

No ano 2013, o segundo de implantación do [Plan estratéxico 2011–2020](#) da USC, a nosa actividade tivo que desenvolverse nun contexto de constantes cambios na regulación que afectaron tanto a autonomía e ao financiamento universitario como ás condicións de traballo das persoas.

Dado o amplo horizonte do [Plan](#), en 2013 centráronse os esforzos naqueles de máis inmediata execución e maior impacto sobre os que consideramos que son, no complicado contexto actual, os tres piares esenciais para o noso desenvolvemento futuro: a mellora da eficiencia operativa da institución, a mellora do atractivo da oferta académica para o potencial alumnado nacional e internacional e a mellora da capacidade de valorización dos resultados de investigación.

Estes tres aspectos (eficiencia, atractivo da oferta académica e valorización de resultados de investigación) resultan claves para o futuro da USC ante a imposibilidade do sector público de achegar recursos suficientes para o sostén financeiro da nosa actividade. Pero non podemos esquecer que é o noso deber pór o noso traballo ao servizo da sociedade, ante a que debemos demostrar a nosa capacidade de xerar bos resultados académicos e de investigación, xestionar de modo responsable eses escasos recursos financeiros que recibimos e contribuír á mellora da contorna social e ambiental.

Ademais, temos tamén un deber tanto ou máis importante para co noso persoal, o de defender os seus dereitos ante as imposicións das Administracións Públicas e o de garantir que contan cos medios axeitados para o desenvolvemento das súas obrigas e que o seu esforzo é valorado e recoñecido.

Como temos mostrado nos anteriores apartados desta memoria, baixo o marco do noso modelo de responsabilidade social temos despregado en 2013 numerosas actuacións a través das cales avanzamos no cumprimento dos nosos obxectivos estratéxicos e dos nosos compromisos para co conxunto da sociedade.


Así, comezando polo eido do **Bo goberno e transparencia**, traballouse en 2013 con especial intensidade no ámbito da Xestión institucional e as liñas estratéxicas 1 e 3 dos ámbitos das Persoas e da Actividade universitaria do [Plan estratéxico](#).

No ámbito da Xestión institucional, destacan en primeiro lugar os esforzos de negociación dun marco de financiamento estable e suficiente coa Xunta de Galicia e de incremento da captación de recursos externos. Froito destes esforzos conseguíuse conter ou minorar a caída nas transferencias recibidas da Comunidade Autónoma e aumentar os recursos obtidos a través de contratos/convenios e en accións institucionais, mentres que se reducen os captados en convocatorias competitivas xa que moitas delas non se desenvolveron.

En segundo lugar, na busca dunha maior eficiencia na xestión debemos salienta os avances na implantación da administración electrónica, a reforma administrativa da xestión académica e a racionalización da xestión de contratos e a revisión das súas condicións económicas. Pese aos esforzos de contención do gasto, particularmente intensos no grupo funcional de asistencia, extensión e promoción da comunidade

universitaria, a caída dos ingresos segue a lastrar o noso resultado orzamentario, pero garantiuse o funcionamento normal da institución sen necesidade de recorrer a nova débeda e mesmo mantendo o ritmo de melloría na relación de endebedamento que se está a rexistrar dende o 2011.

E en terceiro lugar, o noso compromiso co bo goberno e a transparencia levounos a iniciar a mellora dos sistemas de xestión da información e a renovar os esforzos de rendición de contas, do que é mostra esta memoria (co traballo iniciado xa na memoria 2012) e o espazo web [USC Responsable](#). Este traballo enmárcase tamén no cumprimento dos obxectivos AE4LE2OE1 (Reforzar o compromiso da USC coa responsabilidade social) e AE4LE2OE2 (Acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural). Ademais, no ano 2013 acometeuse a mellora da información *on-line* sobre as titulacións e a promoción dos títulos de máster, contribuíndo ao avance no cumprimento do obxectivo AE2LE1OE4 (Mellorar o coñecemento da oferta formativa da USC por parte da sociedade).



No ámbito estratéxico das Persoas, as actuacións relacionadas co bo goberno da USC estiveron orientadas á reestruturación dalgúns servizos (especialmente das unidades de apoio á xestión de centros e departamentos) e a dotación de persoal de apoio en centros singulares de investigación, e no ámbito estratéxico da Actividade universitaria, traballouse na mellora e optimización de recursos na [RIAIDT](#).

Pasando ao ámbito da **Xestión do capital humano** do noso modelo de responsabilidade social, as actuacións desenvolvidas en 2013 encádranse esencialmente, e como é lóxico, no ámbito estratéxico das Persoas. Neste ano avanzouse na negociación dun marco normativo para o persoal contratado con cargo a actividades de I+D e na reorganización das funcións do PAS nalgúns servizos. No tocante á promoción da carreira profesional, foi posible continuar cos procesos de promoción do PAS iniciados en 2010–2011, e avanzouse para desbloquear a situación do PDI cuxa promoción se está vendo afectada pola nova normativa estatal e autonómica. Estes feitos, unidos á necesidade de conter o crecemento do gasto de persoal nun contexto de fortes restricións orzamentarias, levaron a unha leve redución do cadro de persoal en 2013, respectando o compromiso prioritario de evitar os despedimentos.


Resulta especialmente preocupante a situación do persoal contratado con cargo a actividades de I+D e programas de recursos humanos de I+D. A cancelación de convocatorias europeas, estatais e autonómicas e os recortes ao financiamento da I+D teñen provocado unha importante redución deste persoal. Esta situación complica sobre maneira o cumprimento do obxectivo estratéxico AE1LE2OE3 (Crear as condicións que permitan captar e reter o talento, favorecendo o cambio progresivo e renovador do persoal), se ben a USC está a facer un esforzo por paliar os seus efectos mediante a convocatoria de axudas pre e posdoutorais en colaboración coa Consellería de Educación. A USC mantén o seu liderado no ámbito do SUG na captación de investigadores predoutorais tanto neste programa autonómico coma nos programas nacionais FPI/FPU.

As dificultades na estabilización e promoción do persoal están a provocar un progresivo envellecemento do cadro de persoal. Afortunadamente, a presenza da muller segue a manter a evolución positiva cara a paridade no PDI e a súa preeminencia no PAS.

Neste ámbito estratéxico das Persoas tamén se fixo especial fincapé en 2013 na mellora da capacitación do PDI e o PAS a través dos seus respectivos programas de formación. En particular, púxose en marcha un plan de formación para o PAS que se considera estratéxico para a adquisición de capacidades e de novos coñecementos esixidos no novo contexto da educación superior. E, pese as presións orzamentarias, tentouse manter o mesmo nivel de actividade nos diversos programas de apoio ao persoal en materia de beneficios sociais e seguridade e saúde. Así, por unha banda a oferta de prazas da Escola Infantil, as axudas para a escolarización de nenas e nenos (coñecidas como “cheque-bebé”) no campus de Lugo e o desenvolvemento do Verán CampUSC 2013 facilitaron a conciliación da vida laboral e familiar do persoal da USC. Por outra, o Servizo de Prevención de Riscos e o Servizo de Vixilancia da Saúde levaron a cabo numerosas actividades para garantir a súa seguridade e saúde no traballo.


No relativo ás políticas de **igualdade** o fito máis relevante foi a aprobación do **II Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes**.

Evolución do cadro de persoal




Beneficios sociais

Aprobación do II Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes




Seguridade e saúde no posto de traballo (2013)



Movémonos agora ao eido da **Xestión social do coñecemento** do noso modelo de responsabilidade social, no cal en primeiro lugar prestamos atención aos nosos esforzos por ofrecer unha **docencia** de calidade e apoio ao estudantado. As actuacións neste sentido encádranse fundamentalmente no ámbito estratéxico da Actividade universitaria e na liña estratéxica 3 do ámbito das Persoas.

Como recoñecíamos ao inicio deste apartado, a mellora do atractivo da nosa oferta académica é unha das bases prioritarias do desenvolvemento futuro da USC. En 2013 leváronse a cabo diversas actuacións para racionalizar a oferta de títulos de grao e posgrao e de programas de doutoramento, tendo en conta tanto a demanda como a normativa vixente e tentando revertir a caída experimentada polas cifras globais de matrícula no curso 2012-13 e manter o incremento rexistrado nos másteres. Destaca a aprobación da Normativa sobre dobres titulacións e simultaneidade de titulacións oficiais e a implantación de 3 másteres que teñen regulación específica de habilitación profesional (Máster en Enxeñería Agronómica, Máster en Enxeñería de Montes e Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria).



Pero a mellora do atractivo da oferta require, sobre todo, actuar sobre o propio proceso de ensino-aprendizaxe e facilitar a integración e igualdade de oportunidades e a inserción laboral do estudantado. As actuacións desenvolvidas en 2013 baixo o marco do Plan estratéxico orientáronse ao avance no uso das TIC na docencia (baixo o marco do III PETIC e destacando a migración do campus virtual a software libre), á mellora da formación do PDI en relación co uso das TIC e o inglés na docencia e a adaptación ao EEES (cunha oferta específica de cursos do PFID nestas materias) e á mellora das ferramentas de apoio ao proceso de seguimento dos títulos e á implantación dos SGIC dos centros docentes.

Xestión social do coñecemento: Docencia

AE Persoas

AE Actividade universitaria
LE Procura da excelencia na docencia


Mellora do proceso de ensino-aprendizaxe

Traslado do Campus Virtual a Moodle

Mellora da infraestrutura e servizo da BUSC

Mellora das ferramentas de apoio aos SGIC dos centros

Novo servizo reprografía: Campus na Nube



18 programas de doutoramento con mención de excelencia


Apoio académico e económico ao alumnado

Máis de 1,5 millóns de euros destinados a subvencións de prazas no SUR

652 bolsas comedor no SUR por un importe de 738.650 euros

27 estudantes con necesidades especiais aloxados no SUR

Formación en competencias informacionais a 1.816 estudantes de 33 graos



127 cursos de formación a usuarios na BUSC
25 actividades formativas da ODS

Recoñecemento curricular de varias iniciativas de formación transversal


Inserción laboral

1.421 entrevistas de orientación laboral

1.100 entrevistas informativas sobre inserción laboral

35 accións formativas de orientación laboral

Programa Europrácticum VII: 661 solicitudes, 78 bolsas




Resultados académicos 2012-13

7 estudantes de Medicina entre os 100 mellores MIR 2013, e 6 no MIR 2014

2013/2014: 20 estudantes entre os cen mellores PIR e 15 entre os cen mellores FIR

6 premios nacionais fin de carreira do curso 2009-10

35 premios fin de carreira da Xunta do curso 2011-12



Satisfacción media do alumnado coa docencia de 3,9 nos másteres oficiais e 3,7 nos graos e 1º e 2º ciclo (Escala 1 a 5)

Por outra banda, desenvolvéronse actuacións especificamente orientadas ao alumnado, en concreto, á mellora da súa formación transversal (no ámbito das competencias informacionais, os idiomas e os valores sociais, culturais e de educación ambiental), ao mantemento do apoio académico e económico (apoio titorial, bolsas para estudo, aloxamento e transporte e apoio á persoas con necesidades especiais) e á mellora da empregabilidade dos egresados/as mediante os programas de prácticas e as actividades de orientación laboral.

Todas estas actuacións teñen o seu reflexo na mellora da satisfacción do alumnado coa docencia recibida e dos resultados académicos (taxas de éxito e rendemento, resultados nos exames de internos residentes, premios fin de carreira...).

Ademais, a través dos programas **A Ponte** e **ESTALMAT-Galicia** seguiuase a manter un contacto permanente cos centros de ensino medio dando a coñecer a oferta académica da USC e despertando o interese do alumnado por ela. Hai que salientar a celebración do I Campus de Verán Científico-Técnico no campus de Lugo, no que participaron 70 estudantes de bacharelato, e o proxecto **WWW.D3MOBILE.ES**, deseñado e liderado por profesoras/es da EPS de Lugo.

En relación coa **Xestión social do coñecemento a través da investigación e a transferencia**, as actuacións desenvolvidas en 2013 encádranse baixo a liña 3 (Cara a excelencia investigadora) do ámbito estratéxico da Actividade universitaria e a liña 1 (Transferencia efectiva do coñecemento) do ámbito estratéxico da Relación co contorno. Traballouse no avance cara a consecución de todos os obxectivos contemplados nestas liñas, aínda que en relación co obxectivo AE4LE1OE3 (Facilitar e promover a actividade de transferencia en Humanidades e en Ciencias Sociais e Xurídicas) non se puido avanzar pese aos intentos por acadar un consenso respecto da creación dun centro de investigación en Ciencias Sociais e Humanidades.

Como temos mostrado nos anteriores apartados da memoria, a redución do financiamento á I+D, a falta de convocatorias de recursos humanos para I+D, e as maiores esixencias do EEES ao PDI, teñen afectado á porcentaxe de PDI implicado en actividades de investigación, a pesar da boa evolución do PDI doutor e do número de sexenios conseguidos. Doutra banda, a captación de recursos externos para I+D mediante convocatorias competitivas volveu a acusar as reducións no financiamento público á I+D. Deste xeito, a capacidade investigadora da USC estase a ver moi limitada, pero, malia isto, téñense producido importantes avances na actividade de investigación e transferencia da institución, e é de salientar o aumento na captación de recursos pola vía de contratos e convenios.


No marco da liña estratéxica Cara a excelencia investigadora, ademais das actuacións orientadas a aumentar o impacto internacional da investigación desenvolvida na USC, avanzouse de xeito importante na consolidación de **Campus Vida** e da actividade da Escola de Doutoramento Internacional. En 2013 avanzouse na posta en funcionamento do **CEBEGA**, obtívose un contrato Advanced Grant, conseguíronse 26 proxectos dentro do Programa Innterconecta e 5 no marco do Programa Conecta-Peme, puxéronse en marcha tamén as plataformas de I+D **InnoPharma** e **Laser-PET**, consolidouse a

colaboración coa agrupación KICGallaecia e o proxecto de cooperación transnacional TRANSBIO SUDOE e canalizouse a participación da USC na creación do Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI).

Xestión social do coñecemento: Investigación

**AE Actividade universitaria
LE Cara á excelencia na investigación**

Capacidade investigadora



CEI Campus Vida



Consolidación da Escola de Doutoramento Internacional


Obtención dun contrato Advanced Grant

Posta en marcha das plataformas InnoPharma e Laser-PET e do Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial

Construción do CEBEGA e o Aula de Productos Lácteos

Conseguíronse 26 proxectos a desenvolver con empresas de Galicia dentro do Programa Innterconecta e 5 proxectos no marco do Programa Conecta-Peme.

Resultados de investigación




Leiden Ranking 2013
(proporción 10% maior impacto)
Posición 317 mundial
3ª posición en España

Ranking HEEACT 2013
(ranking de Taiwan)
Posición 378 mundial
65ª na materia de Matemáticas

URAP 2013-2014
351ª no ranking mundial
8ª no ranking estatal

O aproveitamento dos CEI e o esforzo do persoal vinculado ás actividades de I+D permitiu que os resultados de investigación non se visen aínda afectados polos recortes, se ben cabe esperar que, de non revertirse a delicada situación que atravesamos o financiamento da I+D, nos vindeiros anos comencen a facerse patentes os efectos sobre a produción científica das universidades.



Na liña estratéxica de Transferencia efectiva do coñecemento, a USC, a través da AVTE, conseguiu impulsar numerosas iniciativas: obtívose financiamento para dous proxectos no Programa de Desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia, asináronse 3 novos acordos de explotación comercial de patentes, licenciouse un software de aplicación no sector

médico, negociáronse acordos de transferencia de coñecemento con dúas novas *spin-off*, e avanzouse na racionalización do proceso de presentación de solicitudes de patentes, con bos resultados tanto na concesión de patentes coma en relación coas licenzas. Ademais, na segunda convocatoria do programa propio **Acelerador de Transferencia** decidiuse dar apoio a 4 proxectos, e obtivéronse os primeiros resultados do programa, destacando as 2 licencias de tecnoloxías derivadas dos proxectos financiados e as 3 novas *spin-off* en proceso de constitución.

Tamén a través da AVTE a USC desenvolveu diversas actuacións de fomento do emprendemento: realizáronse numerosas accións formativas e divulgativas sobre emprendemento, como o programa ARGOS de formación de equipos de emprendedores ou a celebración do *Bio Investors Day* e o *Managing Day*, e impulsouse a creación de varias empresas baseadas en resultados de investigación (2 a través de Empresa-Concepto e unha a través de Woman Emprende).

Finalmente, destacan as accións de divulgación desenvolvidas por numerosos membros, centros e grupos de investigación da USC (programa Conciencia, programa Estalmat, Campus Científicos de Verán, etc.).

No ámbito das **Relacións con organizacións** do noso modelo de responsabilidade social, ademais das fortes relacións de colaboración con entidades de todo tipo construídas en torno a **Campus Vida** e en outros moitos eidos da nosa actividade (convenios de prácticas, acción social, etc.), podemos destacar o traballo do programa **A Ponte**, e os nosos esforzos por mellorar as relacións cos nosos provedores, tanto en termos de condicións de prestación dos servizos como de apoio mutuo nestes tempos difíciles.

Pero o principal foco de atención en 2013 foi a mellora da proxección internacional da USC, segundo os compromisos adquiridos baixo a liña estratéxica 1 (Unha universidade de recoñecido prestixio internacional) do noso **Plan estratéxico**. Potenciouse tanto a mobilidade do persoal (por exemplo mediante o programa específico de formación en inglés no **PFID**, as convocatorias de axudas á mobilidade da USC e o Programa Internacional de Mobilidade para a Formación de Futuros Doutores en India e China) coma a do alumnado (mellorando as probas de competencia lingüística, participando nos diversos programas de mobilidade de estudantes e levando a cabo accións de promoción no exterior para favorecer a captación de alumnado estranxeiro).

Dun xeito máis concreto, promoveuse a captación de alumnado estranxeiro mediante a participación en feiras e pola vía da aprendizaxe do castelán e do galego (para o que en 2013 desenvolvéronse accións de captación activa en Arabia Saudita, Brasil, China, Corea, Indonesia, Thailandia e Xapón), elaborouse unha guía para o estudiantado internacional e a USC posicionouse como a cuarta universidade de España na oferta de prazas para estudantes brasileiros a través do programa Ciencia sen fronteiras para o curso 2014-15. Formalizáronse ademais dúas novas convocatorias do Programa Internacional de Excelencia Investigadora USC-India (PEIN 2012-2013) para as estadias de profesorado estranxeiro na USC, cun total de 54 investigadores recibidos.

Relacións con
organizacións

AE Xestión institucional
LE Unha universidade de recoñecido prestixio

Axudas de mobilidade da USC para participar no programa ERASMUS: 51 docentes e 15 PAS


Campañas de captación curso 2014-15: contacto a 1.350 estudantes potenciais e información a 450

Guía para o estudiantado internacional

Plan específico on-line de formación en inglés no PFID 2012-13 (dirixido a 200 profesores/as)

Programa Internacional de Mobilidade para a Formación de Futuros Doutores en India e China (2012-2013): 54 investigadores realizaron estadias na USC

Mobilidade do estudiantado



Impulso á promoción da USC en China, Corea, Xapón; Brasil e América Latina; Canadá e USA


95 estudantes brasileiros no curso 2012-13 e 40 mexicanos no 2013-14 no Campus de Lugo

Brasil-Programa Ciencia Sen Fronteiras: 12 novos convenios de cooperación. A USC é a 4ª universidade española en prazas ofertadas para o curso 2014-15.

90 estudantes chineses no curso 2012-13 no campus de Santiago

399 estudantes recibidos e 62 enviados mediante convenios bilaterais en 2012-13

Formación en idiomas



No marco do programa Erasmus segue a medrar o número de acordos de intercambio, e de universidades e países con convenio, así como a cifra de alumnado enviado. Aumenta tamén o estudiantado recibido a través de convenios bilaterais. Esta aposta pola internacionalización ten tamén o seu reflexo na matrícula en cursos de idiomas.

Pasando ao ámbito da **Extensión e voluntariado**, este correspóndese con dous obxectivos moi concretos do noso Plan estratéxico: o AE4LE2OE3 (Aumentar a sensibilización e a participación dos membros da comunidade universitaria en proxectos relacionados co voluntariado, a participación social e a cooperación ao

desenvolvemento) e o AE4LE2OE5 (Difundir cara a sociedade a cultura da USC e pór en valor o seu patrimonio histórico, cultural, científico, técnico e natural).

Extensión e voluntariado



AE4LE2OE3LE (Fomento do voluntariado)
AE4LE2OE5 (Fomento da cultura e o deporte)

Voluntariado e participación social



338 voluntarios/as nos diferentes programas
1.197 persoas atendidas (estimación)

Asistencia a maiores, apoio a menores,
persoas con necesidades especiais, minorías
étnicas...

Doazóns de sangue



Actividade cultural



Ciclo "Sonatas para violín e piano de Beethoven; 200 aniversario do nacemento do Dr. Antonio Casares; Soterramento das Cápsulas do Tempo no xardín de Fonseca; Concerto de Nadal (Espazo de Cámara); Espellos no Sahara. Un pobo rompendo as arañeiras do Esquecemento (Ciclo Cine); Proxecto Integra2 (diversidade funcional); Proxecto Xanela (danza e TIC)...

CampUSCulturae

Festival literario "Lugo, unha cidade de conto"

Exposicións "ARTEfactos. Dinamitando prexuízos a través da integración" e "en-clave diversa. Coleccionando mundos de ficción"

Festival de músicas do mundo son[UT]opías I


Actividade deportiva

5.686 usuarios/as de instalacións con carné

5.935 matriculados/as en actividades deportivas e de lecer

402 deportistas federados


28 escolas deportivas



En 2013, como en anos anteriores, dende o SEPIU convocáronse prazas de voluntariado e colaborouse en diversas campañas (como a de doazón de sangue), e actualizouse a normativa para o recoñecemento académico das actividades solidarias, rexistrándose no curso 2012–13 un aumento do número de voluntarios/as que participaron nos diferentes programas e da estimación de persoas asistidas.

Cumprindo coa liña estratéxica de compromiso coa sociedade na creación e difusión da cultura e o deporte, a **Área de Cultura** da USC desenvolveu en 2013 unha ampla e variada programación cultural nos ámbitos da música, do teatro, a danza, as artes visuais e as exposicións, sempre aberta a toda a cidadanía, e ofreceu un amplo abano de cursos, seminarios e obradoiros de formación cultural e os cursos de verán. Consolidouse ademais o proxecto europeo **campUSCulturae** cun bo número de actividades. Pola súa banda, o **Servizo de Deportes** da USC, coa colaboración da **Fundación USC Deportiva**, seguiu a promover a práctica do deporte cunha ampla oferta tamén aberta a toda a cidadanía.

No tocante ao noso compromiso co medio ambiente, os ámbitos da **Ecoloxía interna** e o **Desenvolvemento Sostible** do noso modelo de responsabilidade social están directamente relacionados co obxectivo AE4LE2OE4 (Implicar a toda a comunidade universitaria no compromiso coa conservación e a mellora do ambiente facendo copartícipe deste obxectivo á sociedade) do **Plan estratéxico** da USC.



A ODS continuou cos seus esforzos na **xestión do noso impacto ambiental**, promovendo a eficiencia enerxética, a racionalización do consumo de auga, a minimización e xestión axeitada de residuos e a mobilidade sostible, contribuíndo mediante as actuacións nestas áreas á mellora da pegada ecolóxica da USC. No ámbito da xestión de residuos destaca a promoción da compostaxe de residuos degradables e a reutilización de aceites vexetais. No da mobilidade sostible, desenvolveuse unha nova edición do programa de préstamo de bicicletas e un novo estudo dos hábitos de transporte da comunidade universitaria. Desenvolveuse, ademais, unha campaña informativa sobre a pegada ecolóxica da USC, e colaborouse coa ETSE na implantación dun sistema de avaliación da súa sostibilidade e coa Estación de bioloxía mariña de A Graña na obtención da certificación ISO 14001.

A ODS deulle tamén un gran impulso ao compromiso da USC co **desenvolvemento sostible** a través do programa **USC en Transición**, encamiñado á redución da pegada ecolóxica da USC, a través de proxectos de transición a pequena escala que procuran acadar xeitos de vida máis sostibles e contribuír a crear comunidade.



Leváronse a cabo accións de sensibilización e participación relacionadas coa mobilidade, hortos comunitarios (a finais de 2012 púxose en marcha o Proxecto de hortos urbanos na USC), enerxías renovables, alimentación saudable e recuperación de

saberes tradicionais, nas cales participaron un alto número de persoas do estudiantado, PDI e PAS. As actividades difundíronse a través da web de USC en transición, redes sociais e medios de comunicación impresos. Incrementouse a interacción con grupos de interese externos á USC e con colectivos cidadáns, grupos de consumo, asociacións ecoloxistas, etc. No desenvolvemento de todas estas actuacións a ODS contou co apoio dos/as bolseiros/as de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria (SPIU), os/as bolseiros/as USC en Transición e os/as bolseiros/as de Aula Verde.

En relación coa cooperación ao desenvolvemento, en 2013 conseguíronse dous novos proxectos Erasmus Mundus (un con universidades de Oriente Próximo e outro con universidades de India), que sitúan á USC como a universidade europea que coordina un maior número de programas vixentes, e un proxecto Tempus, e participouse na XI Olimpíada Solidaria de Estudo.



Perspectivas

Cando esta memoria vexa a luz o reitor elixido pola comunidade universitaria o día 25 de abril de 2014 estará a piques de asumir a responsabilidade do goberno da USC para os próximos catro anos. Serán polo tanto o novo reitor e o seu equipo os que teñan que fixar as prioridades e decidir as actuacións a desenvolver no futuro inmediato. Pero o actual contexto económico, social e normativo e a responsabilidade de aproveitar o traballo desenvolvido nos últimos anos fan necesario abordar de xeito ineludible varios aspectos estratéxicos na xestión da institución:

- A implantación do **Campus Terra** no campus de Lugo.
- A reorganización da oferta de títulos e a incorporación de novos modelos de ensino.
- Impulsar a estratexia de internacionalización e promoción exterior da USC.
- O deseño e implantación dun plan estratéxico de responsabilidade social.

En paralelo a estas prioridades estratéxicas, hai dúas cuestións básicas nas que se terán que centrar tamén os esforzos. Por unha banda, haberá que seguir reclamando maior autonomía e un financiamento suficiente que garanta a sostibilidade das universidades e a súa competitividade internacional. E, ao mesmo tempo, a USC terá que xestionar unha delicada situación económico-financeira, esencialmente condicionada polos compromisos da débeda, que se suma aos menores fondos recibidos das administracións estatal e autonómica.

Ademais, a xestión institucional nos vindeiros anos debe seguir xirando en torno ás persoas. É preciso que se nos deixe tomar decisións cruciais sobre o deseño do cadro de persoal e a construción dunha carreira profesional para as nosas traballadoras e os nosos traballadores, así como sobre a posibilidade de ofrecer retribucións e incentivos axeitados aos seus méritos, algo no que os desenvolvementos normativos recentes repercuten de xeito negativo.

Tendo en conta estes condicionantes relativos ao financiamento e ao noso capital humano, realizamos a continuación algunhas consideracións xerais sobre os catro temas estratéxicos considerados prioritarios para o futuro inmediato da xestión da USC.

O **Plan Estratéxico Campus Terra** recolle os compromisos adquiridos para orientar o futuro e converter ao campus de Lugo nun referente en coñecemento sempre vinculado á sostibilidade económica, social e ambiental do uso do territorio, que facilite o seu desenvolvemento futuro e conecte coas novas necesidades de crecemento e progreso a escala rexional, estatal e internacional.

O Plan, elaborado mediante un proceso eminentemente participativo no que se viron representados todos os grupos de interese, marca uns obxectivos claros e ambiciosos

en torno a dous piares básicos, a especialización e a internacionalización, que requirirán o esforzo de todos para o seu cumprimento.

En primeiro lugar, o **Campus Terra** pivota en torno a sete áreas de especialización nas que conta xa con importantes activos, tanto na docencia como na investigación: a ordenación do territorio e a planificación de infraestruturas para a mellora da vida comunitaria; a xestión empresarial e emprendemento sostible; a agricultura e xestión forestal sostible; a relación das persoas cos animais nos ámbitos sanitarios, produtivos e medioambientais; a suficiencia, seguridade e calidade alimentaria; a educación formal e non formal en contexto; e a posta en valor do patrimonio cultural da terra .

En segundo lugar, o **Campus Terra**, en consonancia coas premisas do marco estratéxico da USC, terá que desenvolver nos próximos anos un plan de internacionalización que permita abordar problemas internacionais e transnacionais relacionados coas súas áreas de especialización. O obxectivo será promover o desenvolvemento dun campus aberto ao mundo que contribúa a mellorar a competitividade internacional da institución, fomentando a capacidade de actuar en resposta ás necesidades dunha sociedade global. O financiamento necesario para a implantación de **Campus Terra** requirirá a diversificación das súas fontes cunha aposta clara por maximizar o financiamento procedente do novo marco comunitario 2014–2020. En particular, haberá que centrarse na procura de recursos procedentes tanto dos fondos estruturais (FEDER, FSE, FEADER) como dos de investigación do programa Horizonte 2020, ao tempo que tentarase captar tamén fondos privados procedentes da contorna empresarial e social.

En relación co segundo reto mencionado, nos próximos anos será necesario acometer unha **reorganización profunda da oferta de títulos** de grao, e, sobre todo, de másteres e programas de doutoramento, de acordo coas directrices marcadas pola Comunidade Autónoma, pero insistindo en facer valer a nosa autonomía e manter a nosa esencia. Pois debemos ser conscientes de que a través da formación universitaria é tan necesario proporcionar competencias e capacidades como formar en valores éticos e humanos, sendo esencial manter a achega de títulos de gran traxectoria histórica, especialmente presentes nas universidades de maior tradición e antigüidade como a USC, cuxo patrimonio cultural e humanístico debería ser considerado irrenunciable.

De igual modo, nesta sociedade do coñecemento e a innovación, altamente especializada e tecnolóxica, non debe esquecerse a contribución daqueles títulos de formación básica que, aínda non sendo estritamente profesionalizantes, son imprescindibles para apuntalar o progreso humano e científico en todas as áreas do saber.

Ademais, e recoñecendo que a racionalización da oferta de titulacións debe realizarse desde a autonomía universitaria, debemos admitir que ten que realizarse de forma xenerosa e colaborativa, pensando nas necesidades do noso entorno, promovendo ou aceptando alianzas con outras universidades e asumindo os necesarios sacrificios na procura do ben común. Igualmente, e especialmente no caso do posgrao, a oferta debe ser flexible e dinámica, adaptándose ás necesidades coxunturais e aos tempos e

ritmos que marque o desenvolvemento económico e social, tendo ademais presente que a propia Universidade é o motor dese desenvolvemento e impulsa moitos dos cambios que experimenta a nosa sociedade co paso do tempo.

Finalmente, a reorganización da oferta docente debe ter tamén en conta o uso das novas tecnoloxías, unha ferramenta esencial para darlle sentido á conectividade dunha sociedade global, a cuxas necesidades non se pode dar resposta coa estrutura da educación tradicional. Será, polo tanto, necesario avanzar na exploración das potencialidades dos novos modelos de ensino, en particular dos cursos *on-line* masivos e abertos, que abren ás portas da nosa actividade docente a distintos lugares do mundo, sendo especialmente interesante chegar ao territorio de fala hispánica.

Outras das liñas de actuación para os futuros anos pasa por intensificar a labor de **internacionalización e proxección exterior**, orientada á transformación da USC nunha universidade de carácter global que poda ser considerada como opción real para estudantes, docentes, investigadores/as e xestores de todo o mundo. Haberá que avanzar no deseño dun plan estratéxico de internacionalización centrado especialmente na docencia e a investigación, as relacións exteriores e a cooperación.

En relación coa internacionalización da docencia, os esforzos deberán dirixirse sobre todo en mellorar o atractivo das titulacións, especialmente do posgrao e o doutoramento, mediante a oferta de materias en inglés, a flexibilización das opcións curriculares e a oferta de itinerarios transversais. En canto á promoción da internacionalización da actividade investigadora e da súa difusión, debe continuarse o camiño emprendido pola vía da captación de proxectos de investigación internacionais, a difusión dos resultados en órganos de alcance internacional e potenciando a Escola de Doutoramento Internacional.

No tocante ás relacións internacionais, a USC ten que seguir a buscar acordos estratéxicos de colaboración con universidades estranxeiras que permitan o intercambio e a transferencia de coñecemento, así como definir unha rede de asociacións estratéxicas con universidades de prestixio cuidadosamente seleccionadas, que haberán de traducirse co tempo no establecemento dunha cooperación máis intensiva, con titulacións conxuntas, colaboración en doutoramento, intercambio científico, proxectos de investigación conxuntos, etc.

E no tocante á cooperación, será necesario reforzar a unidade de cooperación universitaria para manter a posición de liderado da USC nestes programas, en particular no Erasmus Mundus. Cabe destacar que nestes últimos anos tamén se incrementou a participación noutros programas de cooperación europeos (EuropaAid, ACP e Tempus) e que no 2014 a USC ten iniciado a participación como socio na solicitude (aínda sen resolver) de 9 proxectos Erasmus Mundus, sendo coordinadora en 2 deles, así como na de 6 proxectos Erasmus+Key Action2 e nunha proposta de proxecto Europeaid.

Como última liña de actuación de futuro a destacar, a USC debe aproveitar o avanzado no seu compromiso coa responsabilidade social para artellar en torno a ela un novo

modelo de xestión integrada da institución, mediante un **Plan de responsabilidade social** no que se definan políticas, procedementos, sistemas e indicadores de avaliación que haberán de ter en conta tanto a mellora da calidade, a eficacia e a eficiencia, como a contribución positiva á sociedade.

Nestes últimos anos traballouse para tratar de instrumentar a responsabilidade social da USC como unha ferramenta útil para xestionar os impactos das nosas actividades na sociedade, en especial no noso contorno máis próximo, e as relacións cos nosos grupos de interese, entre os que se contan os distintos colectivos universitarios.

Aos avances nas diversas políticas de responsabilidade social da USC (especialmente no ámbito da seguridade e saúde, do desenvolvemento sostible e a igualdade) súmanse as melloras no sistema de rendición de contas, en particular nas memorias de responsabilidade social tentando mellorar a súa eficacia informativa e recuperando a periodicidade anual na súa publicación (nos últimos catro anos publicáronse as memorias do período 2008–2009, o período 2010–2011, o exercicio 2012 e esta última correspondente ao exercicio 2013).

En paralelo, no ano 2012 creouse a web [USC Responsable](#), co fin de dar visibilidade permanente ao noso compromiso coa responsabilidade social e contribuír a alixeirar o contido dos informes anuais de responsabilidade social. Tamén, no afán de implicar á comunidade universitaria e á sociedade no noso empeño socialmente responsable, creáronse neste espazo web dúas seccións participativas ([Todos facemos unha USC Responsable](#) e [A túa opinión conta](#)), e fixéronse esforzos por acercarnos ao Consello Social e á Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC como entes que nos conectan coa sociedade.

Hoxe en día no ámbito español e incluso internacional se recoñece á USC como un referente en materia de responsabilidade social e desenvolvemento sostible. Pero, a pesares de todos estes esforzos e melloras, percibimos que a nosa comunidade universitaria non se encontra realmente implicada no deseño e implantación das iniciativas relacionadas coa responsabilidade social.

En boa medida, a causa desta escasa implicación da comunidade universitaria no noso compromiso socialmente responsable reside na ausencia dunha integración estratéxica clara. Por iso, consideramos importante deseñar e implantar un Plan de responsabilidade social que sirva, primeiro, para sensibilizar e informar á comunidade universitaria sobre os avances da nosa universidade nesta materia e sobre o que aínda queda por facer e, segundo, para tratar de que todos os colectivos universitarios se impliquen e fagan seus os valores da responsabilidade social en todas as súas dimensións, despregándoos tamén nos plans estratéxicos dos centros docentes e dos departamentos que haberá que facer nos próximos anos.

Para a elaboración do plan, en primeiro lugar será preciso acadar a implicación da comunidade universitaria e levar a cabo un diagnóstico da situación de partida, para logo identificar as áreas de mellora e deseñar e implantar proxectos de responsabilidade social que contribúan ao cumprimento da nosa misión de servizo a

sociedade, sempre coa más ampla participación dos membros da comunidade universitaria e doutros actores externos pertinentes.

Finalmente, será preciso seguir avanzando na mellora da eficacia informativa da memoria de responsabilidade social, que debe ser a nosa principal ferramenta de rendición de contas á sociedade e un reflexo da integración estratéxica da responsabilidade social na xestión da USC. A elaboración dun plan estratéxico de responsabilidade social podería, ademais, correr en paralelo a un proceso de aseguramento que aumente a credibilidade da memoria de responsabilidade social, algo cada vez máis valorado polos grupos de interese.

ANEXO: ENCAXE DOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PLAN ESTRATÉXICO 2011-2020 DA USC NOS SETE ÁMBITOS DO MODELO DE RESPONSABILIDADE SOCIAL DA USC

BO GOBERNO E TRANSPARENCIA

AE1LE1OE3: Definir e implantar unha estrutura de apoio que garanta o desenvolvemento das actividades de docencia e transferencia de coñecemento e investigación, creando os mecanismos que permitan a reconversión dos servizos tradicionais.

AE1LE3OE3: Potenciar a orientación dos servizos académicos cara a mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe.

AE2LE1OE4: Mellorar o coñecemento da oferta formativa da USC por parte da sociedade.

AE2LE3OE4: Optimizar a utilización dos servizos de apoio á investigación

AE3LE2OE1: Mellorar a transparencia

AE3LE2OE2: Incrementar o financiamento

AE3LE2OE3: Optimizar o uso dos recursos, establecendo un sistema de información e xestión integral

AE3LE2OE4: Adaptar a estrutura organizativa de xestión e de servizos á realidade da USC.

AE3LE2OE5: Consegur unha maior articulación entre os campus de Santiago e Lugo.

AE4LE2OE1: Reforzar o compromiso da USC coa responsabilidade social.

AE4LE2OE2: Acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural.

XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO

AE1LE1OE1: Definir e implantar un modelo de xestión de recursos humanos máis flexible e diverso que, en base a un deseño do cadro de persoal nas áreas de docencia, investigación e administración, supoña un aproveitamento equilibrado dos recursos e das potencialidades.

AE1LE1OE2: Incorporar perfís polivalentes, capaces de acompañar á Universidade no proceso de internacionalización, excelencia e calidade

AE1LE2OE1: Establecer un modelo de carreira profesional e promoción do PDI e do PAS que recoñeza as diversas capacidades e potencialidades para dar resposta ás necesidades da Universidade.

AE1LE2OE2: Prover ao persoal de formación e habilidades en eidos diversos que lle permita avanzar na súa carreira profesional, desenvolver o seu talento e mellorar as oportunidades de promoción, ao tempo que atende ás necesidades da Universidade.

AE1LE2OE3: Crear as condicións que permitan captar e reter o talento, favorecendo o cambio progresivo e renovador do persoal.

AE2LE2OE3: Valorar e recoñecer a calidade da actividade docente do profesorado.

ECOLOXÍA INTERNA

AE4LE2OE4: Implicar a toda a comunidade universitaria no compromiso coa conservación e a mellora do medio ambiente facendo copartícipe deste obxectivo á sociedade

XESTIÓN SOCIAL DO COÑECIMENTO

AE1LE3OE1: Incrementar o talento na USC a través da atracción de alumnas/os con altas capacidades, aproveitando para iso a boa imaxe de marca da USC.

AE1LE3OE2: Contribuír á formación integral do estudantado transformando os servizos non académicos converténdoo en ferramentas de apoio.

AE1LE3OE4: Mellorar a empregabilidade dos egresados e profesionais formados na Universidade.

AE2LE1OE1: Optimizar a oferta de títulos de grao para axustala á realidade actual e ás necesidades emerxentes

AE2LE1OE2: Conformar unha oferta de posgrao especializada e competitiva respecto ao contorno universitario, nacional e internacional, incrementando o prestixio social dos estudos de posgrao.

AE2LE1OE3: Ampliación da oferta formativa para o recoñecemento de competencias transversais en todos os estudos de grao da USC.

AE2LE2OE1: Xeneralizar o uso do novo modelo de ensino–aprendizaxe derivado da adaptación ao EEES.

AE2LE2OE2: Reforzar a interacción entre a docencia e a investigación.

AE2LE3OE1: Mellorar a posición internacional da USC no eido da investigación.

AE2LE3OE2: Potenciar o desenvolvemento dos Campus de Excelencia Internacional nos que participa a USC e sacar proveito do seu impacto cara a proxección internacional da Universidade.

AE2LE3OE3: Incrementar a porcentaxe de PDI activo en investigación.

AE4LE1OE1: Incrementar o compromiso da USC coa transferencia de coñecemento cara ao seu contorno, non só para contribuír ao seu desenvolvemento socio–económico, mais tamén como fórmula de progreso social.

AE4LE1OE2: Dar un novo pulo á innovación e transferencia de coñecemento aproveitando a experiencia nos ámbitos disciplinares con actividade recoñecida neste eido e propondo novos modelos axeitados para outros ámbitos.

AE4LE1OE3: Facilitar e promover a actividade de transferencia en Humanidades e en Ciencias Sociais e Xurídicas.

AE4LE1OE4: Facilitar o desenvolvemento de procesos de maduración dos resultados de investigación para facelos máis aplicables e, deste xeito, lograr a súa transferencia efectiva.

AE4LE1OE5: Fomentar a cultura emprendedora a través da docencia e da investigación entre toda a comunidade universitaria, e en especial, entre as/os investigadoras/es en formación e o estudantado.

EXTENSIÓN E VOLUNTARIADO

AE4LE2OE3: Aumentar a sensibilización e a participación dos membros da comunidade universitaria en proxectos relacionados co voluntariado, a participación social e a cooperación ao desenvolvemento.

AE4LE2OE5: Difundir cara a sociedade a cultura da USC e pór en valor o seu patrimonio histórico, cultural, científico, técnico e natural.

RELACIÓNS CON ORGANIZACIÓNS

AE3LE1OE1: Avanzar no proceso de internacionalización da universidade na docencia, investigación e xestión.

AE3LE1OE2: Incrementar as relacións con universidades estranxeiras, servindo de ponte entre a Unión Europea e Latinoamérica e aproveitando as novas oportunidades en Estados Unidos, Canadá e países de economía emerxente.

AE3LE1OE3: Internacionalización da colaboración coas empresas tanto con fins docentes coma de investigación, transferencia e emprendemento

AE2LE3OE5: Conseguir a participación doutras institucións na xestión dos centros de investigación.

DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

AE4LE2OE3: Aumentar a sensibilización e a participación dos membros da comunidade universitaria en proxectos relacionados co voluntariado, a participación social e a cooperación ao desenvolvemento.

AE4LE2OE4: Implicar a toda a comunidade universitaria no compromiso coa conservación e a mellora do medio ambiente facendo copartícipe deste obxectivo á sociedade.

ÍNDICADORES GRI-G3		PÁXINAS DA MEMORIA WEB USC RESPONSABLE
1 ESTRATEXIA E ANÁLISE		
1.1	Declaración do máximo responsable da organización.	1-2
1.2	Descrición dos principais impactos, riscos e oportunidades relacionados coa sustentabilidade.	9-15 Dimensións da responsabilidade social da USC
2 PERFIL DA ORGANIZACIÓN		
2.1	Nome da organización.	Portada A USC
2.2	Principais marcas, produtos e servizos.	*(1)
2.3	Estrutura operativa da organización.	21-25 Estrutura de goberno Estrutura organizativa
2.4	Localización da sede principal da organización.	23 A USC
2.5	Países nos que opera a organización e desenvolve actividades significativas.	23, 114-122 Relacións exteriores
2.6	Natureza da propiedade e forma xurídica	A USC
2.7	Mercados servidos (desglose xeográfico, sectores que abastece e tipos de clientes).	23, 114-122 A USC Relacións exteriores
2.8	Dimensións da organización informante.	21-25 Estrutura de goberno Estrutura organizativa USC en Cifras
2.9	Cambios significativos durante o período cuberto pola memoria (tamaño, estrutura, propiedade da organización).	21-25
2.10	Premios e distincións recibidos durante o período informativo.	Premios recibidos
3 PARÁMETROS DA MEMORIA		
Perfil da memoria		
3.1	Período cuberto pola información contida na memoria.	5-6
3.2	Data da memoria anterior máis recente.	5-6
3.3	Ciclo de presentación de memorias (anual, bienal, etc.).	5-6
3.4	Punto de contacto para cuestións relativas á memoria ou o seu contido	6 A túa opinión conta
Alcance e cobertura da memoria		
3.5	Proceso de definición do contido da memoria.	5-6
3.6	Cobertura da memoria (países, filiais, instalacións arrendadas, etc.).	5-6
3.7	Existencia de limitacións do alcance ou cobertura da memoria.	5-6
3.8	Bases para incluír información no caso de negocios conxuntos, filiais, etc. que poidan afectar significativamente á comparabilidade entre períodos e entre organizacións.	5-6
3.9	Técnicas de medición de datos para a elaboración de indicadores. Motivos polos que se decidiu non aplicar os Protocolos de indicadores do GRI, ou discrepancias cos mesmos.	5-6, 191-199
3.10	Descrición do efecto da reformulación da información pertencente a memorias anteriores.	5-6

3.11	Cambios significativos respecto de períodos anteriores sobre o alcance, a cobertura ou os métodos de valoración aplicados na memoria.	5-6
Índice do contido GRI		
3.12	Táboa coa localización dos contidos básicos da memoria.	Índice memoria 191-199
Verificación		
3.13	Política e prácticas sobre a verificación externa da memoria. Relación entre a organización informante e o verificador.	*(2)
4	GOBERNO, COMPROMISOS E PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE	
Goberno		
4.1	Estrutura de goberno da organización.	22 Estrutura de goberno
4.2	Indicar se o presidente do máximo órgano de goberno ocupa tamén un cargo executivo e a súa función dentro da dirección da organización.	n.a.
4.3	Número de membros do máximo órgano de goberno que sexan independentes ou non executivos.	n.a.
4.4	Mecanismos dos accionistas e empregados para comunicar recomendacións ou indicacións ao máximo órgano de goberno.	Estrutura de goberno
4.5	Vínculo entre a retribución dos membros do máximo órgano de goberno, altos directivos e executivos e o desempeño da organización (incluído o desempeño social e ambiental).	n.a.
4.6	Procedementos implantados para evitar conflitos de interese no máximo órgano de goberno.	Estrutura de goberno
4.7	Procedemento de determinación da capacitación e experiencia esixible aos membros do máximo órgano de goberno para poder guiar a estratexia da organización nos aspectos sociais, ambientais e económicos.	Estrutura de goberno
4.8	Declaracións de misión, valores, códigos de conduta e principios relevantes para o desempeño económico, ambiental e social da organización.	9-10 Principios da xestión socialmente responsable na USC Integración estratéxica da responsabilidade social
4.9	Procedemento do máximo órgano de goberno para supervisar a identificación e xestión do desempeño económico, ambiental e social da organización. Cumprimento dos estándares acordados a nivel internacional, códigos de conduta e principios.	Estrutura de goberno
4.10	Procedementos para avaliar o desempeño propio do máximo órgano de goberno, en especial con respecto ao desempeño económico, ambiental e social.	Estrutura de goberno
Compromisos coas iniciativas externas		
4.11	Aplicación do principio ou enfoque de precaución establecido nos Principios de Río.	*(3)
4.12	Principios ou programas sociais, ambientais e económicos desenvolvidos externamente, así como calquera outra iniciativa que a organización subscriba ou aprobe.	Premios, pactos, iniciativas e redes
4.13	Principais asociacións ás que pertence a organización e grao de implicación.	Premios, pactos, iniciativas e redes
Participación dos grupos de interese		
4.14	Relación dos grupos de interese da organización.	Os nosos grupos de interese

4.15	Procedementos para a identificación e selección dos grupos de interese da organización.	Os nosos grupos de interese
4.16	Enfoques adoptados para a inclusión dos grupos de interese e frecuencia de participación.	Os nosos grupos de interese Bo goberno e transparencia
4.17	Principais preocupacións e aspectos de interese xurdidos da participación dos grupos de interese e a forma na que respondeu a organización aos mesmos na elaboración da memoria.	*(4)
DIMENSIÓN ECONÓMICA		
Enfoque de xestión económico-financeira		34 Xestión económica
Desempeño económico		
P	EC1 Valor económico directo xerado e distribuído, ingresos e custos de explotación, retribución a empregados, doazóns, beneficios non distribuídos, pagos a provedores e a gobernos.	11, 34-41 Xestión económica
P	EC2 Consecuencias financeiras, outros riscos e oportunidades para as actividades da organización debidos ao cambio climático.	141, 145-147, seguintes Ecoloxía interna Desenvolvemento sostible
P	EC3 Cobertura das obrigacións da organización debidas a programas de beneficios sociais.	34-41 Xestión económica
P	EC4 Axudas financeiras significativas recibidas de gobernos.	34-41 Xestión económica
Presenza no mercado		
A	EC5 Rango das relacións entre o salario inicial estándar e o salario mínimo local en lugares onde se desenvolvan operacións significativas.	Persoal
P	EC6 Política, prácticas e proporción de gasto correspondente a provedores locais en lugares onde se desenvolvan operacións significativas.	*(5)
P	EC7 Procedementos para a contratación local e proporción de altos directivos procedentes da comunidade local en lugares onde se desenvolvan operacións significativas.	122-124 Relación cos nosos provedores
Impactos económicos indirectos		
A	EC8 Desenvolvemento e impacto dos investimentos en infraestruturas e os servizos prestados principalmente para o beneficio público.	11, 65-109, 129-137 Xestión social do coñecemento Extensión e voluntariado
P	EC9 Descrición dos impactos económicos indirectos significativos.	11, 122-124 Relacións con organizacións
DIMENSIÓN AMBIENTAL		
Enfoque de xestión ambiental		141 Ecoloxía interna
Materiais		
P	EN1 Materiais utilizados por peso ou volume.	*(6)
P	EN2 Porcentaxe dos materiais utilizados que son materiais valorizados.	141, 143 Ecoloxía interna
Enerxía		
P	EN3 Consumo directo de enerxía desglosado por fontes primarias.	141-143 Xestión enerxética
P	EN4 Consumo indirecto de enerxía desglosado por fontes primarias.	141-143 Xestión enerxética
A	EN5 Aforro de enerxía debido á conservación e ás melloras na eficiencia.	141-143 Xestión enerxética

A	EN6 Iniciativas para proporcionar produtos e servizos eficientes no consumo da enerxía.	151-158 Desenvolvemento sostible
A	EN7 Iniciativas para reducir o consumo indirecto de enerxía e as reducións logradas coas devanditas iniciativas.	141-148, 151-158 Xestión enerxética Desenvolvemento sostible
Auga		
P	EN8 Captación total de auga por fontes.	143 Xestión da auga
A	EN9 Fontes de auga que foron afectadas significativamente pola captación de auga.	n.a.
A	EN10 Porcentaxe e volume total de auga reciclada e reutilizada.	n.a.
Biodiversidade		
P	EN11 Descrición de terreos adxacentes ou situados dentro de espazos naturais protexidos ou de áreas de alta biodiversidade non protexidas.	n.a.
P	EN12 Impactos máis significativos na biodiversidade en espazos naturais protexidos ou en áreas de alta biodiversidade non protexidas.	n.a.
A	EN13 Hábitats protexidos ou restaurados.	n.a.
A	EN14 Estratexias implantadas e planificadas para a xestión de impactos sobre a biodiversidade.	n.a.
A	EN15 Número de especies en perigo de extinción (incluídas en Lista Vermella da iUCn e en listaxes nacionais) cuxos hábitats se atopen en áreas afectadas polas operacións da organización.	n.a.
Emisións, verteduras e residuos		
P	EN16 Emisións totais, directas e indirectas, de gases de efecto invernadoiro, en peso.	142-143 Xestión enerxética
P	EN17 Outras emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro, en peso.	Xestión enerxética
A	EN18 Iniciativas para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e as reducións logradas.	141-148, 151-158 Xestión enerxética Desenvolvemento sostible
P	EN19 Emisións de sustancias redutoras da capa de ozono, en peso.	n.a.
P	EN20 No, So e outras emisións significativas ao aire por tipo e peso.	*(7)
P	EN21 Vertedura de augas residuais, segundo natureza e destino.	n.a.
P	EN22 Peso total de residuos xestionados, segundo tipo e xestión do tratamento.	144-145 Xestión de residuos
P	EN23 Número total e volume dos derrames accidentais máis significativos.	*(8)
A	EN24 Peso dos residuos perigosos transportados ou tratados (Convenio de Basilea).	144 Xestión de residuos
A	EN25 Recursos hídricos e hábitats relacionados, afectados significativamente por verteduras de auga e augas de escorrentía da organización.	n.a.
Produtos e servizos		
P	EN26 Iniciativas para mitigar os impactos ambientais dos produtos e servizos, e grao de redución do impacto.	141-148, 151-158 Ecoloxía interna Desenvolvemento sostible
P	EN27 Porcentaxe de produtos vendidos e as súas embalaxes recuperadas ao final da súa vida útil.	n.a.

Cumprimento normativo		
P	EN28 Custo das multas significativas e número de sancións non monetarias por incumprimento da normativa ambiental.	* (9)
Transporte		
A	EN29 Impactos ambientais do transporte de produtos e outros bens e materiais utilizados, así como do transporte do persoal.	145-147 Mobilidade sostible
Xeral		
A	EN30 Desglose por tipo do total de gastos e investimentos ambientais.	* (10)
DIMENSIÓN SOCIAL		
Enfoque de xestión das prácticas laborais		45-47 Xestión do capital humano
Emprego		
P	LA1 Desglose do colectivo de traballadores por tipo de emprego, contrato e rexión.	47-52 Persoal *(11)
P	LA2 Número total de empregados e rotación media, desglosado por grupo de idade, sexo e rexión.	47-52 Persoal *(12)
A	LA3 Beneficios sociais para os empregados con xornada completa, que non se ofrecen aos empregados temporais ou de media xornada.	52-61 Xestión do capital humano
Relacións empresa/traballadores		
P	LA4 Porcentaxe de empregados incluídos en convenio colectivo.	Bo goberno e transparencia
P	LA5 Período mínimo de preaviso relativo a cambios organizativos.	n.a.
Saúde e seguridade no traballo		
A	LA6 Porcentaxe de empregados representados en comités de seguridade e saúde.	Bo goberno e transparencia Seguridade e saúde
P	LA7 Taxas de absentismo, enfermidades profesionais, días perdidos e número de vítimas mortais.	60 Seguridade e saúde *(13)
P	LA8 Programas de educación, formación, asesoramento, prevención e control de riscos que se apliquen aos traballadores, ás súas familias ou aos membros da comunidade en relación con enfermidades graves.	58-61 Seguridade e saúde
A	LA9 Asuntos de saúde e seguridade cubertos en acordos formais con sindicatos.	58-61 Seguridade e saúde
Formación e educación		
P	LA10 Media de horas de formación ao ano por empregado, desglosado por categoría de empregado.	52-53 Formación *(14)
A	LA11 Programas de xestión de habilidades e de formación continua que fomenten a empregabilidade e o desenvolvemento das carreiras profesionais dos empregados.	52-53 Formación
A	LA12 Porcentaxe de empregados que reciben avaliacións regulares do desempeño e de desenvolvemento profesional.	* (15)
Diversidade e igualdade de oportunidades		
P	LA13 Composición dos órganos de goberno corporativo e cadro de persoal, desglosado por sexo, grupo de idade, pertenza a minorías e outros indicadores de diversidade.	53-55 Igualdade *(16)

		53-55 Igualdade Selección e promoción, compensación e beneficios sociais
P	LA14 Relación entre o salario base dos homes con respecto ao das mulleres, desglosado por categoría profesional.	
Enfoque de xestión dos dereitos humanos		151
Prácticas de investimento e abastecemento		
P	HR1 Porcentaxe e número total de investimentos que inclúan cláusulas de dereitos humanos ou que sexan obxecto de análise.	n.a.
P	HR2 Porcentaxe dos principais distribuidores e contratistas que foron obxecto de análise en materia de dereitos humanos, e medidas adoptadas como consecuencia.	n.a.
A	HR3 Horas de formación e porcentaxe de empregados formados en materia de dereitos humanos.	*(17)
Non discriminación		
P	HR4 Número total de incidentes de discriminación e medidas adoptadas.	Igualdade
Liberdade de asociación e convenios colectivos		
P	HR5 Actividades da compañía nas que o dereito á liberdade de asociación e de acollerse a convenios colectivos poida correr importantes riscos, e medidas adoptadas para contribuír á súa eliminación.	Bo goberno e transparencia
Explotación infantil		
P	HR6 Actividades con risco de explotación infantil, e medidas adoptadas para contribuír á súa eliminación.	n.a.
Traballos forzosos		
P	HR7 Operacións con risco de traballo forzoso ou non consentido e medidas adoptadas para contribuír á súa eliminación.	n.a.
Prácticas de seguridade		
A	HR8 Porcentaxe do persoal de seguridade formado en materia de dereitos humanos.	*(18)
Dereitos dos indíxenas		
A	HR9 Número de incidentes relacionados coa violación dos dereitos dos indíxenas e medidas adoptadas.	n.a.
Enfoque de xestión das relacións coa sociedade		129 Extensión e voluntariado Relacións con organizacións
Comunidade		
P	SO1 Xestión dos impactos sobre as comunidades afectadas pola actividade.	122-124, 129-137, 157-158 Extensión e voluntariado Relacións con organizacións
Corrupción		
P	SO2 Porcentaxe e número total de unidades de negocio analizadas con respecto a riscos relacionados coa corrupción.	*(19)
P	SO3 Porcentaxe de empregados formados nas políticas e procedementos anticorrupción da organización.	*(20)
P	SO4 Medidas tomadas en resposta a incidentes de corrupción.	*(21)

Política pública		
P	SO5 Posición nas políticas públicas e actividades de lobbying.	n.a.
A	SO6 Valor total das achegas financeiras e en especie a partidos políticos ou a institucións relacionadas, por países. Comportamento de competencia desleal	n.a.
A	SO7 Número total de accións por causas relacionadas coas prácticas monopolísticas e contra a libre competencia, e os seus resultados.	n.a.
Cumprimento normativo		
P	SO8 Valor monetario de sancións, multas e número total de sancións non monetarias derivadas do incumprimento das leis e regulacións.	*(22)
Enfoque de xestión das responsabilidades do produto		65 Xestión social do coñecemento
Saúde e seguridade do cliente		
P	PR1 Fases do ciclo de vida dos produtos e servizos, nos que se avalían os impactos na saúde e seguridade do cliente, e porcentaxe de produtos e servizos suxeitos a tales procedementos de avaliación.	n.a.
A	PR2 Número total de incidentes derivados do incumprimento da regulación legal ou dos códigos voluntarios relativos aos impactos dos produtos e servizos na saúde.	*(23)
Etiquetaxe de produtos e servizos		
P	PR3 Información sobre os produtos e servizos requiridos segundo a normativa.	*(24)
A	PR4 Número total de incumprimentos da regulación e dos códigos voluntarios relativos á información e á etiquetaxe dos produtos e servizos.	*(25)
A	PR5 Prácticas con respecto á satisfacción do cliente, incluíndo os resultados dos estudos de satisfacción.	32, 73-80 Calidade dos servizos Calidade da docencia
Comunicacións de mercadotecnia		
P	PR6 Programas de cumprimento das leis ou adhesión a estándares e códigos voluntarios mencionados nas comunicacións de mercadotecnia.	*(26)
A	PR7 Número de incidentes por incumprimento das normativas sobre mercadotecnia e publicidade.	*(27)
Privacidade do cliente		
A	PR8 Número de reclamacións con respecto á privacidade e fuga de datos persoais de clientes.	*(28)
Cumprimento normativo		
P	PR9 Custo das multas por incumprimento da normativa relacionada coa subministración e uso dos produtos e servizos da organización.	*(29)

P: indicador principal A: indicador adicional n.a.: non aplicable.

Aclaración sobre indicadores

*(1) Os servizos prestados pola USC son os propios dunha institución de ensino superior.

*(2) A memoria non foi sometida a verificación externa.

*(3) Non se produciu ningunha situación de perigo de dano grave ou irreversible ao medio ambiente que necesítase da aplicación do Principio de Río.

- * (4) Non se estableceu un proceso de consulta formal cos grupos de interese para a realización da memoria.
- * (5) A maioría dos provedores teñen sede en España e acódesse a provedores locais sempre que sexa posible, tendo en conta que a maior parte das compras realízanse por concurso público.
- * (6) A compra de materiais está descentralizada por departamentos. non se estableceu un protocolo de recollida da devandita información.
- * (7) As emisións de No e So non son significativas dentro da actividade da USC.
- * (8) Non se produciron derrames significativos de augas nin doutros líquidos.
- * (9) Durante o período cuberto pola memoria, a USC non foi obxecto de ningunha multa ou sanción relacionada co incumprimento da normativa ambiental.
- * (10) Non se desglosan os gastos e investimentos ambientais.
- * (11) Non se desglosa por rexión.
- * (12) Datos de rotación media non dispoñibles.
- * (13) Datos de taxas de absentismo non dispoñibles.
- * (14) Infórmase das actividades formativas e persoal asistente. Non se dispón de datos sobre a media de horas de formación ao ano por empregado.
- * (15) Non se realizan avaliacións regulares do desempeño para o PAS. en relación co PDI, cada curso académico o alumnado avalía a súa satisfacción coa docencia recibida. A avaliación da investigación do PDI mídese polos sexenios concedidos. Cada ano, a nivel departamental, realízanse avaliacións da produción científica.
- * (16) Non se informa da pertenza a minorías. A composición do equipo de goberno non se desglosa por grupos de idade nin pertenza a minorías.
- * (17) Non se imparte formación específica para o persoal en dereitos humanos dado que non existe risco de incumprimento no ámbito de actuación da USC.
- * (18) Non se imparte formación específica en dereitos humanos.
- * (19) Non se ten evidencia de incidentes de prácticas corruptas.
- * (20) Non se imparte formación específica nesta materia.
- * (21) Non se ten evidencia de incidentes de prácticas corruptas.
- * (22) A USC non foi obxecto de sancións ou multas significativas.
- * (23) Non se detectaron casos de incumprimento da regulación legal.
- * (24) Os estudantes e egresados dispoñen de información completa accesible na web institucional da USC.
- * (25) Non se rexistraron casos de incumprimento da normativa referente á información dos servizos.
- * (26) A USC cumpre a normativa vixente sobre comunicacións de marketing.
- * (27) Non se rexistraron casos de incumprimento.
- * (28) Non se recibiu reclamación algunha. A USC garante a privacidade dos datos de carácter persoal dos membros da comunidade e aplica estritamente a Lei orgánica de Protección de datos de Carácter Persoal.
- * (29) Non se rexistraron casos de incumprimento.

Indicadores non aplicables

4.2., 4.3. Ao tratarse dunha institución de educación superior non é aplicable o concepto de presidente executivo nin o de conselleiro independente.

4.5. O réxime retributivo das autoridades académicas está establecido pola lexislación; polo tanto, non se establece retribución variable a efectos deste indicador.

EN6. Debido á natureza da actividade non cabe adoptar iniciativas para proporcionar produtos e servizos con baixo consumo de enerxía.

EN9. Só utilízase auga da rede de abastecemento urbano. non hai ningunha fonte afectada significativamente polas nosas captacións.

EN10. A auga consumida é de uso sanitario polo que non se reutiliza nin recicla.

EN11. As instalacións da USC non se atopan en terreos protexidos nin adxacentes aos mesmos.

EN12, EN13, EN14. Dada a natureza da actividade da USC, non se producen impactos significativos na biodiversidade.

EN15. A actividade da USC non afecta a ningún hábitat destas características.

EN19. A USC non realiza actividades susceptibles de emitir sustancias reductoras da capa de ozono.

EN21. As augas residuais xeradas na USC son augas residuais urbanas, que son vertidas á rede de saneamento pública de Santiago e Lugo, seguindo os tratamentos de depuración existentes nas EDAR de ambos os concellos.

EN25. Unicamente xéranse augas residuais urbanas recollidas pola rede de saneamento pública e non se producen verteduras directas aos recursos hídricos.

EN27. Dada a natureza da actividade, a USC non opera con volumes significativos de produtos físicos nin embalaxes.

HR1, HR2. Todos os investimentos e compras realízanse en españa, onde o marco xurídico garante a protección dos dereitos humanos, polo que non é necesario incluír unha cláusula concreta neste sentido.

HR6, HR7. En españa, onde opera a USC, a normativa laboral recolle as recomendacións da organización internacional do traballo, nas que se mostra un total rexeitamento ao traballo infantil e ao traballo forzado.

HR9. No ámbito xeográfico no que actúa a USC non hai comunidades indíxenas.

SO5. As relacións entre a USC e as Administracións baséanse no comportamento ético e o respecto á legalidade, polo que non realiza actividades de lobbying.

SO6. A USC non realiza achegas nin doazóns a partidos políticos ou a institucións relacionadas.

SO7. Como institución educativa pública, a USC non leva a cabo prácticas monopolísticas nin contrarias á libre competencia.

